

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 1

SESION ORDINARIA DO 25 DE XANEIRO DE 2010

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Veloso Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martiño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota

NON ASISTE:

González Sagarra, Javier Pablo

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e once minutos do día vintecinco de xaneiro do ano dous mil dez, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnense os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA

conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste o Sr. González Sagarra. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar los asuntos da orde do día.

1.- (1).- ACTA ANTERIOR. (S. 28.09.09)

(Está ausente o concelleiro Sr. González Sagarra do Grupo Popular)

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a acta correspondente a sesión ordinaria do Pleno da Corporación que tivo lugar o día 28 de setembro de 2010.

2.- (2).- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE VIAIS, TRAMO FINAL DO CAMIÑO PAZ PARDO R-3. EXPTE. 18594/240.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 1 de decembro, o xefe de Patrimonio, coa conformidade do concelleiro delegado e máis da xefa de Réxime Interior e da Secretaria Xeral do Pleno, informa do que segue:

“1.- Da. Dolores Riveiro Fernández presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 09-03-2009 solicitando a descatalogación do tramo do Camiño Paz Pardo R3 na parroquia de Lavadores, nuns 50 metros lineais, que discorre pola súa propiedade, achegando ao efecto coa solicitude diversa documentación.

2.- Na instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

S. Ordinaria 25.01.10

- Informe do arquitecto municipal da Oficina Técnica da Unidade de Patrimonio, de data 20-04-2009.
- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia de Urbanismo de data 27.10.2009.

3.- Así mesmo, outorgouse trámite de audiencia á AAVV Cultural e Deportiva de Lavadores e aos propietarios de parcelas lindeiras, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se puideran ver afectados pola solicitude de descatalogación presentada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, formulando alegacións soamente D^a M^a Consuelo Méndez Lago o 31.07.2009.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O Ramal 3 do Camiño Paz Pardo, obxecto da presente reclamación, figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles-viais, folla cartográfica nº 19-29.

2.- O Inventario Municipal de bens e dereitos é un rexistro administrativo, que se ben, por si mesmo non proba, crea, nin constitúe dereito ningún a prol da Administración (neste senso o art. 33.4 da LPAP sinala, en relación á Administración Xeral do Estado que, o Inventario non ten a consideración de rexistro público e os datos nel reflectidos non xorden efectos fronte a terceiros nin poden ser empregados para facer valer dereitos fronte á propia Administración), sen embargo constitúe unha ferramenta básica de información e na xestión interna do patrimonio das administracións públicas, así como para o exercicio das facultades que o ordenamento xurídico recoñece ás AAPP respecto ao seu patrimonio.

A inclusión de bens e dereitos en dito rexistro municipal, tal e como dispón a normativa patrimonial de aplicación, acadarase en función daquela documentación en virtude da cal se atribúa a súa titularidade ao Concello, e conseguintemente referente os datos reflectidos no inventario. Dita documentación deba archivar de xeito separado do resto da documentación administrativa e o seu lugar de arquivo constará consignado no propio inventario (art. 30 do RBEL).

Para o correcto cumprimento de ditos fins, requírese dunha constante actualización e revisión dos seus rexistros, adecuándoos realidade resultante da propia actuación administrativa, de tal xeito que os seus datos sexan reflexo da realidade patrimonial da Administración, prevéndose regulamentariamente unha rectificación anual, e a súa comprobación cada vez que aconteza a renovación da Corporación (art.33 RBEL).

3.- Son elementos indiciarios da titularidade municipal dun camiño, entre outros, o feito de ser soporte de servizos públicos, que o mantemento do mesmo corra a cargo do Concello e o seu uso público.

Neste senso, a teor do informado polos servizos municipais, pódese sinalar que dito camiño, no tramo obxecto de solicitude de descatalogación, é un camiño de terra sen ningún tipo de servizo urbanístico, non afectado polas aliñacións do PXOM vixente, nin aparece reflectido nese tramo no catastro actual ou na cartografía do voo LECAR do ano 1964, e sen que se poda constatar o seu uso público, xa que no trámite de audiencia evacuado á Asociación de veciños da zona e propiedades

lindeiras, non foron formuladas alegacións agás pola propiedade correspondente a M^a Consuelo Méndez Lago quen manifesta tratarse dun camiño de servidume de paso para outros terreos, de carácter privado.

Conseguentemente, pódese considerar que o tramo final do ramal 3 do camiño de Paz Pardo, nunha lonxitude dos últimos 50 metros obxecto do presente expediente, se ben figura como vía pública no Inventario municipal de bens e dereitos do ano 1993, discorre polo interior dunha finca particular pechada con portalón, non apreciándose a concorrencia de circunstancias das que se poda deducir a aparencia do uso público e posesión municipal do devandito tramo, presentándose no presente caso a necesidade de proceder á rectificación do inventario de viais, actualizando os seus datos e planimetría coa finalidade de axustar dito rexistro á realidade patrimonial do Concello resultante do expediente tramitado, e sen que, en modo ningún, supoña un recoñecemento da propiedade ou titularidade dominical do camiño a prol do reclamante, cuestión esta cuxa resolución compete á xurisdición ordinaria.

4.- Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL)."

Polo anteriormente exposto, o xefe de Patrimonio emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de xaneiro de 2010, ditamina favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente o concelleiro Sr. González Sagarra do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos, anulando a inscrición como vía pública, no epígrafe I Inmobbles-Vías, do tramo final do Ramal 3 do camiño Paz Pardo, nunha lonxitude de 50 metros ó percorrer por finca privada.

Segundo.- Someter o expediente a información pública durante o prazo dun mes aos efectos de resolver eventuais reclamacións.

Terceiro.- O presente acordo quedará automaticamente aprobado como definitivo, se transcorrido o prazo anterior non se presentara ningunha reclamación ou alegación, o que se acreditará mediante a correspondente certificación que a este efecto se expida polo Rexistro Xeral.

3.- (3).- DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN INVENTARIAL NA RÚA DA CRUZ R-2, PREVIA Á VÍA XURISDICCIONAL. EXPTE. 18735/240.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 27 de novembro, o xefe de Patrimonio, coa conformidade do concelleiro delegado e máis da xefa de Réxime Interior, informa do que segue:

“1.- D.Manuel Gato González presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 16,09,2009 solicitando a baixa no Inventario Municipal de bens e dereitos como vial público do camiño grafiado na rúa Cruz á altura do nº 52, ó ser unha finca da súa propiedade, herdanza de D. Manuel González Vila.

2.- Na instrución do expediente consta informe do alcalde Pedáneo da Entidade Local Menor de Bembrive de data 7 de outubro 2009 e do arquitecto municipal de patrimonio do 8 de outubro do 2009.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto da presente reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles, como ben de dominio público afecto ó uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

2.- Natureza xurídica de ben de dominio público do camiño na rúa Cruz. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que unha lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

3.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das administracións públicas atópase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo aprobouse definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación seguiu o procedemento establecido no artigo 49 LBRM para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicábeis non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992 ; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno. No entanto, é de salientar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tras o acordo plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe ós actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

4.- Respecto a cuestión da rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público ou, en caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario, dándoo de baixa dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdición civil. Neste senso, a controversia céntrase na configuración ou non dese camiño como público en virtude da súa afectación ó uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo, o que cabe concluír que concorre no presente caso tendo en conta que se trata dun camiño que se atopa aberto ó uso público, delimitado por peches das fincas lindeiras ó que dan fronte e reflectido como tal camiño tanto no cartografía catastral como na das vías públicas municipais, resultando axeitada conseguintemente a súa inclusión no Inventario municipal, sen que o feito alegado pola ELM de Bembrive de que nun tempo pretérito formara parte da propiedade dos antepasados do solicitante sexa incompatible co seu destino na actualidade ó uso público.

Se temos en conta que o ordenamento xurídico reconece ás corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LBRM; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL) podemos concluír que non procede a rectificación inventarial solicitada posto que *prima facie* parece que a rúa da Cruz R-2. é de titularidade municipal e as administracións públicas teñen a obriga de protexer e defender os seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte as demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LBRM; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

5.- Natureza xurídica da presente reclamación. A reclamación en vía administrativa, segundo dispón o artigo 120.1 LRJAP, é requisito previo ó exercicio de

accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera administración pública, salvo nos supostos nos que este requisito estea exceptuado por unha disposición con rango de lei. No caso que nos ocupa, dado que se trata dunha cuestión de propiedade e a declaración da existencia de dereitos, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, é competencia dos tribunais do orde xurisdiccional civil, resulta procedente a interposición de reclamación administrativa previa, carácter que cabe predicar da presente reclamación aínda que o interesado non a denomine formalmente deste xeito, en virtude do anti-formalismo que preside a regulación dos procedementos administrativos na Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común, por analoxía co disposto no artigo 110 LRJAP respecto dos recursos administrativos.

6.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa. Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL)."

Polo anteriormente exposto, o xefe de Patrimonio emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de xaneiro de 2010, ditamina favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente o concelleiro Sr. González Sagarra do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por D. Manuel Gato González mediante escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 16.09.2009 ó non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a rectificación inventarial solicitada respecto da rúa da Cruz R-2 recollido no epígrafe I de bens inmobles do Inventario municipal de bens e dereitos.

4.- (4).- DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN INVENTARIAL NO CAMIÑO DE PAZOS R-1, PREVIA Á VÍA XURISDICCIONAL. EXPTE. 18650/240.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 27 de novembro, o xefe de Patrimonio, coa conformidade do concelleiro delegado e máis da xefa de Réxime Interior informa do

S. Ordinaria 25.01.10

que segue:

“1.- D^a Rosa Piñeiro Pintos presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 08,05,2009 solicitando a descatalogación do camiño dos Pazos R1, que figura no Inventario Municipal de bens e dereitos como vial público, o consideralo de titularidade privada pertencente as parcelas lindeiras.

2.- Na instrución do expediente emitíuse informe polo arquitecto municipal de Patrimonio en data 23 de xullo do 2009 no que sinala:

- a) Identifícase co R-1 do camiño dous Pazos (parroquia de Matamá), se ben na cartografía do inventario figura cunha lonxitude de 200 metros e nas fichas de características cunha lonxitude de 150 metros con final no acceso ao terreo particular núm. 3. A súa anchura actual é duns 3 metros e figura nas fichas con 2,10 metros.
- b) Dispón de servizo de alumeado público e abastecemento de augas.
- c) Está afectado polas aliñacións do Plan Xeral nos 60 ml do seu inicio dende o camiño de Pazos.
- d) Remata actualmente en camiños de servizo de pequena entidade.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto da presente reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles, como ben de dominio público afecto ao uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

2.- Natureza xurídica de ben de dominio público do Camiño dos Pazos R-1. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que unha lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

3.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas atópase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo foi aprobado

definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación seguiu-se o procedemento establecido no artigo 49 LBRRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicábeis non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno. No entanto, é de salientar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tralo acordo plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e condutividade que o noso ordenamento xurídico atribúe aos actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

4.- Respecto á cuestión da rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión, en atención ó seu uso público ou, en caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario dándoo de baixa dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdición civil. Neste senso, a controversia centrase na configuración ou non dese camiño como público en virtude da súa afectación ó uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo, podéndose deducir, no presente caso, do informado polo arquitecto municipal o uso público do camiño de referencia que consta con servizos públicos instalados, resultando así mesmo afectado polas aliñacións do plan xeral de ordenación vixente, concorrendo con isto o suposto de feito contemplado no acordo plenario de data 30.11.94, segundo o cal todos os expedientes de rectificación do Inventario municipal deberán levar unha cláusula xeral no sentido de que as rectificacións se farán menos naquelas porcións de terreo que o plan xeral recolla como viario.

Se temos en conta que o ordenamento xurídico recoñece ás corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LRBRL; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL) podemos concluír que non procede a rectificación inventarial solicitada posto que *prima facie* parece que o camiño dos Pazos R-1 é de propiedade municipal e as administracións públicas teñen a obriga de protexer e defender os seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte as demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

5.- Natureza xurídica da presente reclamación. A reclamación en vía administrativa, segundo dispón o artigo 120.1 LRJAP, é requisito previo ó exercicio de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera Administración

Pública, salvo nos supostos nos que este requisito estea exceptuado por unha disposición con rango de lei. No caso que nos ocupa, dado que se trata dunha cuestión de propiedade e a declaración da existencia de dereitos, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, é competencia dos tribunais do orde xurisdiccional civil, resulta procedente a interposición de reclamación administrativa previa, carácter que cabe predicar da presente reclamación aínda que o interesado non a denomine formalmente deste xeito, en virtude do anti-formalismo que preside a regulación dos procedementos administrativos na Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común, por analoxía co disposto no artigo 110 LRJAP respecto dos recursos administrativos.

6.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa. Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL).”

Polo anteriormente exposto, o xefe de Patrimonio emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de xaneiro de 2010, ditamina favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente o concelleiro Sr. González Sagarra do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada D^a Rosa Piñeiro Pintos mediante escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 08.05.2009 ó non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a rectificación inventarial solicitada respecto do camiño dos Pazos R-1 recollido no epígrafe I de bens inmobles do Inventario municipal de bens e dereitos.

5.- (5).- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL. EXPTE. 10600/332.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 14 de xaneiro de 2010, o xefe do Servizo de Educación, coa conformidade da concelleira delegada e máis da Secretaria Xeral do Pleno, informa do que segue:

S. Ordinaria 25.01.10

“Aprobado inicialmente o Regulamento Orgánico de organización e funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV, expte 10600/332) por acordo plenario do Concello de Vigo, en xuntanza ordinaria do 26 de outubro de 2009, e publicado este acordo no Boletín Oficial de Pontevedra (BOP nº 234) do xoves 3 de decembro de 2009, procedeuse a abrir un período de información pública de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións, que rematou en data 13 de xaneiro dos correntes.

Durante este período presentáronse por diversos colectivos e entidades suxestións e reclamacións a este documento.

Os escritos de suxestións ou reclamación presentados foron enviados á asistencia técnica que fora encargada dos labores de redacción do Regulamento, para que expresasen as súas consideracións.

Vistos os escritos presentados pola Confederación Galega de Persoas con Discapacidade(COGAMI), Federación Veciñal “Eduardo Chao”, Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (FOANPAs)e Grupo Municipal do Partido Popular de suxestións ou reclamacións;

Visto o informe relativo a estes escritos emitido polo redactor do Regulamento, Diego Estévez García (EOSA Consultores).

Establecido coa concelleira delegada de Educación o alcance e posibilidades de modificación naqueles aspectos que son xuridicamente viables dos suxeridos nos distintos escritos, redáctase o presente informe para dar resposta a cada unha das suxestións e reclamacións presentadas, de xeito individualizado, co obxecto de servir de base para a resolución subseguinte:

A continuación preséntanse, segundo a entidade alegante, os fundamentos xurídicos, de ser o caso, para a aceptación ou rexeitamento das emendas presentadas.

I. COGAMI (Nº doc. 100002983, do 12.01.2010 de rexistro de entrada)

En relación coa proposta da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), sinalar que o número de compoñentes do chamado “sector social” no artigo 6 do Regulamento en cuestión, vén determinado polo artigo 31 do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia, os Consellos Escolares Territoriais e Municipais, en desenvolvemento da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia.

Concretamente este Decreto 44/1988, establece que os membros elixidos pola Corporación municipal serán dez (10), de acordo co establecido no artigo 16.1. b) da Lei 3/1986, do 18 de decembro.

Neste sentido, non pode ser admitida a reclamación de COGAMI de aumentar a once (11) membros elixidos por acordo do Pleno do Concello.

Sen embargo, analizado o interese para as finalidades xerais do Consello de poder

contar cunha representación específica de colectivos vinculados coa problemática da discapacidade, é criterio da concelleira delegada efectuar unha modificación na composición do “sector social” que dea cabida a esta representación sen que se resinta esencialmente a súa finalidade e equilibrio. Esta modificación viría dada por substituír a representación prevista no proxecto dos Movementos de Renovación Pedagóxica (MRP), por un membro que represente os intereses e opinión do colectivo de persoas discapacitadas. Entende que a perda de representación neste “sector” dos MRP queda compensada pola importante presenza de profesorado en activo no sector docente, reforzándose tamén con esta incorporación a presenza da sociedade no propio Consello.

En consecuencia, seguindo instrucións da concelleira delegada, propónse, verbo da alegación presentada por COGAMI, a seguinte resolución:

“Dar unha nova redacción ao artigo 6.3.IV do proxecto de Regulamento, substituíndo integramente o texto do proxecto polo seguinte: “Un representante das asociacións de persoas con discapacidade, a proposta da Federación máis representativas deste ámbito en Galicia”.

FEDERACIÓN VECIÑAL “EDUARDO CHAO” (Nº doc. 90180355, rexistro entrada do 14.12.09)

A citada Federación solicita que se atendan as seguintes emendas:

- A) Substituír a mención ao regulamento do 26 de marzo de 1992 pola mención ao regulamento aprobado o 31 de marzo de 2006 (BOP do 28 de abril de 2006).

Neste sentido sinalar que o regulamento do 31 de marzo de 2006 (BOP do 28 de abril de 2006) foi aprobado inicialmente e non definitivamente, xa que, trala presentación de diversas suxestións, non se adoptou o acordo de aprobación definitiva.

Así, o regulamento actualmente en vigor no Concello de Vigo é o aprobado o 26 de marzo de 1992. Por este motivo, non cabe a referencia ao Regulamento do 31 de marzo de 2006.

- B) Suprimir a mención específica ao CEMV no artigo 39.

O Consello Escolar Municipal constitúese como un órgano municipal de carácter sectorial cuxo fin é a participación democrática de todos os sectores afectados na xestión educativa, erixíndose así como un órgano consultivo da Administración municipal.

É importante neste momento facer unha clara diferenciación do Consello Escolar Municipal cos consellos sectoriais, xa que aínda que estes últimos se configuran como órganos de participación sectorial en relación cos ámbitos de actuación pública municipal, que pola súa natureza o permitan, os consellos escolares municipais son órganos específicos que se crean por mandato da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia. Así, a normativa que regula estes órganos de participación no ámbito educativo establece unha composición determinada, distinta da establecida nos artigos 37 e seguintes do Regulamento orgánico de participación cidadá do Concello de Vigo. Polo tanto, a pesar de que as funcións son coincidentes

en canto á participación, información, consulta, seguimento e proposta á xestión municipal, a normativa reguladora duns e outros órganos é diferente, e polo tanto non procede assimilar a natureza destes órganos de participación cidadá

Neste senso, o CEMV ven definido pola Lei 3/1986, do 18 de decembro, dos Consellos Escolares de Galicia (artigo 15.2), que esixe a súa creación. Por este motivo, non goza da mesma natureza xurídica que os Consellos Sectoriais regulados nos artigos 130 e 131 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais.

É por este motivo que o CEMV precisa dunha mención específica no Regulamento de participación cidadá do Concello de Vigo.

Así, non procede atender esta suxestión de suprimir a mención específica do CEMV.

- C) Modificar o artigo 6.1 VII pola seguinte redacción: “Un representante da Federación de Asociacións de Veciños Eduardo Chao”:

As normas xurídicas nacen coa intención de perpetuarse no tempo e sempre teñen que gozar dun carácter xenérico, aínda que traten de solventar problemas concretos.

Neste sentido, a mención no Regulamento dunha asociación concreta podería vulnerar os dereitos participativos doutras asociacións, que nun momento histórico determinado puideran acadar maior representación que a Federación de Asociacións de Veciños Eduardo Chao. É por isto que, a pesar de que actualmente é probable que dita asociación sexa a máis representativa, non parece razoable blindar esta situación de cara ao futuro, xa que de darse esta situación, sería necesario acudir a unha modificación do Regulamento, cos inconvenientes que isto supón.

En consecuencia propónse a seguinte Resolución:

“Non aceptar as emendas presentadas pola Federación Veciñal “Eduardo Chao”

- II. FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS (FOANPAS) (Nº doc. 90189289 do 31.12.09 rexistro de entrada)

As emendas presentadas pola FOANPAS son as seguintes:

- A) Proponse engadir no apartado b) do punto 1, artigo 2 do Capítulo I, referente á finalidade do CEMV, o inciso “e a normalización da lingua galega na comunidade educativa”.

Con respecto a esta alegación, dicir que se trata dunha opción de oportunidade máis que de legalidade, polo que non existe obstáculo xurídico para a inclusión deste inciso.

- B) Proponse engadir no apartado f), punto 1, artigo 5 do capítulo II, o inciso “e sen influencia dos entes non educativos”.

Con respecto a esta alegación, dicir que se trata dunha opción de oportunidade máis que de legalidade, polo que o único pronunciamento que se pode realizar é o de que

non existe obstáculo xurídico para a inclusión deste inciso. Sen embargo, seguindo instrucións da Concelleira de Educación, enténdese que tal inciso non aclara nin aporta contido substancial ao texto do Regulamento e debe ser rexeitada a suxestión.

- C) Proponse modificar os puntos b), c) e d) do apartado 2, punto b), apartado 1, artigo 6 (composición) referente ao número de representantes do sector de usuarios do sistema educativo en varios sentidos:
- a) Engadir con respecto ás federacións de asociacións de nais e pais de alumnos, tanto de centros públicos como privados, o inciso “e rexistrados no Rexistro de Asociacións do Concello de Vigo”.
Actualmente este inciso está cuberto pola frase “e estean legalmente constituídos” polo que non se considera precisa esta modificación.
 - b) Substituír a proporcionalidade de tres nais/pais do ensino público, máis tres nais/pais do ensino privado, por catro e dous respectivamente.
O Decreto 44/1988 soamente esixe que sexan seis pais de alumnos e, inda que estamos ante unha cuestión de oportunidade non rebatible dende un punto de vista xurídico, neste sentido cabe recordar que durante o proceso de elaboración do Regulamento, optouse finalmente por fixar unha representación proporcional en función do número de centros e por este motivo non procede atender esta suxestión.
 - c) Substituír a proporcionalidade catro alumnos elixidos polos representantes dos alumnos nos consellos escolares dos centros do municipio, por tres dos centros públicos e un dos centros privados.
O Decreto 44/1988 soamente esixe que sexan catro alumnos e, inda que estamos ante unha cuestión de oportunidade non rebatible dende un punto de vista xurídico, neste sentido cabe recordar que durante o proceso de elaboración do Regulamento, optouse finalmente por fixar unha representación proporcional en función do número de centros e por este motivo non procede atender esta suxestión.
- D) Proponse a supresión da representante do Consello Municipal da Muller por considerarse unha imposición de xénero.

Con respecto a esta alegación sinalar que o Concello de Vigo ten plena liberdade para fixar a composición dos dez membros elixidos pola Corporación municipal, sen máis límites que o establecido no artigo 16.1.b) da Lei 3/1986, de Consellos Escolares de Galicia, que establece que este terzo de representantes estará formado por directores, representantes dos sindicatos, asociacións de empresarios, movementos de renovación pedagóxica, titulares de centros privados e concertados, especialistas en temas educativos e asociacións de veciños, a teor do disposto pola Corporación Municipal, sen que esta enumeración teña un carácter taxativo, como se derivou da entrevista mantida co técnico do Consello Escolar de Galicia.

- E) Proponse modificar o sistema de elección do Vicepresidente/a do CEMV, eliminando a restrición de que sexa elixido de entre os conselleiros do sector social.

A xustificación desta restrición basease en que a Vicepresidencia constitúe un cargo de confianza da Presidencia, e polo tanto a persoa titular deste cargo debería de

pertencer ao sector dos conselleiros que son nomeados polo Concello de Vigo e por este motivo non procede atender esta suxestión.

F) Por último solicítase a modificación do artigo 17.7 para posibilitar o voto por correo.

Este aspecto foi debatido na fase de elaboración do Regulamento, estimándose que non había garantías suficientes para a realización do voto por correo. Así mesmo, considerábase importante que os conselleiros acudisen ás xuntanzas do CEMV e por este motivo non procede atender esta suxestión.

Neste sentido, seguindo instrucións da Concelleira delegada de Educación, propónse adoptar a seguinte Resolución:

“Aceptar parcialmente as suxestións expresadas pola FOANPAS no sentido de engadir no apartado b) do punto 1, artigo 2 do Capítulo I, referente á finalidade do CEMV, o inciso “e a normalización da lingua galega na comunidade educativa”.

III. GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (Nº doc. 90189075 do 30.12.09 de rexistro de entrada)

As alegacións presentadas son:

A) Engadir no artigo 1.2 o inciso “non universitario” :

Se ben é certo que tanto a Lei 3/1986 (artigo 15), como o Decreto 44/1988 (artigo 26), mencionan o inciso “non universitario”, sinalar que na xuntanza mantida co asesor técnico do Consello Escolar de Galicia, se nos aconsellou a non inclusión deste inciso, co obxecto de que o CEMV poida, aínda que tanxencialmente, buscar solucións ou colaborar na procura das mesmas nos ámbitos non estritamente “non universitarios”, posto que a educación non é un compartimento estanco dividido en ciclos, senón que é un acontecemento continuo na vida dunha persoa.

Se ben non existen atrancos xurídicos na inclusión deste inciso, enténdese que a redacción actual é a máis conveniente para a maior eficacia e proxección social do Consello Escolar Municipal, polo que debe ser rexeitada a alegación neste aspecto.

B) Propónse engadir no apartado 2.d do artigo 6 o inciso “...dos centros públicos, concertados e privados existentes”.

Non existen atrancos xurídicos para realizar esta matización, se ben parece obvio que a redacción proposta polos alegantes é prescindible, pois a totalidade contida na frase “dos centros existentes no municipio” contén, obviamente as súas partes constitutivas con independencia do réxime de xestión e propiedade. Neste sentido non procede a admisión desta proposta.

C) Propónse engadir un novo conselleiro, engadindo un novo número X para dar entrada a un representante dos concertados ou privados de ensinanza artística.

Compre indicar que non é posible aumentar o número de conselleiros neste sector posto que o artigo 31 do Decreto 44/1988, establece o número de dez co obxecto de respectar a proporcionalidade dos tres terzos.

Para engadir un membro sería necesario eliminar previamente outro e non se considera -agás a excepción indicada na alegación de COGAMI- oportuno rebaixar a representatividade social acadada coa distribución que consta no proxecto. Neste sentido non procede a admisión desta proposta.

- D) Proponse engadir o inciso “por maioría dos membros” no artigo 17.3 posto que non se considera claro como adopta os acordos a Comisión Permanente.

O artigo 18 do Regulamento establece o réxime de xuntanzas da Comisión Permanente, establecendo no apartado 1 que este será o mesmo que o do Pleno con algunhas especialidades. Neste sentido, e remitíndonos ao artigo 17.7 (réxime de xuntanzas do Pleno), establecece que os acordos adóptanse por maioría dos votos dos asistentes.

Neste sentido non procedería a admisión desta proposta.

- E) Proponse a modificación da representación do sector docente (artigo 6, apartado 1.a) pasando de seis profesores de centros públicos e catro de centros privados a cinco e cinco respectivamente, engadindo o inciso de “concertados e privados”.

Neste sentido sinalar que o artigo 31 do Decreto 44/1988 establece a proporción de 6 profesores do ensino publico e catro do ensino privado, polo que non é posible esta modificación.

- F) Proponse a modificación do apartado 3.e do artigo 6, de xeito que se engadan dous conselleiros directores de centros concertados de Vigo, propostos polo seu órgano de representación.

Compre indicar que non é posible aumentar o número de conselleiros neste sector posto que o artigo 31 do Decreto 44/1988, establece o número de dez co obxecto de respectar a proporcionalidade dos tres terzos.

Para engadir un membro sería necesario eliminar previamente outro e non se considera -agás a excepción indicada na alegación de COGAMI- oportuno rebaixar a representatividade social acadada coa distribución que consta no proxecto.

Neste sentido non procede a admisión desta proposta

- G) Proponse modificar o apartado 3.e do artigo 6 no sentido de substituír “Federación de Asociacións de Veciños de Vigo máis representativa” pola Federación Eduardo Chao.

As normas xurídicas nacen coa intención de perpetuarse no tempo, e sempre teñen que gozar dun carácter xenérico, aínda que traten de solventar problemas concretos.

Neste sentido, a mención no Regulamento dunha asociación concreta podería

vulnerar os dereitos participativos doutras asociacións que nun momento histórico determinado puideran acadar maior representación que a Federación de Asociacións de Veciños Eduardo Chao. É por isto que, a pesar de que actualmente é probable que dita asociación sexa a máis representativa, non parece razoable blindar esta situación de cara ao futuro, xa que de darse esta situación, sería necesario acudir a unha modificación do Regulamento, cos inconvenientes que isto supón.

Neste sentido non procede a admisión desta proposta

En consecuencia propónse a seguinte Resolución:

“Non aceptar as emendas presentadas polo Grupo Municipal do Partido Popular”.

Visto o anterior, o xefe do Servizo de Educación emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de xaneiro, ditamina favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SRA. LARRIBA LEIRA: Cuestión de orde. Querería saber como vai ser o debate da resolución de alegacións e aprobación definitiva. Se se van debater en primeiro lugar as alegacións ou se debaterá xa o texto íntegro.

A PRESIDENCIA: Farase un debate único coa intervención do Goberno e grupos coa orde establecida. Inmediatamente logo votaremos as alegacións e o texto definitivo.

SRA. LÓPEZ ATRIO: O mes pasado vimos a proposta do Consello Escolar Municipal sobre o regulamento orgánico ó que se presentaron algunhas emendas. Hai unha solicitude de que fagamos aclaración de todas e cada unha das emendas presentadas e empezaremos pola presentada por COGAMI que é a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade. Formula o seu desexo de participar no Consello Escolar Municipal. A pesar de que está determinado o número exacto de persoas que participan neste Consello, consideramos que a súa solicitude é importante e, en detrimento doutra representación, consideramos que pode formar parte do profesorado ou dos directores e modifícase para que forme parte deste Consello. Neste sentido admitimos a reclamación de COGAMI pero con outra redacción que logo lerei.

Por parte da Federación Veciñal Eduardo Chao preséntase a solicitude de que figure

con tal nome no Consello Escolar. Consideramos que non é correcto que se cite o nome porque neste intre poder ser a maioritaria pero isto non quere dicir que sempre sexa así e pode acontecer que outra federación sexa maioritaria e teríamos que volver cambiar, por tanto consideramos que xa está representada sendo a maioritaria, non fai falla que figure o nome concreto.

Por parte da ANPA, a Asociación Olívica de Nais e Pais, faise unha serie de propostas coma a normalización da lingua galega na comunidade educativa; propón engadir “sen influencia dos entes non educativos”; propón modificar certos puntos en canto á composición, número de representantes do sector usuario do sistema educativo en varios sentidos, con respecto ós pais, nais, profesorado e alumnado. Todo isto está regulamentado por ordes superiores que logo veremos e non podemos admitir a súa suxestión.

Proponse tamén a supresión da representante do Consello Municipal da Muller por consideralo unha imposición de xénero, cousa que coido que dende este Concello temos a liberdade de elixir ós representantes sociais e neste caso consideramos importante que no eido educativo haxa unha representación do Consello da Muller.

Tamén propoñen que non haxa influencia de entes non educativos. Neste eido queremos pensar que este é un consello consultivo, de asesoramento, pero non é un consello decisivo, polo tanto é importante a opinión non só dos entes educativos senón dos sociais non educativos para que acheguen a este Consello as súas suxestións e reciban a información axeitada que maioritariamente parece estar ausente da comunidade en xeral.

Por parte do Partido Popular preséntase algunha alegación como o inciso “non universitario”, cousa que non consideramos axeitada porque si participa a universidade, podemos solicitar a súa participación e de feito a pedagogía e a psicoloxía que se estuda na universidade ten que ver coa educación, polo tanto coido que podemos recorrer á universidade e solicitar a súa colaboración en calquera momento, así como lle podemos proporcionar información.

En canto ós centros públicos concertados e privados existentes, aínda que non existe ningún atranco xurídico non procede porque obviamente a redacción proposta fala de “a totalidade dos centros existentes no municipio”, por tanto dentro da totalidade dos centros existentes está todo tipo de centros: privados, concertados e públicos.

Por suposto a proposta de engadir un novo conselleiro para dar entrada a un representante dos concertados ou privados das ensinanzas artísticas non procede

porque o número está fixado proporcionalmente, o terzo é dez e teríamos que quitar a alguén para poñer a outro e consideramos que non procede.

Propónse a modificación da representación do sector docente pasando de seis profesores de centros públicos a catro de centros privados e cinco, respectivamente, engadindo o inciso de concertados e privados. Neste sentido sinalar que o artigo 31 do decreto 44/1988 establece a proporción: seis profesores do ensino público e catro do ensino privado, polo que non é posible esta modificación, está por decreto e polo tanto non procede.

Propónse a modificación do apartado 3 de xeito que se engadan dous conselleiros directores de centros concertados de Vigo propostos polo seu órgano de representación. Tampouco é posible aumentar o número de conselleiros neste sector posto que o artigo 31 do decreto 44/1988 establece o número de dez co obxecto de respectar a proporcionalidade dos tres terzos. Para engadir un membro máis sería necesario eliminar previamente a outro o que non se considera necesario, excepto coa alegación de COGAMI en que consideramos oportuno rebaixar a representatividade social acadada coa distribución que consta no proxecto. Neste sentido non procede admitir esta proposta.

Propónse modificar o apartado 3 do artigo 6 no sentido de substituír “Federación de Asociacións de Veciños de Vigo máis representativa” pola Federación Eduardo Chao. As normas xurídicas nacen coa intención de perpetuarse no tempo e sempre teñen que gozar dun carácter xenérico aínda que traten de solventar problemas concretos. Neste sentido a mención no regulamento dunha asociación concreta podería vulnerar os dereitos participativos doutras asociacións que nun momento histórico determinado puideran acadar maior representación que a Federación de Asociacións de Veciños Eduardo Chao. É por isto que a pesar de que actualmente é probable que dita asociación sexa a máis representativa, non parece razoable blindar esta situación cara ó futuro xa que, de darse o caso, sería necesario acudir a unha modificación do regulamento. Polo tanto consideramos que isto supón un inconveniente e non procede a admisión desta alegación.

En consecuencia resólvese non aceptar as emendas presentadas polo grupo municipal do Partido Popular.

SRA. LARRIBA LEIRA: Efectivamente anuncio o voto en contra do Grupo municipal do Partido Popular, non só por entender que non se axusta á normativa vixente o

rexeitamento dalgunhas das alegacións que este grupo presenta, senón porque mesmo estamos a favor das que presentaron dende COGAMI, a Federación Veciñal ou FOAMPAS. En todo caso e como non están presentes na sala para poder debater o texto das súas respectivas alegacións vou proceder facer unha pequena explicación do por que o noso voto vai ser negativo en relación a que entendemos que non se tiveron en conta as nosas alegacións. Vou tratar de ser breve porque o texto dun regulamento sempre é moi complicado e vou tratar de simplificar.

A primeira alegación que facemos ó artigo 1.2 precisamente ten que ver coa inclusión dese termo “non universitario” que como vostede sabe ben está recollido na Lei 3/93 de Consellos escolares de Galicia e tamén no decreto 44/1988 de Consellos escolares territoriais e municipais. Pola súa explicación parece que o que pretenden introducir como competencia do Consello Escolar Municipal de Vigo é tratar temas de nivel non universitario, o que como dixen non se axustaría á norma e dende logo o que non é comprensible é que se vostedes pretendan que o Consello Escolar Municipal de Vigo atenda temas universitarios, non aparece na composición do Consello ningún membro procedente deste nivel, ou sexa que pretenden introducir que se traten temas de ámbito universitario e sen embargo non contemplan a posibilidade de que dentro do Consello haxa algún representante da Universidade. Isto para o Grupo Popular é incomprendible.

Por outra banda hai que dicir que o informe que fixo a empresa encargada non só da redacción do regulamento, senón sobre as reclamacións e suxestións que se presentaron ó mesmo, di que non existe ningún atranco de tipo xurídico para que se poida incluír este termo de “non universitario”.

En canto á nosa alegación referida á introdución dunha matización no sentido de que aparezan explicitamente centros públicos concertados e privados existentes, vostede na súa resposta di que non é necesario incluír este inciso, pero curiosamente son dúas as alegacións que se presentan de dous instancias distintas, do Grupo Popular e de FOAMPAS, precisamente porque non resulta suficientemente clara a redacción deste texto. Coido que isto pon de manifesto que é necesaria esa aclaración en relación á distribución dos representantes dos alumnos.

Outra incongruencia que manifesta o regulamento a este respecto é que esta proporcionalidade de colexios públicos, concertados e privados está garantida no texto do regulamento no que se refire á representación dos profesores e de pais e nais e non entendemos por que non se fai esa mesma aclaración respecto dos

alumnos. Como digo o articulado dunha norma ten que ser coherente e ademais insisto en que segundo EOSA non existe ningún atranco xurídico para incluír esta matización.

En cando á nosa proposta de adición ó artigo 3.e) vostede tamén fixo mención a que este Pleno ten a liberdade para elixir ós dez membros que compoñen a representación por parte do sector social no Consello Escolar Municipal e que en todo caso o único que hai que facer é respectarse a proporcionalidade que establece a Lei 3/86 de Consellos Escolares de Galicia. Pois ben, vostede recoñece ante este Pleno que atende á petición de COGAMI e eliminan discrecionalmente a representación dos movementos de renovación pedagóxica pero este grupo entende que non xustifican suficientemente o rexeitamento de que apareza dentro desa representación do sector social un representante dos centros concertados ou privados de ensinanzas artísticas e deste xeito deixa fóra ós centros nos que se imparten ensinanzas de música, danza tradicional ou clásica, teatro, artes plásticas, nos que están matriculados a maioría dos alumnos de Vigo interesados nestas materias porque, como vostede coñecerá moi ben, a ensinanza regulada é deficitaria en impartir estas materias.

Por todo isto vostede está a deixar fóra deste sector social do Consello Escolar Municipal a todos os representantes das ensinanzas artísticas privadas ou concertadas da cidade que son maioritarias en Vigo.

En canto á proposta de adición ó artigo 6.1.a) que é unha cuestión de forma, parécenos que puido ser un erro de redacción. Volvemos insistir no principio de que o articulado das normas ten que ser coherente e que unha norma non pode ser contraditoria en si mesma, polo tanto pensamos que é un erro de redacción.

Seguindo o razoamento que vostedes mesmos dan na explicación de desestimación da alegación, aluden a que a convocatoria de reunións da Comisión Permanente debe rexerse polo mesmo sistema que as do Pleno do Consello Escolar e refírense ó artigo 17.3 que di: "As xuntanzas extraordinarias poderán ser convocadas cando o solicite un terzo do número de concelleiros do Consello Escolar". Coherentemente con isto a convocatoria de reunións extraordinarias da Comisión Permanente ten que aprobarse pola maioría dos seus membros e non pola maioría dos asistentes como vostedes din. Isto é un erro de incoherencia da propia norma.

En canto á proposta de modificación do artigo 6.3.e) remítome de novo á xustificación que facemos na proposta de adición ó artigo 3.e) referida á representación de concelleiros do sector social no Consello Escolar.

Como vostede explicou e axustándonos á normativa vixente, é certo que non é posible aumentar o número de dez conselleiros que forman este sector social porque ven estipulado no decreto 44/1988; pero como vostede tamén di é unha cuestión de vontade política garantir a proporcionalidade da representación dos directores dos centros públicos e concertados. Vostedes mesmos modificaron esa representación no Consello Social para introducir a un representante de COGAMI e eliminaron outros, polo tanto non é unha cuestión que esteamos presentando en contra da normativa vixente, o que estamos a pedir é unha cuestión de vontade política do seu goberno para dar cabida á representación dos directores dos centros concertados ou privados de Vigo.

Coido que é útil para este debate traer aquí a idea de que o dereito á educación está garantido pola Constitución, que este dereito non establece un modelo único senón plural e por iso se sosteñen con fondos públicos tanto os colexios públicos coma os concertados, porque ambos prestan un servizo de interese xeral coma é o educativo e a liberdade de ensinanza é un dereito fundamental que está presente en toda a normativa española.

Permítanme que me refira á primeira lei de educación de Cataluña, a última Lei importante que se redactou en España en relación co tema educativo, onde se recolle dentro do sistema educativo catalán a tradición educativa de Cataluña, sexa esta privada ou concertada porque achega ó sistema unha riqueza pedagóxica e de oferta educativa á que non se pode renunciar. Pola contra incorpora dentro do sistema público á escola privada e concertada co propósito de estimular a creatividade e a liberdade.

É por esta razón que nós entendemos que unha representación proporcional a todos os niveis dos axentes educativos na cidade é unha riqueza para o Consello Escolar Municipal.

Por último e en relación a unha proposta de modificación ó artigo 6.3.e) 7 que presentamos igual que fai a Federación Veciñal Eduardo Chao, entende o Grupo Popular que a Federación Eduardo Chao ostenta a lexitimidade de representación dos veciños de Vigo suficiente para que teña constancia expresa no texto do regulamento.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Igual que vostede fixo, coido que non me queda máis remedio que ler as razóns para rebater os seus puntos.

En canto ó artigo que di “non universitario”, vostede ten o texto pero obrígame a lerllo aquí. “Se ben é certo que tanto a Lei 3/1986 (artigo 15), como o Decreto 44/1988 (artigo 26), mencionan o inciso “non universitario”, sinalar que na xuntanza mantida co asesor técnico do Consello Escolar de Galicia se nos aconsellou a non inclusión deste inciso, co obxecto de que o CEMV poida, aínda que tanxencialmente, buscar solucións ou colaborar na procura das mesmas nos ámbitos non estritamente “non universitarios”, posto que a educación non é un compartimento estanco dividido en ciclos, senón que é un acontecemento continuo na vida dunha persoa. Se ben non existen atrancos xurídicos na inclusión deste inciso, enténdese que a redacción actual é a máis conveniente para a maior eficacia e proxección social do Consello Escolar Municipal, polo que debe ser rexeitada a alegación neste aspecto.”

En canto á segunda alegación que vostedes propoñen de engadir no apartado 2 do artigo 6 o inciso “dos centros públicos concertados e privados existentes”: “Non existen atrancos xurídicos para realizar esta matización, se ben parece obvio que a redacción proposta polos alegantes é prescindible, pois a totalidade contida na frase “dos centros existentes no municipio” contén obviamente as súas partes constitutivas con independencia do réxime de xestión e propiedade.” Coido que están incluídos, é darlle voltas á cuestión. Están incluídos sexan da caste que sexan. Na terceira parte, no apartado c), propoñen engadir un novo conselleiro sumando un novo número X para dar entrada a un representante dos concertados ou privados das ensinanzas artísticas. Estas ensinanzas están representadas en canto ós profesores e ós directores, se non están as que non son regradas iso é algo que teríamos que botar a alguén para meter a alguén. De momento consideramos que unicamente aceptamos a proposta de COGAMI porque calquera profesor ou director pode representar ós movementos de renovación pedagóxica, o que non implica que estean fóra senón que os que non estarían dentro serían precisamente as persoas con discapacidade para solicitar a súa atención.

Proponse engadir o inciso “por maioría de membros” no artigo 17.3 posto que non se considera claro como adopta os acordos a Comisión Permanente: “O artigo 18 do Regulamento establece o réxime de xuntanzas da Comisión Permanente, establecendo no apartado 1 que este será o mesmo que o do Pleno con algunhas especialidades. Neste sentido, e remitíndonos ao artigo 17.7 (réxime de xuntanzas do Pleno), establécese que os acordos adóptanse por maioría dos votos dos asistentes”. Unha vez convocado, normalmente os acordos asúmense por maioría de votos das

persoas que asisten ás reunións, non pola maioría dos que se teñen que presentar. Neste sentido a admisión desta proposta non procedería.

No apartado e) propónse a modificación da representación do sector docente, artigo 6, apartado 1.a), pasando de seis profesores de centros públicos e catro de centros privados a cinco e cinco respectivamente, engadindo o inciso de concertados e privados: “Neste sentido sinalar que o artigo 31 do Decreto 44/1988 establece a proporción de 6 profesores do ensino público e catro do ensino privado, polo que non é posible esta modificación.” Establéceo o decreto e non estamos dispostos a cambiálo.

“Propónse a modificación do apartado 3.e do artigo 6, de xeito que se engadan dous conselleiros directores de centros concertados de Vigo propostos polo seu órgano de representación. Compre indicar que non é posible aumentar o número de conselleiros neste sector posto que o artigo 31 do Decreto 44/1988, establece o número de dez co obxecto de respectar a proporcionalidade dos tres terzos. Para engadir un membro sería necesario eliminar previamente outro”. Considero que están suficientemente representados os profesores dos centros públicos e privados e os directores.

“Propónse modificar o apartado 3.e do artigo 6 no sentido de substituír “Federación de Asociacións de Veciños de Vigo máis representativa” pola Federación Eduardo Chao. As normas xurídicas nacen coa intención de perpetuarse no tempo”. Eu non dubido que neste momento é maioritaria, pero pode deixar de selo e non procede que haxa que cambiar o articulado para nos adaptar ás novas situacións, polo tanto a problemática xurdirá no seu momento. Hoxe por hoxe, igual que non consideramos que deba figurar COGAMI, tampouco consideramos procedente que figure a Federación de Veciños co nome de Eduardo Chao, pode ser esta ou calquera outra.

SRA. LARRIBA LEIRA: Coido que queda claro que para vostedes este debate é un mero trámite, non pretenden enriquecer en absoluto o Consello Escolar Municipal co debate neste Pleno. É para vostedes un trámite seguramente pesado polo que teñen que pasar.

Pero este desinterese non só se amosa na actitude que se ve neste debate senón que mesmo un instrumento como é o regulamento do Consello Escolar Municipal nin sequera se redactou polo Servizo de Educación deste Concello, senón que vostede privatizaron a adaptación deste novo regulamento cunha empresa privada. Aí se ve cal é o seu interese.

Antes de proceder á votación, que como xa dixen o Grupo Popular vai votar en contra, quero que quede suficientemente claro que para este Grupo o Consello Escolar Municipal é unha ferramenta fundamental, de grande importancia coma órgano de consulta, de participación dos sectores afectados na programación da ensinanza e no seu desenvolvemento e por iso consideramos que os poderes públicos e esta administración municipal deberían promover e potenciar a participación de todos os sectores.

O articulado do regulamento que vostedes traen a este Pleno presenta e manifesta unha clara falta de proporcionalidade dos sectores afectados na composición deste Consello que dalgún xeito é unha representación dos axentes educativos da cidade, o que trae como consecuencia unha menor representación que mesmo poderíamos definir como discriminación da escola concertada e de iniciativa social con respecto á ensinanza regrada ou pública.

Entendemos que a Federación Veciñal Eduardo Chao ostenta a lexitimidade suficiente de representación veciñal nesta cidade como para que figure no texto do regulamento de maneira expresa.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Atendendo ó seu comentario de que se elaborou por unha empresa privada allea á Concellería de Educación, dicir que única e exclusivamente para non errar en ningún caso e pedindo toda a colaboración pero de modo ningún fóra da nosa continua atención. Aínda que a vostedes lle pareza que erramos na cuestión, sinto moito non estar de acordo porque non podemos estar de acordo, loxicamente.

(Está ausente o Sr. González Sagarra do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, acórdase:

Primeiro.- Aprobar as resolucións incluídas no presente informe referidas ás correspondentes reclamacións presentadas ao regulamento orgánico de organización e funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV) (expte nº 10600/332);

- Aceptar parcialmente a suxestión presentada por COGAMI e dar unha nova redacción ao artigo 6.3.IV do proxecto de Regulamento, substituíndo integramente o texto do proxecto polo seguinte: “Un representante das asociacións de persoas con discapacidade, a proposta da Federación máis representativas deste ámbito en Galicia”.
- Non aceptar as emendas presentadas pola Federación Veciñal “Eduardo Chao”
- Aceptar parcialmente as suxestións expresadas pola FOANPAS no sentido de engadir no apartado b) do punto 1, artigo 2 do Capítulo I, referente á finalidade do CEMV, o inciso “e a normalización da lingua galega na comunidade educativa.
- Non aceptar as emendas presentadas polo Grupo Municipal do Partido Popular

Segundo.- Incluir as seguintes modificacións no texto da aprobación provisional do regulamento orgánico de organización e funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo:

- Substituír integramente o texto contido no apartado 3.IV do artigo 6 do proxecto de Regulamento, polo seguinte: “Un representante das asociacións de persoas con discapacidade, a proposta da Federación máis representativa deste ámbito en Galicia”.
- Engadir no apartado b) do punto 1, artigo 2 do Capítulo I, referente á finalidade do CEMV, o inciso “e a normalización da lingua galega na comunidade educativa”.

Terceiro.- Aprobar definitivamente o Regulamento Orgánico de Organización e Funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV) co texto que se transcribe ó final deste acordo. Deberase publicar o texto íntegro do novo regulamento do CEMV no BOP, entrando en vigor aos quince días hábiles da súa completa publicación.

REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO (CEMV)

LIMIAR

CAPÍTULO I - NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

ARTIGO 1. NATUREZA

- ARTIGO 2. FINALIDADE
- ARTIGO 3. RÉXIME XURÍDICO
- ARTIGO 4. SEDE DO CEMV

CAPÍTULO II - COMPETENCIAS E COMPOSICIÓN

- ARTIGO 5. COMPETENCIAS
- ARTIGO 6. COMPOSICIÓN
- ARTIGO 7. PERDA DA CONDICIÓ DE CONSELLEIRO
- ARTIGO 8. DEREITOS E OBRIGAS DOS CONSELLEIROS

CAPÍTULO III - ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CEMV

SECCIÓN PRIMEIRA - ORGANIZACIÓN

- ARTIGO 9. ÓRGANOS DO CEMV
- ARTIGO 10. PRESIDENTE
- ARTIGO 11. VICEPRESIDENTE/A
- ARTIGO 12. SECRETARIO/A
- ARTIGO 13. PLENO

- ARTIGO 14. COMISIÓN PERMANENTE

- ARTIGO 15. COMISIÓNS DE TRABALLO

SECCIÓN SEGUNDA - FUNCIONAMENTO DO CEMV

- ARTIGO 16. FUNCIONAMENTO DO CEMV
 - ARTIGO 17. RÉXIME DE XUNTANZAS DO PLENO
 - ARTIGO 18. RÉXIME DE XUNTANZAS DA COMISIÓN PERMANENTE
 - ARTIGO 19. RÉXIME DE XUNTANZAS DAS COMISIÓNS DE TRABALLO
- ### **SECCIÓN TERCEIRA - DAS ACTAS E CERTIFICACIÓNS**
- ARTIGO 20. ACTAS

CAPÍTULO IV - DA EMISIÓ DE DITAMES, INFORMES E PROPOSTAS

- ARTIGO 21. ELABORACIÓ DE DITAMES
- ARTIGO 22. INFORME ANUAL SOBRE O ESTADO DO ENSINO NO CONCELLO
- ARTIGO 23. MEMORIA DE ACTIVIDADES

LIMIAR

A Constitución Española de 1978 reconece no seu artigo 23.1 o dereito fundamental da cidadanía a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal. Por outra banda, o artigo 9.2 recolle o mandato aos poderes públicos de facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social. De xeito máis específico, o artigo 27 recolle o dereito á educación, responsabilizando ós poderes públicos de garantir este dereito a todos, mediante unha programación xeral da ensinanza, coa participación efectiva dos sectores afectados e a creación de centros docentes.

En desenvolvemento destes artigos, dítase o título II da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, cuxa rúbrica é *Da participación na programación xeral da ensinanza*, establecendo a necesaria participación efectiva de todos os sectores afectados na programación xeral da ensinanza, focalizándose na atención adecuada das necesidades educativas e a creación de centros docentes. Por outra banda, o artigo 35 do mesmo título establece que *“os poderes públicos, no exercicio das súas respectivas competencias, poderán establecer consellos escolares*

de ámbitos territoriais distintos ao que se refire o artigo anterior (consellos escolares autonómicos e municipais), así como ditar as disposicións necesarias para a organización e o funcionamento destes. En todo caso, deberá garantirse a adecuada participación dos sectores afectados nos respectivos consellos” en clara alusión aos consellos escolares municipais.

Deste xeito, a Administración pública municipal é competente, en virtude do establecido no artigo 25.2 n) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, para *“participar na programación da ensinanza e cooperar coa Administración educativa na creación, construción e sostemento dos centros docentes públicos, intervir nos seus órganos de xestión e participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria”*. Deste xeito, o Consello Escolar Municipal constitúese como un órgano municipal de carácter sectorial cuxo fin é a participación democrática de todos os sectores afectados na xestión educativa, erixíndose así como un órgano consultivo da Administración municipal.

Por outra banda, o artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, atribúe a competencia plena á nosa Comunidade Autónoma para a regulación e administración da ensinanza en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ao apartado 1 do artigo 81 desta, o desenvolvan, das facultades que atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.

A Lei 3/1986, do 18 de decembro, dos consellos escolares de Galicia establece no seu artigo 15.2, que: *“Os municipios que dispoñan polo menos dun colexio de EXB deberán constituír o Consello Escolar Municipal”*. No artigo 17.2 establécese, tamén, que: *“Os concellos poderán tomar a iniciativa da constitución dos seus respectivos consellos escolares municipais, fixando as normas regulamentarias de procedemento e comunicándolle á Consellería de Educación o acordo municipal adoptado”*.

O Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, regula en desenvolvemento da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia, os consellos escolares municipais no seu capítulo III, como órganos de consulta e participación dos sectores afectados na programación do ensino non universitario e na planificación dos centros escolares no ámbito municipal.

Dende a aprobación destas normas moitos foron os cambios legislativos que incidiron sobre a materia educativa e sobre a organización municipal, que fan necesario neste momento unha modificación substantiva no regulamento actualmente vixente no Concello de Vigo.

Así, a recente aprobación da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación regula no seu título V a participación, autonomía e goberno dos centros, establecendo unha serie de principios xerais no ámbito educativo, fundamentalmente os seguintes:

- I. Proporcionar unha educación de calidade para todos os cidadáns.
- II. Posibilitar a necesaria colaboración de todos os compoñentes da comunidade educativa para a consecución deste reto.
- III. O compromiso decidido cos obxectivos educativos formulados pola Unión

Europea.

Por outra banda, a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, impulsa de xeito importante a participación cidadá nos órganos e asuntos municipais, que fai necesaria a aprobación polos municipios de normas de carácter orgánico que regulen a participación da cidadanía nos asuntos públicos.

En cumprimento deste mandato, o Concello de Vigo, en xuntanza plenaria do 31 de marzo de 2006, aprobou o Regulamento orgánico de participación cidadá, adaptándose así ás normas básicas da lexislación de réxime local.

Noutro eido, aprobouse tamén a Lei 17/2008, do 29 de decembro, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia.

Toda esta normativa vén incidir nun aspecto común, a saber, a potenciación da participación cidadá nos asuntos públicos, de modo que se achegue a toma de decisións á poboación, como garantía de éxito dos produtos normativos. Este movemento da democracia participativa procura unha gobernanza de todos os actores implicados nas decisións públicas que lles afecten e que xa comezara coa aprobación da Carta Europea de Autonomía Local, feita en Estrasburgo o 15 de outubro de 1985.

Con esta reforma preténdese que o Consello Escolar Municipal sexa o foro de encontro das ideas educativas, facilitando a comunicación entre todas as partes implicadas, coadxuvando así na evitación e resolución de posibles conflitos no eido educativo. Por outra banda, pretende ser o nexo de unión entre o sistema educativo privado e o público, procurando o seu achegamento, evitando así que se creen dúas realidades con obxectivos diferentes.

Este compromiso coa participación vén xa de longo no municipio de Vigo, que na xuntanza do 4 maio de 1993 se adheriu á Carta de Cidades Educadoras, que recolle os principios básicos para o impulso educativo da cidade. Concretamente, no apartado sexto da Carta, faise especial fincapé de cara á obriga dos responsables da política municipal de realizar estudos para manterse informados e de establecer canles permanentes de participación aos individuos e os seus colectivos. Incidindo neste eido, o principio noveno da Carta insiste no fomento da participación, a través das organizacións civís e sociais da cidade, como fórmula esencial de achegamento da cidadanía á toma de decisións e como garantía para os poderes públicos do acerto nas actuacións.

Neste sentido, o CEMV será o lugar de encontro para o fomento da cultura da participación, fornecendo o debate de todas as partes e cohesionando as estruturas asociativas existentes. Preténdese que sexa un foro de reflexión e debate da situación educativa do municipio, que analice e avalíe as distintas problemáticas existentes, creando estados de opinión que sirvan para que a Administración educativa tome as decisións axeitadas.

Ademais, para o goberno municipal é un pilar básico de actuación, consonte o seu compromiso coa necesidade de crear órganos de expresión directa da cidadanía que

posibiliten a súa participación en todo o que teña que ver coa política educativa municipal.

CAPÍTULO I - NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

Artigo 1. Natureza

1.- O Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV) constitúese como peza básica e fundamental para unha eficaz instrumentalización da participación democrática da comunidade educativa e procurará a máis ampla participación social dos protagonistas directos da acción educativa e un alto nivel de interlocución co poder municipal.

2.- O CEMV é o órgano colexiado municipal de carácter consultivo e de participación de todos os sectores afectados na programación xeral do ensino e na planificación dos centros escolares no ámbito municipal.

Artigo 2. Finalidade

1.- O CEMV, como máximo órgano de participación e consulta en materia educativa no ámbito municipal, terá como fins os seguintes:

- a) Velar pola consecución do acceso de todos os habitantes do municipio de Vigo aos niveis educativos e culturais que permitan a súa realización persoal e socio-laboral, promovendo con esta finalidade cantas accións sexan precisas para acadar a igualdade de oportunidades no ámbito educativo, a compensación educativa e a atención á diversidade.
- b) Fomentar o respecto pola liberdade, a convivencia, a igualdade, a xustiza, o pluralismo e a normalización da lingua galega na comunidade educativa.
- c) Impulsar e incentivar a calidade do ensino en todos os seus aspectos.
- d) Promover a participación real, efectiva e continua da comunidade educativa nos centros docentes.
- e) Ofrecer a máis ampla información sobre a súa actividade e sobre a situación actual do ensino no ámbito municipal.

Artigo 3. Réxime xurídico

1.- A organización e funcionamento internos do CEMV rexeráse, ademais de polas normas contidas no presente Regulamento, pola seguinte normativa:

- Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia.
- Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia, os consellos escolares territoriais e municipais, en desenvolvemento

da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia.

- Decreto 87/1992, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réxime interno do Consello Escolar de Galicia.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Lei 7/1985, do 2 abril, de bases do réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Regulamento orgánico municipal do Concello de Vigo.
- Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

2.- No caso de existir lagoas normativas ou dúbidas de interpretación na aplicación das normas transcritas no parágrafo anterior, haberase de estar á interpretación que delas realice o Pleno do CEMV, ou o seu presidente ata que se pronuncie o Pleno do CEMV.

Artigo 4. Sede do CEMV

1.- A sede e lugar de xuntanzas do CEMV e das súas comisións serán os locais municipais que así dispoña o presidente do CEMV. Así mesmo, este porá a disposición do Consello os recursos persoais e materiais que precise para o desenvolvemento das súas funcións, dentro das posibilidades do Concello de Vigo.

2.- A Secretaría do CEMV contará cun lugar axeitado que permita o normal desenvolvemento da súa actividade, así como a custodia dos libros e documentos do CEMV.

CAPÍTULO II - COMPETENCIAS E COMPOSICIÓN

Artigo 5. Competencias

1.- O CEMV será consultado preceptivamente polo órgano municipal competente ou pola Administración educativa, con carácter previo á toma dos acordos, nas seguintes cuestións:

- a) Convenios e acordos de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou calquera outra administración pública, que afecten ao ensino dentro do ámbito municipal.
- b) Actuacións e normas municipais que afecten aos servizos educativos complementarios e extra-escolares con incidencia no funcionamento dos centros docentes, tales como transporte escolar, comedores, servizos de limpeza e conservación.
- c) Actuacións e normas municipais que afecten ou favorezan a ocupación real das prazas escolares coa finalidade de mellorar o rendemento educativo e, de ser o caso, facer efectiva a obrigatoriedade do ensino.

- d) Localizacións dos centros docentes dentro da demarcación municipal.
- e) Prioridade nos programas e actuacións municipais que afecten á conservación, vixilancia e mantemento axeitado dos centros docentes, de acordo coas competencias que a lexislación lles outorgue aos concellos en cada momento e especial atención á supresión de barreiras arquitectónicas.
- f) Fomento de actividades que tendan a mellorar a calidade educativa, a renovación pedagóxica, os principios da escola activa e a integración escolar, especialmente no que respecta á adaptación da programación ao medio, para chegar a unha escola democrática, científica, libre, galega e non discriminatoria.
- g) Competencias educativas que afecten ao ensino non universitario e que a lexislación lles outorgue aos municipios.
- h) Programación de investimentos en materia educativa.
- i) Calquera outro asunto de importancia para a vida escolar do Concello.

2.- Sen prexuízo dos informes preceptivos sobre as materias recollidas no parágrafo primeiro, o CEMV poderá elevar á Administración educativa ou ao Concello informes ou propostas para o mellor funcionamento do sistema educativo e en especial sobre as seguintes materias:

- a) Distribución de alumnos a efectos de escolarización, tendo en conta a normativa vixente ao caso.
- b) Constitución de padroados, institutos municipais ou entes similares relativos á educación.
- c) Cuestións relativas á promoción e extensión educativa.
- d) Adaptación do calendario escolar ás necesidades e características socioeconómicas dos núcleos de poboación do municipio.

A estes efectos, as propostas presentadas polos conselleiros deberán ser motivadas e precisas e presentaranse por escrito á Presidencia do CEMV, quen decidirá sobre a súa tramitación.

3.- Aos efectos dun eficaz desenvolvemento das súas competencias, o CEMV poderá solicitar información da Administración educativa e das autoridades locais sobre calquera materia relacionada coa educación no ámbito municipal e, especialmente, sobre o rendemento escolar.

4.- O alcalde ou concelleiro delegado na área de educación poderán someter á consulta do CEMV calquera outra cuestión non comprendida no parágrafo 1 do presente artigo e que estean relacionadas coa natureza do CEMV.

5.- Para o correcto cumprimento das competencias do CEMV, o alcalde da Corporación Municipal de Vigo na fase de formación do orzamento xeral proverá a

correspondente dotación orzamentaria para atender os gastos da actuación do CEMV.

Artigo 6. Composición

1.- Son conselleiros/as do CEMV:

- a) O/A presidente/a do CEMV.
- b) Trinta vogais, que se agrupan nos seguintes sectores:

1. Sector docente:

- a. Dez profesores/as dos niveis educativos correspondentes ao ámbito do ensino non universitario de Galicia propostos polos sindicatos ou asociacións profesionais educativas, proporcionalmente á representación obtida nas eleccións sindicais do sector docente, no municipio, distribuídos da seguinte forma:

- i. Seis profesores pertencentes a centros públicos.
- ii. Catro profesores pertencentes a centros privados.

2. Sector de usuarios/as do Sistema Educativo:

- b. Tres pais ou nais de alumnos/as propostos pola federación de asociacións de nais e pais de alumnos/as de centros públicos que actúe no municipio e estean legalmente constituídas, segundo a súa representatividade. Esta representatividade estará en función do número de centros que agrupe.
- c. Tres pais ou nais de alumnos/as propostos pola federación de asociacións de pais de alumnos/as de centros privados que actúe no municipio e estean legalmente constituídas, segundo a súa representatividade. Esta representatividade estará en función do número de centros que agrupe.
- d. Catro alumnos/as elixidos/as polos representantes dos alumnos/as nos consellos escolares dos centros existentes no municipio.

3. Sector social:

- e. Dez membros elixidos por acordo do Concello Pleno, de entre as seguintes categorías de profesionais:
 - i. Dous directores/as de centros públicos, que serán propostos polas asembleas de directores/as, de primaria e secundaria, dos colexios públicos e institutos de Vigo.
 - ii. Un representante das centrais sindicais, que non estea vinculado ao ámbito educativo, a proposta dos sindicatos máis representativos.
 - iii. Un representante de asociacións de empresarios/as, que non

este vinculado ao sector educativo, a proposta da Confederación de Empresarios/as de Vigo.

iv. Un representante das asociacións de persoas con discapacidade, a proposta da Federación máis representativa deste ámbito en Galicia.

v. Unha persoa titular de centros privados, a proposta da Asociación de centros privados.

vi. Un especialista, de recoñecido prestixio, en temas educativos, a proposta do alcalde.

vii. Un representante das asociacións de veciños/as que actúen no municipio de Vigo, legalmente constituídas, a proposta da Federación de Asociacións de Veciños de Vigo máis representativa.

viii. Unha representante a proposta do Consello Municipal da Muller.

ix. Un representante dos centros públicos de ensinanza artística, regradas ou non regradas, a proposta dos seus directores.

c) Un funcionario/a público nomeado pola Administración educativa da Xunta de Galicia.

d) O secretario do CEMV.

2.- No nomeamento dos conselleiros deberá respectarse, na medida do posible, o criterio de paridade entre home e muller.

3.- O mandato dos conselleiros será de catro cursos académicos, excepto os representantes dos alumnos, que será de dous cursos académicos.

Artigo 7. Perda da condición de conselleiro

1.- Os conselleiros perderán a súa condición de membros do CEMV por algunha das seguintes causas:

a) Expiración do prazo do seu mandato.

A renovación dos cargos farase por metades cada dous cursos, a excepción do grupo de alumnos que se renovará cada dous anos na súa totalidade.

Os prazos de renovación do CEMV computaranse dende a data da súa sesión constitutiva.

As propostas de nomeamento de conselleiros efectuadas polas distintas asociacións, sindicatos e consellos, remitiranse ao presidente/a do Consello, cun mes de antelación á data en que o Consello deba renovarse.

- b) Por renuncia formulada por escrito dirixido á Presidencia do CEMV.
- c) Por falecemento ou incapacidade permanente, postas en coñecemento do presidente do Consello, acreditado por calquera medio admisible en Dereito.
- d) Por ser condenado por delito doloso como consecuencia de sentenza xudicial firme que o inhabilite para o exercicio de cargos públicos.
- e) Por incumprimento grave ou reiterado da súa función, previa declaración do Pleno do CEMV.
- f) Por revogación do mandato conferido polas organizacións que representan ou, cando en virtude da realización de eleccións sindicais ou de renovación dos representantes, se alterase a representatividade das organizacións que efectuaron a proposta.

Neste caso os representantes das organizacións sindicais, colexiais ou empresariais, deberán ser ratificados ou substituídos polas organizacións que os propuxeron.

O prazo para substituílos será de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao anuncio dos resultados das eleccións ou da renovación dos órganos reitores aludidos.

- g) Por revogación do mandato en caso do/a representante da Administración educativa.
- h) Cando deixen de concorrer os requisitos que determinaron a súa designación.
- i) As demais previstas na lexislación vixente que impidan o exercicio dun cargo público.

2.- No caso de que se produza algunha vacante no Consello, a Presidencia deste porao en coñecemento das asociacións, sindicatos, consellos ou movementos, para a súa provisión conforme o establecido no presente regulamento.

No caso de representantes dos alumnos, a vacante será cuberta polo seguinte candidato/a da lista de candidatos/as segundo o resultado das últimas eleccións.

O mandato dos novos membros, salvo o previsto no apartado a) do parágrafo anterior, terá a duración que reste para a renovación do CEMV.

Artigo 8. Dereitos e obrigas dos conselleiros

1.- Os conselleiros, que actuarán no exercicio das súas funcións con plena autonomía e independencia, teñen dereito a:

- a) Asistir e participar con voz e voto nas sesións do Pleno e das comisións de que formen parte, a excepción do secretario do CEMV que non ostentará dereito a voto.

- b) Acceder á documentación que obre no poder do CEMV e solicitar copia das actas e da documentación das comisións de traballo, do Pleno e da Comisión Permanente.
- c) Dispor da información dos temas ou estudos que desenvolva o Pleno, a Comisión Permanente e as comisións de traballo de que formen parte e daquelas outras que expresamente soliciten.
- d) Presentar propostas, emendas, mocións e suxestións para a adopción de acordos polo CEMV ou para o seu estudo nas comisións, de conformidade co procedemento establecido neste Regulamento.
- e) Ostentar, en cantos actos aos que expresamente foran comisionados polos órganos do Consello, a representación deste, a salvo e sen prexuízo da representación xeral do presidente.
- f) Asistir, sen dereito a voto, a calquera das comisións de traballo nas que non estean integrados, podendo facer uso da palabra excepcionalmente, previa autorización do presidente da Comisión.
- g) Calquera outro que lles sexa legalmente recoñecido.

2.- Son obrigas dos conselleiros:

- a) Asistir ás xuntanzas do Pleno e das comisións das que formen parte.
O presidente do CEMV, a iniciativa da Comisión Permanente, porá en coñecemento do Pleno do CEMV e das asociacións ou organizacións ás que representan, os nomes dos membros que incumpran reiterada e inxustificadamente o deber de asistencia ás sesións, para os efectos de proposta de nomeamento do sucesor.
- b) Participar nos traballos para os que sexan designados polos órganos do CEMV.
- c) Gardar segredo sobre as materias e actuacións que expresamente sexan declaradas reservadas polos seus órganos e a debida reserva das deliberacións do Pleno e das comisións.

CAPÍTULO III - ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CEMV

SECCIÓN PRIMEIRA - ORGANIZACIÓN

Artigo 9. Órganos do CEMV

1.- Son órganos do Consello Escolar Municipal de Vigo:

A. Unipersoais

- a. A Presidencia
- b. A Vicepresidencia

c. A Secretaría

B. Colexiados

- a. O Pleno
- b. A Comisión Permanente
- c. As comisións de traballo

2.- Os órganos do CEMV poderán ser auxiliados nas súas tarefas por unha asistencia técnica, contratada con empresas ou persoas especializadas, ou mediante convenios interadministrativos de colaboración con institucións públicas.

Artigo 10. Presidente/a

1.- O presidente do CEMV será o Alcalde ou membro da Corporación Local responsable da área de Educación en quen delegue.

2.- Corresponde ao presidente do CEMV a realización das seguintes funcións:

- a) Representar ao CEMV e dirixir a súa actividade.
- b) Nomear os vogais do CEMV a proposta dos respectivos sectores.
- c) Exercer a dirección dos órganos colexiados do Consello.
- d) Fixar a orde do día, convocar e presidir as xuntanzas do Pleno e da Comisión Permanente, e velar pola execución dos acordos adoptados.
- e) Presidir as xuntanzas, ordenar os debates e dirimir, co seu voto de calidade, as votacións en caso de empate.
- f) Executar o orzamento do CEMV conforme aos criterios que nel se establezan, informando ao Pleno e á Comisión Permanente.
- g) Calquera outra que non estea expresamente atribuída a outro órgano do CEMV.

Artigo 11. Vicepresidente/a

1.- O/A vicepresidente/a será nomeado polo Pleno do Consello, de entre os conselleiros do sector social, a proposta do presidente do CEMV.

2.- O vicepresidente, que o será do Pleno e da Comisión Permanente, substituirá ao presidente en caso de vacante, ausencia ou enfermidade e realizará as funcións que este lle delegue.

En ningún caso caberá unha delegación permanente de funcións.

3.- Ostentará a calidade de membro nato de calquera órgano colexiado do Consello, sen prexuízo do número de membros de que este conste.

Artigo 12. Secretario/a

1.- O/A secretario/a do CEMV será nomeado polo presidente do CEMV de entre os funcionarios públicos da área de educación do Concello de Vigo.

2.- Son funcións do secretario do CEMV:

- a) Asistir ás xuntanzas do Pleno e da Comisión Permanente, con voz pero sen voto, levantando acta de todas as xuntanzas que realicen.
- b) Asistir o presidente/a na convocatoria das xuntanzas e na elaboración da orde do día.
- c) Prestar o asesoramento que o funcionamento do Consello requira.
- d) Expedir, co visto e praxe da Presidencia, certificacións de actas, acordos, ditames e asistencias.
- e) Autorizar coa súa firma os acordos do Consello.
- f) Custodiar as actas, ditames e acordos do Consello.
- g) Xestionar administrativamente os asuntos do CEMV.
- h) Coidar do rexistro de entrada e saída de documentos e o servizo de arquivo.
- i) Proporcionar, previa petición por escrito, a documentación e os medios materiais, se é o caso, que os conselleiros/as requiran no exercicio das súas funcións.
- j) Calquera outra tarefa relativa a funcións xenéricas da Secretaría, que lle encomende o Pleno ou a Presidencia do CEMV.

3.- En casos de vacante, ausencia ou enfermidade, o secretario será substituído polo funcionario público do Concello de Vigo que a Presidencia do Consello designe.

Artigo 13. Pleno

1.- O Pleno é o órgano supremo de decisión e formación da vontade do Consello, e está integrado por todos os conselleiros, baixo a dirección do seu presidente/a e asistido polo secretario.

2.- Son funcións do Pleno do CEMV, ademais do exercicio das competencias atribuídas ao CEMV no artigo 5 do presente regulamento, as seguintes:

- a) Establecer as liñas xerais de actuación do Consello para cada curso escolar.
- b) Elaborar, debater e aprobar os ditames, informes ou propostas que expresen a vontade do Consello en materia da súa competencia.
- c) Propor ao órgano competente do Concello de Vigo a modificación do presente

Regulamento.

- d) Aprobar a memoria anual de actividades e o informe anual sobre a situación do ensino no municipio, segundo os proxectos presentados pola Comisión Permanente.
- e) Propoñer ao órgano competente do Concello de Vigo a contratación dunha asistencia técnica para asistir nos labores da Comisión Permanente e das comisións de traballo.
- f) Aprobar a creación de novas comisións de traballo.
- g) Nomear o vicepresidente/a do CEMV a proposta da Presidencia, así como solicitar razoadamente do presidente/a o seu cesamento.
- h) Elixir os vogais da Comisión Permanente e os membros das comisións de traballo.
- i) Ditar normas de desenvolvemento do presente regulamento a proposta do presidente do CEMV.

3.- Os ditames ou informes aprobados serán remitidos ao Concello de Vigo, á Autoridade Educativa ou ao Consello Escolar de Galicia, segundo a solicitude, firmados polo presidente e o secretario, indicando os nomes dos asistentes á correspondente xuntanza e con expresión de se foron aprobados por unanimidade, por maioría ou empate decidido polo voto do presidente, e acompañados dos votos particulares, se os houberse.

Estes informes ou ditames serán publicados na páxina web do Concello de Vigo por orde da Presidencia do CEMV.

4.- Cando no trámite dalgunha norma xeral ou acto sobre algún asunto da competencia do CEMV se omitise indebidamente o informe do Consello, o seu presidente comunicarllo a quen corresponda.

Artigo 14. Comisión Permanente

1.- A Comisión Permanente é a unidade básica de xestión dos asuntos do CEMV, e en consecuencia correspóndenlle a recepción e tramitación dos asuntos, preparando así e facilitando as xuntanzas do Pleno, exercendo de instancia intermedia entre este e as outras comisións.

2.- n membros da Comisión Permanente:

- a) O/A presidente/a do CEMV
- b) O/A vicepresidente/a do CEMV
- c) O/A secretario/a do CEMV
- d) Os/As presidentes/as de cada unha das comisións de traballo existentes.
- e) Un vogal de cada un dos tres sectores do CEMV.

3.- As funcións da Comisión Permanente do CEMV son:

- a) Preparar a orde do día das sesións ordinarias do Pleno do CEMV.
- b) Preparar os informes, propostas ou ditames para seren debatidos polo Pleno do CEMV, nomeando a estes efectos un relator do proxecto de informe.
A estes efectos, o proxecto de informe que aprobe a Comisión Permanente, xunto cos votos particulares de ser o caso, remitirase polo secretario a todos os membros do Pleno do CEMV coa antelación necesaria para a convocatoria da xuntanza.
- c) Xestionar os asuntos e acordos que lle encomende o Pleno, dándolle conta da súa actividade.
- d) Coordinar o labor das comisións de traballo distribuíndo os traballos entre as distintas comisións, e no seu caso propoñer ao Pleno do CEMV a creación de novas comisións para temas específicos.
- e) Elaborar o proxecto da memoria anual de actividades do CEMV e elevala ao Pleno para a súa aprobación.
- f) Elaborar o proxecto de informe anual sobre a situación do ensino non universitario no municipio, e elevala ao Pleno para a súa aprobación.
- g) Estudar e tramitar as propostas de informe e ditames elaborados polas comisións de traballo, decidindo sobre:
 - i. A súa devolución á comisión para ampliar ou modificar o traballo realizado.
 - ii. O seu traslado a outra comisión.
 - iii. O seu traslado ao Pleno.
- h) Elaborar e formular propostas ao Pleno do Consello.
- i) Velar pola difusión dos acordos adoptados polo Consello que considere de especial importancia para a comunidade educativa.
- j) Calquera outra que lle sexa asignada polo Pleno do Consello.

4.- Para o correcto desenvolvemento das súas funcións, a Comisión Permanente poderá solicitar ao Pleno do CEMV que se encargue a entidades públicas ou privadas de recoñecido prestixio a realización dos estudos técnicos que sirvan de base para a confección dos informes, ditames ou propostas que a comisión deba elaborar.

5.- O Pleno do CEMV poderá acordar a incorporación á comisión permanente, e mesmo con carácter estable, doutros representantes que actuarán con voz pero sen voto.

6.- Cando se produza unha vacante na Comisión Permanente ou a composición do Pleno do Consello se modifique, no prazo dun mes procederase a adecuar a representación na Comisión Permanente.

Artigo 15. Comisi3ns de traballo

1.- O CEMV, para o correcto desenvolvemento dos seus cometidos, realiza os seus traballos a trav3s das comisi3ns de traballo, que se constit3en como 3rganos especializados para o estudo e an3lise dos asuntos espec3ficos que, por raz3n da materia, lles correspondan. As comisi3n de traballo do CEMV son as seguintes:

- A. Comisi3n Pedag3xica e de Innovaci3n Educativa.
- B. Comisi3n de Equipamentos e de Planificaci3n Educativa.

2.- O Pleno do CEMV poder3 modificar, suprimir ou crear outras comisi3ns de traballo, xa permanentes, xa temporais, cando as necesidades de funcionamento as3 o aconsellen, a proposta da Comisi3n Permanente.

A composici3n e cometidos das novas comisi3ns deber3n estar formulados con toda claridade.

3.- O Pleno do CEMV poder3 acordar a incorporaci3n 3s comisi3ns de traballo, e mesmo con car3cter estable, doutros representantes que actuar3n con voz pero sen voto.

4.- As comisi3ns de traballo est3n formadas por tres membros, pertencentes a cada un dos tres sectores establecidos no artigo 6.

5.- Os/As presidentes/as das comisi3ns de traballo ser3n elixidos por e entre os membros da comisi3n de traballo, e ser3n os voceiros desa comisi3n ante a Comisi3n Permanente e o Pleno, sen prexui3o da s3a delegaci3n noutro membro da comisi3n.

6.- Os membros das comisi3ns de traballo elixir3n de entre eles a aquel que actuar3 como secretario desta, que levantará acta das xuntanzas, e asistirá o presidente destas na elaboraci3n da orde d3a.

O secretario das comisi3ns de traballo ostenta dereito de voz e voto.

7.- Son funci3ns xen3ricas das comisi3ns de traballo:

- a) Elevar propostas de actuaci3n 3 Comisi3n Permanente.
Estas propostas de ditame ou informes non te3en car3cter vinculante para a Comisi3n Permanente, que poder3 devolvelos para un novo estudo.
- b) Actuar como 3rganos t3cnicos do CEMV, realizando estudos e an3lises de asuntos concretos, que con car3cter espec3fico lles correspondan por raz3n da natureza da materia, e elevando os seus resultados en forma de informes ou propostas de ditames.
- c) Calquera outra que lle sexa encomendada polo Pleno ou a Comisi3n Permanente.

8.- O borrador do ditame ou informe da Comisi3n de Traballo deber3 elaborarse nun prazo que permita o seu reparto, polo secretario desta, aos membros da Comisi3n Permanente con anterioridade 3 celebraci3n da correspondente sesi3n, polo menos

con catro días hábiles de antelación.

9.- Son funcións da Presidencia das comisións de traballo:

- a) Convocar, a través do secretario/a da comisión de traballo, as xuntanzas das comisións de traballo.
- b) Presidir as reunións e moderar os debates.
- c) Requirir á presidencia do Consello que demande da Administración educativa a información necesaria para realizar o traballo que ten encomendado.
- d) Notificar á Comisión Permanente a ausencia inxustificada e reiterada dos membros da súa comisión ás sesións de traballo.
- e) Informar aos demais membros da súa comisión de traballo dos asuntos tratados na Comisión Permanente.
- f) Solicitar, a proposta da comisión de traballo ou por iniciativa propia, á Presidencia do CEMV, a convocatoria de persoa ou persoas competentes para asesorar á comisión nas súas deliberacións.
- g) Calquera outra que lle sexa encomendada polo Pleno ou a Comisión Permanente.

SECCIÓN SEGUNDA - FUNCIONAMENTO DO CEMV

Artigo 16. Funcionamento do CEMV

O Consello Escolar Municipal de Vigo funcionará en Pleno, Comisión Permanente e comisións de traballo.

Artigo 17. Réxime de xuntanzas do Pleno

1.- O Pleno do CEMV funciona en réxime de xuntanzas ordinarias de periodicidade preestablecida e extraordinarias, que poden ser, ademais, urxentes.

2.- As xuntanzas ordinarias realizaranse cada tres meses. Necesariamente dúas destas xuntanzas coincidirán co primeiro e o último trimestre do curso escolar.

Nestas xuntanzas sempre haberá unha quenda de rogos e preguntas.

3.- As xuntanzas extraordinarias poderán ser convocadas polo presidente/a, pola Comisión Permanente ou cando o solicite un terzo do número de conselleiros do CEMV, excluído o secretario, que asinarán debidamente identificados a devandita solicitude, expresando o obxecto que se vai tratar na correspondente xuntanza.

Neste último caso, a xuntanza quedará automaticamente convocada para o décimo día hábil seguinte á data de entrada da solicitude, e será notificada a todos os conselleiros do CEMV polo secretario xunto coa orde do día.

As xuntanzas extraordinarias de carácter urxente soamente poderán ser convocadas polo presidente do CEMV, motivando debidamente a súa convocatoria.

4.- As xuntanzas deben ser convocadas, polo menos, con cinco días hábiles completos de antelación á súa realización, salvo as extraordinarias de carácter urxente, que deberán convocarse con, polo menos, 48 horas de antelación á súa realización.

As convocatorias serán notificadas a todos os membros do CEMV polo secretario xunto coa orde do día, copia da acta anterior, un extracto da documentación dos puntos que se van tratar e a data e lugar de realización.

A documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día deberá estar a disposición dos conselleiros do CEMV dende o mesmo día da convocatoria na Secretaría.

Non poderán ser obxecto de deliberación asuntos que non estean reflectidos na orde do día, salvo que, estando presentes todos os membros do órgano, así o acorden por maioría ao comezo da sesión.

5.- Para a válida constitución do Pleno, en primeira convocatoria, será necesaria a asistencia do presidente/a e o/a secretario/a, ou no seu caso, de quen os substitúan, e a metade a lo menos, dos vogais do CEMV.

En segunda convocatoria, que terá lugar media hora máis tarde, será suficiente a asistencia do presidente/a ou vicepresidente e do/a secretario/a, ou no seu caso, de quen os substitúan, e un terzo do número de vogais do CEMV.

De non se acadar o quórum establecido, procederase a unha nova convocatoria nun prazo máximo de sete días hábiles.

O quórum esixido deberá manterse durante toda a xuntanza. De non ser así, o secretario/a advertirá desta situación ao presidente/a que a levantará.

6.- Os debates dos proxectos de informe ou ditame iniciaranse presentando o texto polo seu relator.

A continuación debateranse as emendas presentadas ao informe preliminar, tanto as aceptadas pola Comisión Permanente e incorporadas posteriormente ao informe, como as que se manteñan "vivas" para o debate, que serán sometidas a votación despois de cada debate.

Para axilizar o debate non se admitirán emendas *in voce* a non ser que teñan un carácter transaccional.

7.- Os acordos adoptaranse sobre o conxunto do informe por maioría dos votos dos asistentes, e poderán formularse votos particulares.

A estes efectos, deberase anunciar este extremo antes do remate da xuntanza, e presentalo por escrito dentro das corenta e oito horas seguintes. Os demais conselleiros/as que votasen en contra poderán adherirse ao voto particular

presentado.

En caso de empate, realizase unha nova votación e de persistir, decidirá o voto de calidade do presidente.

O voto é persoal e indelegable, e non se admitirá o voto por correo.

O sistema normal de votación será a votación ordinaria, que se manifestará por signos convencionais de asentimento, desestimento ou abstención. Procederá a votación secreta cando se trate da elección ou destitución de persoas ou cando así o manifeste a maioría absoluta do número legal de membros.

Calquera membro poderá solicitar que conste en acta o sentido do seu voto.

8.- As xuntanzas do Pleno do CEMV non son públicas, sen prexuízo de poder convocar, aos sós efectos de escoitar o seu parecer ou recibir un informe respecto a un tema concreto, a representantes de asociacións ou entidades recoñecidas no artigo 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Así mesmo, a proposta do presidente, poderán asistir asesores externos tecnicamente cualificados para asesorar nas materias obxecto de debate. Estes expertos actuarán con voz pero sen voto.

9.- Cando o Pleno ou a Comisión Permanente do CEMV considere necesario efectuar unha exposición ante o Concello Pleno ou a Xunta de Goberno Local en relación con algún punto da orde do día, sempre que estea relacionado coa natureza do CEMV, deberá solicitalo, a través do presidente do CEMV, ao alcalde cunha antelación mínima de dous días hábiles á realización da xuntanza. De ser concedida a citada exposición, o CEMV designará un único representante para expor o seu parecer durante o tempo que sinale o alcalde, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

A estes efectos, as convocatorias e ordes do día das sesións do Pleno e da Xunta de Goberno do Concello de Vigo serán comunicadas ao CEMV.

10.- O presidente abrirá, suspenderá e levantará as sesións, dirixirá os debates, velará polo mantemento da orde e pola observancia do presente Regulamento, requirindo cando sexa necesaria a asistencia do secretario.

11.- O presidente procurará, como moderador dos debates, a máis ampla participación, sen prexuízo de chamar a atención sobre o asunto principal sometido a discusión, evitando divagacións que alarguen innecesariamente os debates. A estes efectos, poderá chamar á orde a aqueles membros que profiran palabras ofensivas, produzan interrupcións ou pretendan facer uso da palabra sen que lle fora concedida, e de persistir esta actitude poderá ordenarlles que abandonen o local onde se celebre a xuntanza.

O presidente someterá a votación os asuntos obxecto de debate e proclamará os resultados.

As xuntanzas respectarán o principio de unidade de acto, procurando que terminen

no mesmo día do seu comezo. De non ser así, o presidente poderá levantar a xuntanza e os asuntos non debatidos incluíranse na orde do día da seguinte xuntanza.

Artigo 18. Réxime de xuntanzas da Comisión Permanente

1.- O réxime de xuntanzas da Comisión Permanente será o mesmo que o do Pleno, coas seguintes especialidades:

- a) As xuntanzas ordinarias realizaranse cada dous meses.
- b) As xuntanzas extraordinarias poderán ser convocadas polo presidente/a ou cando o solicite un terzo do número de membros da Comisión, excluído o secretario.
- c) Para a válida constitución da Comisión Permanente será necesaria a asistencia do presidente/a ou vicepresidente/a, o/a secretario/a, un presidente/a dalgunha das comisións de traballo e un vogal dalgúns dos sectores do CEMV.

De non se acadar o quórum establecido, procederase a unha nova convocatoria nun prazo máximo de sete días.

Artigo 19. Réxime de xuntanzas das comisións de traballo

1.- O réxime de xuntanzas das comisións de traballo será o mesmo que o da Comisión Permanente, coas seguintes especialidades:

- a) Para a válida constitución da comisión de traballo será necesaria a asistencia do presidente/a e mais do secretario.
De non se acadar o quórum establecido, procederase a unha nova convocatoria nun prazo máximo de sete días.
- b) As comisións de traballo non terán un réxime ordinario de realización de xuntanzas.
- c) As xuntanzas extraordinarias poderán ser convocadas soamente polo presidente/a da comisión.

SECCIÓN TERCEIRA - DAS ACTAS E CERTIFICACIÓNS

Artigo 20. Actas

1.- De cada xuntanza levantarase unha acta polo secretario do órgano correspondente, que será firmada por este co visto e prace do presidente.

2.- En cada acta deberá figurar polo menos:

- a) Lugar, data e hora de comezo e fin da xuntanza.
- b) Asistentes á sesión e relación de membros que escusan a súa asistencia e outras persoas citadas, no seu caso.

- c) Carácter ordinario, extraordinario ou urxente da sesión.
- d) Asuntos que figuren na orde do día.
- e) Acordos tomados, sinalando a forma en que foron adoptados, cos votos a favor, en contra e abstencións, e os seus motivos cando o soliciten expresamente os interesados.
- f) O texto dos informes, estudos ou declaracións adoptadas.
- g) As opinións e intervencións dos conselleiros, de xeito sucinto.
- h) Incidencias dalgunha importancia que, a xuízo do secretario, se produzan no transcurso da sesión.

3.- Cando non se realice a sesión por calquera motivo, o secretario suplirá cunha dilixencia autenticada coa súa firma e co visto e prace do presidente, na cal se farán constar as causas da súa non realización e, no seu caso, o nome dos asistentes e dos que se escusaran.

4.- As actas someteranse a aprobación como primeiro punto da orde do día da seguinte xuntanza, coas obxeccións que propoñan os conselleiros, para precisar mellor o desenvolvemento da sesión, sen que en ningún caso poida modificarse o fondo dos acordos adoptados, cabendo soamente a corrección dos meros erros materiais ou de feito.

5.- As actas quedarán baixo a custodia do secretario, e, unha vez aprobadas, incluíranse no Libro de Actas do Consello Escolar Municipal de Vigo, quen facilitará copias a calquera membro do CEMV que o solicite.

6.- As certificacións expedidas polo secretario, por orde da Presidencia, darán fe dos acordos do CEMV, e expediranse:

- a) De oficio, a requirimento dos órganos das administracións públicas ou dos órganos xudiciais no exercicio das súas competencias.
- b) A instancia dos membros do Consello.
- c) A instancia de calquera interesado.

Nos supostos recollidos nas letras b) e c), o contido das certificacións versará sobre a parte decisoria dos acordos.

7.- A Presidencia disporá que, de cada sesión do Pleno do Consello, se redacte unha nota informativa, referida fundamentalmente aos acordos tomados, co obxecto de comunicar á opinión pública, a través dos medios de comunicación social e da páxina web do Concello de Vigo, as actividades e posicións do Consello Escolar Municipal de Vigo.

8.- A redacción das actas, certificacións, informes, ditames e, en xeral, calquera

documento do CEMV, farase nos termos establecidos na Lei 5/1988, do 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais.

CAPÍTULO IV - DA EMISIÓN DE DITAMES, INFORMES E PROPOSTAS

Artigo 21. Elaboración de ditames

1.- O CEMV emitirá un ditame non vinculante con respecto aos asuntos que sexa consultado no prazo dun mes, sen prexuízo dos ditames que preceptivamente elaboren as comisións do Pleno do Concello.

No caso de que a materia sobre a que verse a consulta sexa de gran complexidade, o CEMV poderá solicitar unha ampliación de prazo por un máximo de quince días hábiles do órgano competente do Concello para adoptar o acordo.

Por outra banda, por motivos de urxencia, que haberá de motivarse na solicitude, o ditame deberá evacuarse no prazo de quince días hábiles, reducíndose o resto de prazos expresados no presente artigo á metade.

2.- Os documentos remitidos para ser informados ou ditaminados polo CEMV serán enviados ao secretario do Consello, que os remitirá á Comisión Permanente.

3.- Para a elaboración dun informe, ditame ou proposta, a Comisión Permanente elaborará previamente un informe preliminar. Para a elaboración do devandito informe preliminar a Comisión Permanente poderá designar un ou varios membros encargados da súa redacción. Tamén o poderá encargar a unha comisión de traballo, cumprindo para este efecto o especificado neste regulamento.

Para o correcto desenvolvemento das súas funcións, a Comisión Permanente ou o seu presidente poderá solicitar ao Pleno do CEMV que se encargue a entidades públicas ou privadas de recoñecido prestixio a realización dos estudos técnicos que sirvan de base para a confección dos informes, ditames ou propostas que a comisión deba elaborar.

4.- Unha vez redactado o informe preliminar, este achegarase a todos os membros do Pleno do Consello Escolar Municipal para que no prazo de dez días hábiles poidan elaborar, se o desexan, emendas, consideracións e suxestións aos diversos puntos dos que conste o devandito informe preliminar ou proposta, presentándoas por escrito diante do secretario do CEMV.

5.- Logo de recibidas en prazo todas as emendas e suxestións, a Comisión Permanente reunirse para sometelas a debate e incorporalas, ou non, ao informe preliminar ou proposta, que de novo se achegará xunto coa copia de todas as emendas presentadas a todos os membros do pleno do Consello para o seu estudo e análise.

Daráselles un prazo de cinco días para que o membros do Pleno que presentaron emendas que non foron tidas en conta pola Comisión Permanente para a elaboración do informe preliminar manifesten por escrito dirixido á secretaría a súa intención de incluílas no debate en pleno. Enténdese que de non facelo así, as emendas non se debaterán.

Artigo 22. Informe anual sobre o estado do ensino no concello

1.- O CEMV elaborará anualmente, ao finalizar o curso escolar, un informe sobre o estado do ensino no municipio, que enviará á Corporación Municipal, á Consellería competente en materia educativa e ao Consello Escolar de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 18, apartado 2 da Lei 3/1986 de consellos escolares de Galicia, e no artigo 27.2 do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, que desenvolve a citada lei.

Este informe deberá presentarse para a súa aprobación antes do 15 de outubro de cada ano e referirse o curso académico pechado e poderá versar sobre aspectos específicos ou singulares.

2.- Sen prexuízo do informe anual, con carácter bianual o CEMV elaborará un informe completo sobre a evolución e o estado actual do sistema educativo no municipio.

3.- O proceso que se ha seguir para a súa emisión será o mesmo que o regulado no artigo 34 sobre emisión de informes e formulación de propostas.

4.- O informe, unha vez aprobado, será publicado polo propio Consello Escolar Municipal polo menos na páxina web do Concello de Vigo.

Artigo 23. Memoria de actividades

1.- O CEMV ao remate de cada curso escolar elaborará unha memoria da súa actuación no curso escolar correspondente, explicando de xeito conciso cada unha das principais actuacións levadas a cabo e xustificando a súa contribución á mellora do sistema educativo.

2.- O procedemento que se ha seguir para a súa emisión e achega será o regulado con carácter xeral para á elaboración de ditames.

3. Para a elaboración da memoria anual de actividades tomaranse como referente as actas do Pleno e da Comisión Permanente, e teranse en consideración os informes previos das restantes comisións.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira.- Prazo de constitución do CEMV

1.- O CEMV deberá constituírse dentro do prazo de tres meses, dende a aprobación do presente regulamento orgánico polo Pleno do Concello de Vigo.

2.- O CEMV quedará validamente constituído cando se integren nel polo menos dous terzos dos representantes que o compoñen.

Segunda.- Prazo para a designación dos representantes no CEMV

Dentro do prazo de dous meses a partir da aprobación do presente regulamento, as entidades, organismos e institucións a que se refire o artigo 5 do Regulamento anexo procederán a propoñer os seus representantes no CEMV.

Terceira.- Sesión constitutiva do CEMV

A convocatoria e presidencia da sesión constitutiva do CEMV será efectuada polo alcalde do Concello de Vigo ou concelleiro da área de educación en quen delegue.

Cuarta.- Primeira renovación parcial do CEMV

Con carácter excepcional, aos dous anos da constitución do CEMV, cesarán por sorteo a metade dos conselleiros de cada grupo a que se refire o artigo 5 do regulamento anexo, a excepción do sector de alumnos que cesarán na súa totalidade.

Quinta.- Publicidade dos cargos do CEMV

O Concello de Vigo publicará na súa páxina web, previa comunicación do secretario do CEMV, os nomes dos conselleiros en cada período de mandato, co obxecto de fomentar a transparencia e dar cumprimento ao principio de información á cidadanía.

Sexta.- Modificación do Regulamento de participación cidadá

Mediante o presente Regulamento modifícase o Regulamento de participación cidadá, aprobado polo Pleno do Concello de Vigo en xuntanza do día 26 de marzo de 1992, engadíndose unha nova Sección III rubricada “Do Consello Escolar Municipal de Vigo” dentro do capítulo II “Dos órganos específicos de participación cidadá” do Título V “Da participación cidadá nos órganos municipais”, e modificándose o artigo 39, nos termos que a continuación se sinalan:

1.- Modifícase o artigo 39, que queda redactado do seguinte xeito:

“Artigo 39.- Os órganos específicos de participación cidadá serán os Consellos municipais de área ou sectoriais, os Consellos territoriais e o Consello Escolar Municipal de Vigo, que teñen por obxecto canalizar a participación das entidades cidadás na vida municipal.”

2.- Engádese unha nova Sección III rubricada “Do Consello Escolar Municipal de Vigo” dentro do capítulo II “Dos órganos específicos de participación cidadá” do Título V “Da participación cidadá nos órganos municipais”, que queda redactada do seguinte xeito:

“Sección III.- Do Consello Escolar Municipal de Vigo

Artigo 49 bis. O Consello Escolar Municipal de Vigo é o órgano de participación democrática da comunidade educativa no municipio de Vigo, e procurará a máis ampla participación social dos protagonistas directos da acción educativa, así como un alto nivel de interlocución co poder municipal.

A regulación do Consello Escolar Municipal de Vigo está recollida no seu regulamento de carácter orgánico, que establece o seu réxime de funcionamento, organización e competencias, segundo o establecido na Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia.”

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derrogado o actual Regulamento do Consello Escolar Municipal de Vigo aprobado en xuntanza plenaria do 23 de Marzo de 1988, e modificado posteriormente por acordos adoptados nas xuntanzas plenarios do 31 de marzo de 1989 e do 3 de novembro de 1994 do Concello de Vigo.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente Regulamento orgánico entrará en vigor coa publicación no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

INTERVENCIÓN DO SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Sr. Presidente, cuestión de orde. Nas Xuntas de Voceiros se ten dito que o criterio tradicional de presentación das mocións é de menor a maior. O día da xuntanza non estaba esta sétima moción do Grupo municipal do BNG e pola orde lóxica que se seguía ata o de agora no Pleno sería agora a moción do BNG.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sr. Concelleiro. Procedemos coa orde do día tal como aparece no texto.

6.- (6).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA DIVERSAS MELLORAS NOS CENTROS ESCOLARES DE VIGO E A ELABORACIÓN DUN PACTO POLA EDUCACIÓN. DOC. 100002796.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 12 de xaneiro de 2010, número de entrada 100002796, a concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. López Atrio, formula a seguinte moción:

“Lamentamos a “regresión en dereitos” provocada polo modelo educativo do PP de “gratuidade solidaria dos libros de texto” nun sistema que “no momento de aplicarse a todo o tramo do ensino obrigatorio, será un 25% máis caro” que o modelo posto en marcha polo goberno anterior en pleno proceso da crise económica.

Manifestamos a nosa desconformidade co proxecto de orzamentos da Consellería de Educación para este ano 2010. Por primeira vez na súa historia, redúcense considerablemente os orzamentos desta Consellería tanto no sistema público de

ensino obrigatorio como no sistema universitario galego e nos fondos para a formación do profesorado.

Lamentamos a redución do presuposto para o Ensino Público, a redución do profesorado nos centros educativos públicos, a supresión de postos nos Centros de Formación do Profesorado (CEFORES), o Agrupamento do Alumnado, a Circular 5 das Escolas Oficiais de Idiomas, o desprezo ós órganos de participación cos que non fala nin consulta antes de tomar decisións tan graves como as que toma o goberno da Xunta a través desta Consellería.

Lamentamos os graves conflitos que suporá o Decreto do Galego (borrador) por esferpéntico e inviable e polas desigualdades que se xerarán na escolarización.

ACORDO:

O Pleno do Concello de Vigo insta á Xunta de Galicia a:

- Continuar co modelo de gratuidade dos libros de texto no ensino obrigatorio impulsado polo anterior goberno autonómico, na procura dun sistema educativo universal, de calidade e gratuío para todos e todas.
- Investir os orzamentos necesarios na substitucións de materiais, na mellora e ampliación das instalacións dos centros escolares ou doutros servizos educativos, como o transporte escolar e os comedores dos Colexios Públicos: Illas Cíes, Pintor Laxeiro, Monte da Guía, Frián-Teis, Balaídos, Celso Emilio Ferreiro,(O Pombal-ampliación), Vicente Risco (mellora, reforma e ampliación).
- Centrar os esforzos da Administración na atención preferente ós máis necesitados, na converxencia económica e social e na creación dunha sociedade máis xusta e igualitaria.
- Presentar ante a Cámara do Parlamento Galego un documento base que sirva de punto de partida para iniciar un frutífero debate na Comunidade Educativa e na Sociedade Galega que conclúa nun gran Pacto pola Educación."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de xaneiro de 2010, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ ATRIO: Esta moción ven ó fío da situación na que nos atopamos con respecto ós movementos da Consellería de Educación que ultimamente nos trae moi atarefados. A verdade é que non conseguimos que cumpra minimamente coas necesidades do ensino e lamentamos a regresión en dereitos provocada polo modelo educativo do PP de gratuidade solidaria dos libros.

Todos sabemos o que supón a gratuidade solidaria para vostedes pero, para que non digan que manipulamos os datos, a propia consellería de Educación no Parlamento

Galego manifestou un informe onde só catro de cada dez alumnos galegos percibirá a gratuidade total dos libros de texto. Para que non se diga que isto non é certo colléronse os datos que proporcionaron en cifras e sobre todo con diagramas moi representativos.

As cifras son as seguintes: na Coruña perderon o dereito á gratuidade o 73,7% dos rapaces, unicamente o 26,94% reciben axudas de 180 euros. Isto non é cousa nosa, é do Partido Popular. En Lugo o 61,5% perderon a axuda, só a teñen o 38,5%; en Ourense perdérona o 67,1%; en Pontevedra o 65,5%; en Vigo o 69,4 e en Santiago o 72,3%. Tendo en conta que os niveis educativos en axuda son o primeiro, segundo, quinto e sexto cursos de educación primaria, e o terceiro e cuarto de primaria e os catro cursos de secundaria aínda teñen gratuidade do goberno anterior, esta é a gratuidade solidaria que vostedes presentan.

Ademais a Xunta reduce nun 18% o orzamento destinado a bolsas dos universitarios, baixan nada menos que practicamente dez millóns de euros. Os fondos para a formación do profesorado que vostedes din que fixeron unhas grandes adaptacións, caeron o 22% á parte de caer tamén o número de profesores que se adican á formación. No ano 2010 destinan 3.388.000€ en bolsas para alumnos universitarios o que supón unha redución dende 4.137.000, do 18%.

Reflectido nos orzamentos da Comunidade Autónoma que elaborou o executivo do Sr. Núñez Feijoo, este descenso produce un recorte moi significativo na Consellería con respecto á ordenación universitaria. Dende a Federación de Traballadores do Ensino sinálase que esta situación demostra o descenso xeneralizado de educación, é a primeira vez que se reducen os orzamentos para educación. Resulta moi negativa esta diminución cara ós universitarios.

Tamén o descenso do 54% que experimentan as axudas ó museo pedagóxico de Galicia que pasaron de 122.000 euros a 55.000. Para o ensino público tamén se baixou o presuposto por primeira vez na historia educativa, en cambio si hai máis cartos para o ensino privado, cunha característica: si para os empresarios, non para o profesorado.

A suma que se destina para comedores escolares, gastos de funcionamento de todos os centros públicos, formación do profesorado, prevención do abandono escolar, gratuidade de libros de texto, política lingüística ou bibliotecas escolares, aumentou outro tanto ó ensino concertado. Increméntase esta subvención nun 1,06%, mentres que a a Consellería reduce o seu orzamento e manifesta a súa contrariedade xa que

esta partida supón un 11% do seu propio orzamento.

Nos fondos para a formación de profesorado xa amentamos esa baixa do 22%; os investimentos que destinan ós comedores escolares, a arranxos dos centros educativos, son cada vez menores e polo tanto manifestamos tamén a nosa desconformidade co proxecto de orzamentos na Consellería de Educación para o ano 2010. É vergonzoso que se reduzan por primeira vez os orzamentos a pesar de que dicían que estaba blindado o que se lle daba a educación.

Lamentamos tamén os graves conflitos que vai supoñer o decreto do galego que vostedes seguen defendendo e que saben moi ben que é inviable e esperpéntico. Están vostedes desfacendo a educación, é imposible que o profesorado poida resistir semellantes propostas. O propio ensino concertado protesta polos xogos que fan vostedes coa educación, non é posible resistilo.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Parece que neste Concello se lle da pouco valor á concellería de Educación, mesmo a propia concelleira di que para evitar trabucarse ten que encargar os traballos fóra. Iso é un mal recoñecemento do traballo dos funcionarios da concellería de Educación; igual é por outro motivo, non será por temor a que se equivoquen, todo o mundo se equivoca pero supoño que non é maior garantía encargar a resolución das alegacións a unha empresa exterior que ós propios funcionarios .

A PRESIDENCIA: Sr. López-Chaves, ese punto xa se debateu anteriormente e non é bo que se volva debater.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Non estou a falar do punto anterior, falo da Concellería de Educación igual que fixo a concelleira.

A PRESIDENCIA: O punto anterior está debatido e votado.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: A concelleira deu unha serie de datos e vou darlle os datos estatísticos que si chegan ó sesenta e tantos por cento segundo as provincias, 63% o sistema de gratuidade, dende logo eses datos non apareceron, serían facilitados por alguén que evidentemente quere manipularlos como se manipulan os datos, pero esta moción é un berro desesperado por parte da concelleira de

Educación pola desatención que este goberno lle presta á educación no presuposto municipal. Non é un tema esencial, non é unha prioridade.

Vostede fala do presuposto da Xunta pero vaia ós presupostos propios. Se miramos as cantidades verá que no ano 2009 investiron menos que no ano 2005, baixou un 20% en euros constantes, mesmo en partidas de mantemento de colexios baixaron as achegas. Quizais fose que non apoiaron as súas propostas de melloras da dotación dos presupostos do Concello de Vigo en materia de Educación pero que a partida de Educación sexa menor que hai anos e que vaia diminuíndo iso acontece neste Concello, cun goberno de PSOE e de BNG. Nin aumentan a partida nin se mantivo e as partidas de Educación diminúen, se descapitalizan os presupostos de Educación e aquí temos as partidas para comprobar perfectamente onde diminúen.

De aí por tanto esta iniciativa que vostedes presentan: por que esa redución nas partidas dos presupostos aprobados polo seu goberno? Está vostede de acordo con iso? Que baixen as partidas de Educación do Concello? Evidentemente que non pero sen embargo apoia ós seus presupostos. Por iso voulle dicir que nós imos tentar apoiala a través dunha serie de emendas que imos presentar porque vostede non está de acordo con eses presupostos, acaba do dicir, e por iso insisto no pouco respecto que este goberno municipal ten en materia da concellería de Educación.

Mesmo en materia do plan E. Dos 52 millóns de euros, que partidas adicaron á educación no ano 2009? Xa sabemos o que está pasando con ese plan, non sei se chegou a 350.000 euros de 52 millóns. Iso amosa as prioridades, non se podía investir en materia educativa, non é investimento produtivo a educación, non creen que destinar diñeiro á educación dos presupostos que veñen dese investimento tan multimillonario, dedicar só esa cantidade a educación, vostede ven de dicir que non estaba de acordo coas partidas do presuposto deste ano, vixente aínda porque está prorrogado, supoño que tampouco estará de acordo coa cantidade que destinaron a educación do coñecido como Plan E. Insisto en que non creo que vostede estea contenta nin cos investimentos que se contemplaban nos presupostos do ano 2009 nin co que se dedicou no Plan E para a concellería de Educación.

Agora volve co tema da gratuidade e insisto que os datos son como dixen de máis do sesenta e tantos por cento e, como noutras comunidades autónomas mesmo gobernadas por socialistas, a Xunta estableceu un sistema de gratuidade solidaria e o beneficiario dese sistema ía ser propietario do libro e non un mero prestamista deses libros, mesmo aumentándose a axuda de 150 euros porque antes non todos os

libros eran gratuítos, tiñan que mercar os pais un ou dous libros segundo o centro porque non chegaba esa cantidade e agora os beneficiarios obteñen esa axuda de ata 180 euros.

Hai uns meses presentaron e tamén se debateu neste Pleno un tema sobre a gratuidade dos libros e nese mesmo Pleno debateuse a aplicación de remanentes do presuposto, vinte millóns de euros e díxose que ese diñeiro era para atender ás necesidades dos cidadáns de Vigo e por iso presentamos unha emenda que completase o sistema de axudas coa compra de libros e vostedes negáronse. Para denunciar o tema é transcendental, pero sen embargo para dotalo economicamente con unha parte pequena desa partida, dos vinte millóns de euros de remanentes, non era relevante. Sería sinxelamente a vixésimo quinta parte desa modificación de crédito que se destinara de axuda para libros e sen embargo se opuxeron e votaron en contra, por tanto demostraron que si é importante para denunciar pero non para xestionar nin gobernar.

Nesta moción tamén piden investimentos da Xunta en Vigo. Pediron nos anos da Xunta do bipartito investimentos en Vigo? Reclamaron algo ou naquel intre as obras non eran importantes? Sabe canto se inviste agora, fichas de investimento dos presupostos da Xunta en Vigo en educación primaria e secundaria? Sabe que este ano se inviste o mesmo que nos catro últimos anos dos presupostos do bipartito? Fichas dos presupostos: ano 2010, 2.700.000 euros; anos 2009, 2008, 2007 e 2006, 2.600.000 euros. Neste ano se inviste en educación primaria e secundaria segundo as fichas dos presupostos da Xunta máis que nos catro anos de goberno bipartito. É a diferenza, nun ano máis que en catro. É o que aparece nas fichas dos presupostos da Xunta en educación primaria e secundaria.

En catro anos nin un só centro de primaria ou secundaria novo. Ese foi o compromiso da Xunta de Galicia. Debía vostede felicitar á Xunta porque nun ano meten máis que en catro, pode ver os presupostos dos anos 2006 ó 2009 e agora o de 2010 e verá perfectamente que as partidas son agora máis que durante os últimos catro anos do goberno bipartito PSOE-BNG.

Non só iso, senón que as partidas que se contemplan nesas fichas de investimento que aparecen acompañando como anexo de investimentos reais nos presupostos da Xunta de Galicia, nin sequera se executaban. No ano 2008 no centro Manuel Antonio de Vigo había unha partida de 200.000 euros. Canto executou a Xunta? 41.000 euros, os outros 160.000 non os investiron. Isto é unha resposta ó Parlamento de Galicia.

Saladino Cortizo, ano 2008, había 300.000 euros, gastaron cero. Nin sequera eses 2.600.000 os executaron e vostede di que reclamaban á Xunta? Reclaman agora pero naquel intre había partidas que aparecían nos presupostos e a execución foi de cero e investimentos nalgúns centros.

Mesmo nun tema coma a Escola de Comercio, que por certo acaba de recibir o Grupo municipal unha felicitación da Escola de Comercio pola xestión realizada pola Xunta de Galicia que garantiu o mantemento da Escola e que continuase este ano o título do Grao de Comercio, hai exactamente un ano ía desaparecer. Co goberno bipartito non existía, a Escola de Comercio ía desaparecer e nin sequera tiña aberto o prazo de matrícula. Chegou o goberno da Xunta de Galicia, mantivo a titulación da Escola de empresariais un ano máis e agora o Grao de Comercio existe.

Dende aquí o Grupo municipal do Partido Popular presentou unha emenda que vostedes votaron a favor, sen embargo en Santiago votaron en contra e dese xeito a decisión voluntaria do anterior goberno da Xunta é que desaparecese co goberno bipartito a Escola de Comercio. Que fixo o Concello de Vigo para manter esa Escola? Hai unha pregunta sobre copia dos escritos, comunicacións ou calquera tipo de documento remitido polo Alcalde de Vigo en relación coa transformación de grao de escola universitaria de estudos empresariais e contestan da Secretaría Xeral de Universidades que non consta no seu rexistro de entrada ningún escrito dos referidos.

Non lles preocupou o tema do grao de comercio e mesmo dicían que era imposible que a Escola de Comercio se mantivese e que puidese seguir o grao. Agora temos o Grao de Comercio e ese é o compromiso da Xunta de Galicia.

En materia de educación primaria e secundaria nun ano máis que nos catro últimos anos e en canto ó grao de comercio o que era imposible segundo o que vostedes dicían, existe na nosa cidade e mantense. Agora si que hai unha Xunta que aproba para a educación pública en Vigo, para a obrigatoria e para universitaria.

No terceiro parágrafo fala do esforzo da administración na obtención preferente dos máis necesitados. Aplíquese o conto. O Programa de Inmersión en lingua galega é correcto, sen embargo vostede exclúe ós alumnos e alumnas dos centros de educación concertados que son máis do 60% dos alumnos nesta cidade. Discrimínaos porque pode que haxa beneficiados cunha renda moi elevada e outras persoas que puideran ser beneficiadas quedan excluídas polo centro ó que asisten eses alumnos ou alumnas. Poden ser beneficiarios deste programa de axudas fillos de cargos

políticos designados por este goberno municipal e en cambio quedan excluídos os fillos de inmigrantes ou parados que estean matriculados en centros concertados. Poden ir fillos de persoas que teñan ingresos superiores a 100.000 euros e quedan excluídos os fillos de persoas que estean no paro.

Vostede sabe que isto discrimina e esa normativa que quere aplicar na moción aplíquea vostede, poña a renda, pónaa con independencia, non vexa a orixe do centro, mire a renda desa persoa e que non vaia a fillos de cargos políticos designados por este goberno municipal e queden excluídos os fillos de persoas en situación do desemprego.

En canto ó último apartado referente a un pacto pola educación. Se atendesen saberían que o director xeral da Consellería de Educación anunciou iso o 6 de outubro nunha comparecencia na comisión cuarta do Parlamento de Galicia. Si se está a traballar niso.

Insisto que nós cremos que a educación é importante e que os investimentos tamén son importantes. Demostrámolo cos cartos, vimos o que aconteceu nun só ano de goberno da Xunta a diferenza do que pasou noutro. Por iso dicímoslle que a imos apoiar, vostede non estaba de acordo cos presupostos que viñan no actual de 2009 porque baixaban a partida destinada ó investimento en materia educativa.

Por iso imos presentar unha emenda de substitución dicindo que o 30% do plan español para o estímulo da economía e o emprego se destine a investimentos da concellería de Educación en melloras de colexios de primaria da cidade. Vostede que do Plan E do ano 2009 seguro que quería máis, seguro que presentou proxectos por cantidades superiores ós 350.000 euros e non lle deron máis que esa cantidade e coido que foi porque unha parte sobrou doutras partidas. Por iso ímola apoiar e presentamos esta emenda e espero que vostede e o Partido Socialista a apoiem.

Por último, en investimentos en materia de educación vostede falou coa Xunta de Galicia e saben que existían e vostede estaba de acordo, 60% da Xunta e 40% do Concello. Retomemos esa iniciativa.

A emenda presentámola para que vostede a apoie e vexa que ten interese en materia de investimentos educativos na cidade de Vigo.

SR. LÓPEZ CARREIRA: O BNG vai apoiar esta moción tal como se presentou inicialmente, unha moción que non pretende senón rematar con esa brutal agresión que o Partido Popular está a levar a cabo contra a boa saúde que o ensino público

presentaba ata que este partido accedeu á Xunta de Galicia.

Unha campaña en contra do ensino público por parte do Partido Popular que se centra en debilitar aqueles elementos necesarios para que o ensino público en Galicia continúe a ser un ensino democrático, universal, igualitario, gratuíto e de calidade que contrasta co desmedido apoio que a Xunta de Galicia está a prestar ó ensino privado.

Un ataque que comezou coa eliminación dun axeitado e solidario sistema universal de préstamo de libros para substituílo por un sistema que o Partido Popular se atreve a chamar, que hai que ter moita cara, como “sistema de gratuidade solidaria” porque se por algo se caracteriza é por non seren nada solidario, ser absolutamente anti-económico, fondamente antisocial, enormemente inxusto e ser profundamente anti-ecolóxico. Un sistema que antes chegaba ó 100% do alumnado e que agora deixa fóra a case o 40% e do 60% que cobre, na súa gran maioría só fai unha cobertura parcial, só axuda en parte á adquisición dos libros. Ademais fomenta o sentimento de propiedade e traslada á escola as diferencias económicas que existen entre as familias.

Logo deste desatino o Partido Popular continuou e continúa co seu sistemático ataque ó ensino público: coa redución do profesorado tanto nos centros de primaria como de secundaria, coa desfeita das escolas oficiais de idiomas, coa eliminación dos desdobres nas aulas de idiomas e iso que din que lles interesa moito a aprendizaxe de idiomas estranxeiros, coa redución dun 9% dos orzamentos adicados ás universidades, coa redución do 19% do orzamento adicado a bibliotecas escolares; coa redución nun 18% das bolsas para estudantes universitarios; coa redución nun 22% do orzamento adicado á formación do profesorado.

Pola contra onde si aumenta no orzamento é nos concertos co ensino privado nunha cantidade de máis de 1.020.000 euros para o orzamento adicado ós vindeiros catro anos.

Para dar a puntilla a un ensino público de calidade o Partido Popular pretende colarnos agora un decreto do galego que, ademais da súa dubidosa legalidade, entre outras lindezas iguala o ensino dun idioma estranxeiro coa aprendizaxe das linguas oficiais. Un borrador que como moi ben se recolle nesta moción, só se pode cualificar como esperpéntico pero un borrador ó que si lle hai que recoñecer un elemento positivo que é a súa capacidade unificadora porque foi quen de acadar unha resposta unánime da sociedade galega contra o mesmo. O Bloque Nacionalista Galego, o

Partido Socialista Obrero Español, a CIG, o ESTEGA, CCOO, UGT, a Universidade de Vigo, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago, o Bureau Europeo de Linguas Rexionais e Minoritarias, a Real Academia Galega, o Consello da Cultura, o alumnado, o profesorado, as ANPAS... como vostedes din “un fato de radicais perigosos saídos do máis fondo das cavernas”.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Para o ensino non hai cartos que cheguen, iso é certo, e a min me gustaría recibir de todas partes para mellorar o ensino pero sobre todo de quen lle corresponde facelo, quen ten as competencias.

A pesar de que eu solicite moitos cartos para investimento nos centros, o Concello de Vigo non ten a obriga. A obriga é da Consellería de Educación, da Xunta de Galicia. Non podemos propoñérmonos resolver nós os problemas que eles non resolven.

Fala de que van investir 2.700.000 euros en Vigo. Fenomenal, asegúrolle que nós axudaremos. Pero me gustaría aclarar que este ano 2009 non investiron senón fose o que xa estaba acordado e axustado polo goberno anterior. O Saladino Cortizo xa estaba axustado; o Colexio do Rocío que aínda non empezaron as obras xa estaba axustado e os planos recibinos o ano pasado. A maioría das obras que vostedes se atribúen xa estaban axustadas polo goberno anterior.

Falei moito coa Xunta, co delegado solicitándolle información das obras pertinentes. Esa cantidade marabillosa da que me fala, supoño que se refire ó investimento da escola superior de arte dramático e a outras actividades que si estaban xa presupostadas, esas cantidades non son de seu, son do goberno anterior con datos concretos que teño porque si falaba con eles.

Eu estaba presente e sei que o relativo á Escola de Comercio foi unha moción que se fixo neste Concello a proposta do Sr. Alcalde e aprobada neste Pleno.

En canto ós niveis educativos e ó que me fala vostede dos centros concertados, non hai discriminación. Os centros concertados non están tanto pola pluralidade que manifestan vostedes de elixir senón que nun momento dado xurdiron polas necesidades. Agora moitos deles non son necesarios e séguense mantendo pero non esquezan que os centros concertados e privados están dirixidos por empresarios e ningún empresario é unha ONG, é unha persoa que fai un traballo para sacar beneficios o que é lóxico, ninguén o discute, pero non é outra a situación. Os beneficios poden ser moi diversos, entre os económicos e outros de tipo interesado.

Non entendo que digan que xustifican a gratuidade solidaria dos textos e digan que

iso o digo eu. Non, dino vostedes, estas son as porcentaxes que vostedes deron no Parlamento de Galicia, non pense que as inventamos, son de seu, do Partido Popular. En canto a investimentos nós temos a obriga do mantemento dos centros e soamente en limpeza gastamos 2.600.000 euros deste Concello, así que se a Xunta inviste 2.700.000 a verdade é que é moi pouco. Mantemos vixilancia nos centros que nos custa 1.000.000 euros de este Concello; se isto o fixera a Consellería sería estupendo, igual que fai cos institutos, por que non o fai cos centros de infantil e primaria? Mantemos que estean relativamente en boas condicións aqueles aspectos que se van deteriorando pero a substitución, ampliación e renovación correspóndelle á Xunta de Galicia, non ó Concello de Vigo.

O presuposto de Educación, aínda que a concelleira queira máis, está valorado actualmente en máis de once millóns de euros, adicados á educación nesta cidade. Asegúrolle que non minto, pódolle dar as contas completas, en que se gastan e como se gastan os cartos. É certo que o ano pasado 375.000 euros foron integramente para arranxar a parte eléctrica dos centros educativos. É certo que hai moitas máis deficiencias, lévanse trinta ou corenta anos facéndose parches e non facendo as cousas ben.

Coido que a proposta que me queda por lle facer é que invistan e se fagan responsables dende a Xunta de Galicia do que lles corresponde, mesmo a ampliación e arranxo de comedores, arranxo de centros, carpinterías, cubertas, etc. Eses 2.700.000€ van ser pouco para unha cidade como Vigo que ten 70 centros educativos.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Di 2.700.000 que aparecen nas fichas de investimentos que sabe que non é todo porque hai máis investimentos noutras partidas. Se iso lle parece pouco, en catro anos que lle parece esa cantidade? Non dixo nada, se di que é pouco en catro anos foi menos. Ó que me estou a referir non é o que vostede está dicindo, aquí non vai ningunha partida da Escola Superior de Arte Dramático; son partidas do ano 2010, dous millóns de euros para o Virxe do Rocío. Di que recibiu os planos e no ano 2006 cando estaba eu dixeron que ían empezar as obras pero as pararon e ata que viñeron os presupostos e aparece a partida de dous millóns de euros non se fixo nada. Non é ningunha herdanza, sinxelamente que vostedes no goberno bipartito non fixeron nada nin reclamaron nada.

A partida de Altamar en Vigo é a primeira vez que aparece; di que é herdada, de que

herdanza? Vostedes o que teñen que facer é ceder o terreo que se comprometeran. Como vai a cesión do terreo? Hai unha partida de 400.000 euros. Imos perder este investimento porque vostedes non ceden o terreo? Pois a ver se o fan porque non temos información diso.

Reforma do comedor de Virxe do Pombal; isto tampouco é herdado. Reforma de Pintor Laxeiro, tampouco é herdado. Por tanto estas partidas non existían. Vostede fala de que están axustadas. As partidas non están axustadas, están presupostadas e o que non está presupostado non existe. Ensínolle as partidas dos anos anteriores e non existían esas partidas.

Non se poden anunciar as cousas nos medios de comunicación. Que había para o colexio Virxe do Rocío? Unha partida de 500.000 euros. Onde a executaron se non tiñan ningunha intención? En catro anos non comprometeron nin un centro de primaria nin de secundaria. Nos catro últimos anos o mesmo que nun ano do goberno do Partido Popular, con independencia de todos os gastos de mantemento, correntes, transferencias, todo iso. Sinxelamente é para comparar termos equivalentes, non vou comparar un tema con outro.

Insisto agora respecto ós presupostos da Xunta de Galicia. Efectivamente hai unha rebaixa no tema de altos cargos, baixa o 40% e isto é o resume das partidas do presuposto da Xunta porque cando se fala hai que velo cos datos. Hai unha rebaixa na indemnización por razón de servizos e outra en publicacións pero, en que partidas soben? As partidas destinadas a transferencias a corporacións locais pasan de 2.984.000 a 3.056.000; a familias e institucións sen ánimo de lucro pasan de 262 a 263; en transferencias de capital soben de 58 a 60 millóns. Efectivamente baixan en altos cargos e nalgúns partidas pero as partidas esenciais se manteñen e algunhas soben, o que pasa é que cando se fala de cantidades non hai que ir á cantidade concreta e determinada.

Por certo, Sr. Concelleiro de Cultura, o tema das bibliotecas escolares si baixa pero hai dúas partidas no departamento de Cultura, unha de bibliotecas escolares e outra de informatización. Súmeas porque agora as bibliotecas xa non son só lugares de depósito de libros, mesmo nin se fala de postos de lectura, fálase de posto de usuario porque cada vez se usan máis as novas tecnoloxías en materia de bibliotecas. Súmeas porque resulta que a que é máis baixa sobe que é de informatización en materia de bibliotecas.

Non me contestou á emenda que presentamos. Está de acordo con que se aplique o

30% do novo Plan E 2010 a obras e investimentos en materia de educación? Di que sempre se queredría máis pero cando o presuposto da súa concellería baixa un 20% en euros constantes non é que se queira máis, polo menos habería que querer o mesmo. Vostede que critica permite que o seu presuposto baixe un 20% e que no Plan E apenas exista partida destinada a materia educativa. Vote esta emenda. Que sexa esta a aposta que vostedes poden facer en materia de educación xa que non ven nos presupostos ordinarios. O Plan E de 2009 non o destinou pero o de 2010 si o pode facer polo tanto presentamos esa emenda.

Por certo, a moción do grao de comercio foi presentada pola miña compañeira Lucía Molares. O que vimos e o que envían dende a Escola de Comercio é a felicitación ó Goberno da Xunta de Galicia, ó presidente, ó conselleiro de Educación e ó Grupo municipal do Partido Popular porque nos preocupamos e a Escola de Comercio que levaba moitos anos na rúa Torrecedeira, non sei se é centenaria, segue alí gracias ó Partido Popular porque o Partido Socialista tería feito desaparecer o grao de comercio onde se formaron milleiros de vigueses que contribuíron ó desenvolvemento da cidade.

É importante a educación e é importante conservar os centros educativos e recoñecer que en termos comparativos nun ano a Xunta de Galicia inviste máis que en catro anos. Nesas cantidades, non podemos falar de outras, sácolle as fichas de investimento e non son herdadas como dixen porque o que non aparece no presuposto non existe. É o compromiso do Goberno da Xunta de Galicia, do Sr. Núñez Feijoo, pola educación pública, nun momento de crise, de rebaixa de ingresos e de ter que devolver ó goberno Zapatero, vostedes, señores do PSOE, 1.900 millóns de euros que vostedes recibiron e gastaron alegremente.

A PRESIDENCIA: Debo poñer no seu coñecemento que este Alcalde foi felicitado de forma oral polo director da Escola de Comercio e a través dun escrito que lles vou enviar. Adicionalmente recibín esta felicitación en público, diante do Conselleiro de Educación nunha celebración pública na propia Escola de Comercio. Adicionalmente tamén recibiu esa felicitación dos profesores cos que se reuniu cando houbo aquel conflito e posteriormente. E adicionalmente tiveron unha petición de entrevista que realizaremos para recibir do equipo de dirección a felicitación persoal neste Concello polos trámites na Escola de comercio, da que por certo, como director e catedrático de Fundamento de Análises Económicas, son profesor.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Pero con a Xunta non fixo nada.

A PRESIDENCIA: Sr. López-Chaves non ten a palabra. Vostede está empezando a raiar no desacato na intervención desta Presidencia. Quérolle facer unha advertencia pública: de acordo co regulamento advírtolle que respecte ás normas deste Pleno.

SR. LÓPEZ-CHAVES CATRO: Cuestión de orde, pido a palabra en base o regulamento orgánico do Pleno, artigo 23, quero que o lea a secretaria.

A PRESIDENCIA: Sr. López-Chaves, non ten a palabra, estase convertendo vostede nun obstáculo para o procedemento deste Pleno, continuo e permanente.

Remate, Sra. López Atrio.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Quixera aclarar que a responsabilidade dos investimentos nos centros correspóndelle á Xunta de Galicia, non ó Concello. Ó Concello correspóndelle mantemento e todo o necesario como vixilancia, etc. Os dous millóns e pico que vostede di, a maioría deses cartos estaban presupostados con anterioridade e eu fun testemuña porque vin os presupostos e as manifestacións que se facían. Fun a Pontevedra co delegado anterior e alí me amosaron todos os investimentos en Vigo polo tanto sinto dicirlle que isto do que presumen vostedes, incluídas as inauguracións que fixo dona Lucía Molares dunha cuberta, non lle correspondían. Eses 200.000 euros correspondían ó goberno anterior.

Por outra banda quero poñer en claro que os presupostos dos que vostede presumía anteriormente tiñan por obriga pagar un terreo en Zamáns, algo que tiña que ver cunha escola infantil da universidade que vostedes tiñan en conta, polo tanto o presuposto subido ía destinado a outras cousas que non eran precisamente os investimentos nos colexios públicos.

Lémbrolle o que tivemos que facer cando chegamos: cinco colexios non tiñan calefacción e puxémoslla nós e foi nesa época, non antes nin despois. Hoxe estanse facendo máis pero non co presuposto que vostedes presentaron senón co noso.

Para rematar quérolle ler un manifesto só para o ensino: "Ante a actual situación de agresión no ensino público por parte do goberno galego, a Plataforma Galega pola Defensa do Ensino Público integrada polas seguintes organizacións: Comisións, UGT,

ESTG, ANPES, Escola Viva, Comités, Sindicatos de Estudiantes, etc., pídenlle o seguinte: Defendemos un ensino público gratuíto, democrático, integrador, co-educativo, laico e axeitado á realidade galega. Rexeitamos e denunciemos a eliminación do programa de gratuidade dos libros de texto. Reclamamos a revisión desta decisión da consellería e a restauración do programa que funcionou no 2009-2010. Reclamamos unha maior dotación do profesorado nos centros, fundamentalmente dos especialistas que teñen o seu campo de traballo na atención á diversidade que vostedes suprimiron amplamente. Reclamamos a redución de ratios de alumnos por aula e non o axuntamento de aulas, sobre todo de niveis distintos nunha soa aula. Reclamamos o mantemento do decreto 124/2007 e o cumprimento do mesmo co fin de facer efectivo o plan xeral de normalización da lingua galega. Esiximos o mantemento e mellora dos servizos complementarios. Comedores: reclamamos o incremento dos orzamentos destinados ós comedores escolares, o incremento de prazas nos que están en funcionamento, a creación do servizo nos centros que non contan con el e que todos os comedores en funcionamento pasen ser xestionados pola Xunta de Galicia. Transporte: mellora da flota, garantía do funcionamento do servizo, extensión do servizo alí onde fose necesario e que polo tanto non se recorten as liñas e o mantemento do servizo gratuíto para a realización de actividades extra-escolares.

Mapa de zonas educativas tan importante e que está sen facer. Dotacións de máis persoal administrativo e educadores sociais e coidadores e reclamamos a elaboración dun plano contra o fracaso e o abandono escolar. Demandamos a elaboración dunha Lei do sistema educativo galego”.

Iso é o que queremos traballar con vostedes.

A PRESIDENCIA: Sr. López-Chaves, pase a emenda por escrito. A presentación oral ten que vir acompañada obrigadamente. Debería tela pasada por escrito porque unha emenda *in voce* ten que vir acompañada dun texto escrito sempre.

SR. LÓPEZ-CHAVES: En que artigo?

A PRESIDENCIA: Normas parlamentarias elementais. Isto é un parlamento local. Pásea por escrito, por favor. Non hai ningunha emenda presentada, anunciada oralmente si. Sr. López-Chaves, vostede presenta unha emenda *in voce* no Pleno que

ten que vir por escrito para que conste.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Está na gravación. Pido que informe a secretaria neste tema.

A PRESIDENCIA: A secretaria me acaba de informar que non se recibiu por escrito. Sr. López-Chaves, unha emenda *in voce* ten que vir acompañada dun texto escrito que se presenta na mesa deste Pleno, igual que se fai en todos os parlamentos, é unha cuestión de cultura elemental. Díganos exactamente cal é o texto da moción. Actualicen a súa cultura parlamentaria.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Paréceme que vostede como deputado traballou pouco e como presidente pouca experiencia ten. Mil trescentas iniciativas miñas e vostede duascenas. Non quere falar do tema.

A PRESIDENCIA: Os parlamentos nos que eu estiven están cheos das miñas intervencións. Lea a emenda.

Isto é o Pleno dun Concello, é unha entidade seria, lea o texto da emenda.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: O mesmo que lin antes: Que o 30% do plan español para o estímulo da economía e o emprego se destine a investimentos da concellería de Educación en melloras de colexios de primaria da cidade.

Emenda formulada “in voce” polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. López-Chaves Castro, durante o curso do debate:

Que o 30% do plan español para o estímulo da economía e o emprego se destine a investimentos da concellería de Educación en melloras de colexios de primaria da cidade.

(Está ausente o Sr. González Sagarra do Grupo Popular).

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO CONCELLEIRO SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-

PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Rexeitar a emenda formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. López-Chaves Castro co texto que se transcribe anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Socialista, Sra. López Atrio, instando á Xunta de Galicia diversas melloras nos centros escolares de Vigo e a elaboración dun pacto pola educación, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

7.- (7).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CONTRA O DECRETO DO GALEGO NO ENSINO. DOC. 100006364.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de xaneiro de 2010, número de entrada 100006364, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Ríos, formula a seguinte moción:

“Asistimos nos últimos tempos a unha situación esperpéntica, provocada por

sectores políticos e mediáticos que pretenden trasladar á opinión pública a idea de que o idioma castelán corre perigo en Galicia, por mor dunha suposta imposición do galego e dunha suposta discriminación a que se ven sometidas as persoas que falan nesta lingua. Mentres tanto, a realidade é claramente á inversa: o proceso de normalización de usos do galego foi lento e, até hoxe, insuficiente para garantir o dereito a vivir na nosa lingua. Na práctica estamos na negación da igualdade e convivencia entre as dúas linguas, feito no que coinciden numerosos informes, organismos e entidades.

Así, un informe do Consello de Europa elaborado a finais de 2008, advertía que no noso país non se están a dar garantías para o uso normal do galego en ámbitos tan importantes como a educación, a xustiza, os servizos públicos ou os medios de comunicación; incumpríndose os tratados internacionais sobre dereitos lingüísticos. Na mesma liña, un recente informe da Real Academia Galega sinala que en doce anos reduciuse á metade a cantidade de persoas que falan habitualmente en galego. Tamén o Consello Escolar de Galiza, nun informe sobre o galego no ensino, confirma unha clara desgaleguización do alumnado no seu tránsito da familia á escola, como consecuencia da desvantaxe do galego fronte ao castelán no sistema educativo.

Porén, a pesares da situación crítica pola que atravesamos a lingua propia do país, a chegada do PP ao Goberno da Xunta de Galicia non fixo mais que agravar a situación. A súa galegofobia está a propiciar que, en contraposición coa extrema ineficacia e parálise no resto da acción de goberno, o goberno de Feijoo estea a actuar con obsesiva celeridade en contra do galego e das medidas que, en boa parte, impulsou o goberno bipartito da Xunta de Galicia, inspiradas no consenso que establecece a Lei e o Plan de Normalización Lingüística. Así, eliminou a obrigatoriedade de realizar unha proba en galego para acceder á función pública, eliminou a condición de impartir en educación infantil un mínimo do 50% en galego en contextos español-falantes; desmantelou o modelo educativo de galescolas e reduciu drasticamente o orzamento para diferentes políticas de normalización lingüística, até o punto de que os orzamentos deste ano dedican un 20% menos á normalización que os do ano 2009.

Para o PP, o elemento central desta política de persecución contra o galego é a substitución do actual Decreto 124/2007 por un novo, cuxas bases para a súa elaboración presentou o Goberno da Xunta de Galicia o pasado 30 de decembro. O PP preséntao como o que será o decreto do plurilingüismo. Porén, non hai tal plurilingüismo, o que hai é un avance claro cara ao monolingüismo en castelán. Coas bases presentadas, vai haber menos galego no ensino, esa é a realidade. Na súa aplicación práctica, vaise pasar do 50% en galego ao 70-30 en favor do castelán. A introdución do inglés é unha cortina de fume, pois, como o propio decreto admite, non vai haber recursos para financiar a introdución do inglés, moito menos se temos en conta que o PP reduce os orzamentos para o ensino público.

As bases do decreto vulneran leis básicas aprobadas por consenso e tratados internacionais de dereitos lingüísticos. En concreto, vulnera a letra e o espírito da Lei de normalización lingüística (artigos 12 e 13), así como da Carta europea de linguas rexionais ou minoritarias (art. 8). O borrador non garante que o alumnado acade a competencia en lingua galega, polo tanto sitúase mesmo fóra do marco do Estatuto, artigo 5. Un goberno serio, cívico e responsábel debería cumprir as leis e os tratados internacionais de dereitos humanos e lingüísticos.

É un borrador que vai traer conflitos á sociedade e aos centros educativos, onde antes había acordo e consenso. A Xunta fai deixamento das súas funcións e traslada o problema ao profesorado, ao estudantado e ás familias. Porque ademais é unha proposta feita de costas á sociedade galega, sen ningún consenso con estes colectivos nin coa sociedade en xeral. Por iso se presentou na véspera de fin de ano, a última hora do serán, e sen que existise ningún proceso previo de diálogo nin contraste.

As bases para a elaboración do novo decreto preséntanse baixo a suposta argumentación de que garante a liberdade de elección. Porén, non se pode falar de liberdade de elección cando existe desigualdade xurídica entre o galego e o castelán e o galego está situado nun nivel de inferioridade en todos os usos sociais. Nin se pode falar de liberdade de elección cando se impide a adquisición de competencia en lingua galega.

En resumo, é unha agresión á dignidade da nosa cultura que haxa un goberno da Xunta de Galicia que maltrata e despreza a lingua propia do noso país.

Por isto solicitamos do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a:

- 1.- Retirar o borrador do novo Decreto sobre o uso das linguas vehiculares no ensino, presentado o pasado día 30 de decembro diante da opinión pública.
- 2.- Cumprir as obrigas estatutarias de normalización da lingua propia de Galicia en todos os planos da vida pública, de acordo co artigo 5 do Estatuto de Autonomía.
- 3.- Retornar ao consenso político e social que se establece no marco normativo da Lei de Normalización Lingüística e no Decreto 124/2007, consecuencia do Plano de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade das forzas parlamentarias.”

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, na súa sesión do 18 de xaneiro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Dada a importancia deste tema procederemos a facer cinco quendas: grupo propoñente, oposición, Grupo Socialista, contestará o Goberno, oposición e pechará a relatora. Ten a palabra a Sra. Veloso.

SRA. VELOSO RÍOS: O Grupo do Bloque Nacionalista Galego presentamos hoxe esta moción na que solicitamos a retirada do borrador do novo decreto sobre o uso das linguas vehiculares no ensino que se presentou o pasado día 30 de decembro e aprobado ese mesmo día no Consello da Xunta de Galicia.

Así mesmo solicitamos que se cumpran as obrigas estatutarias de normalización da

lingua propia de Galicia en todos os planos da vida pública de acordo co artigo 5 do Estatuto de Autonomía e solicitamos o retorno ó consenso político e social que se establece no marco normativo da lei de Normalización Lingüística e no decreto 124/2007, consecuencia do plano de normalización lingüística aprobado por unanimidade das forzas parlamentarias.

O BNG xa ten expresado en múltiples ocasións as razóns que nos levan solicitar a retirada destas bases para a elaboración do decreto do ensino das linguas no noso país, pero non fomos os únicos. Non foi só o BNG quen expresou o seu rexeitamento ás bases, senón que como xa apuntaron no debate da moción anterior tanto a concelleira Sra. López Atrio coma o concelleiro Sr. López Carreira, foron moitos os colectivos deste país os que se amosaron contrarios ás bases para a elaboración deste decreto.

De feito hai un organismo que coido que é merecente absolutamente da confianza de toda a cidadanía galega, algúns dos seus ditames foron utilizados de xeito recorrente coma argumentos por todos os partidos políticos, tamén polo Partido Popular. Esta institución da que falo é a Real Academia Galega. A Real Academia falou sobre este decreto e fíxoo alto e claro. Estableceu un ditame sobre as bases para o decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia que é absolutamente claro e diáfano. A Real Academia Galega amosouse totalmente contraria a estas bases e por iso quero referirme directamente ás conclusións finais do seu dicíame.

A Real Academia di que é certo que o actual goberno do Partido Popular levou no seu programa electoral a derogación do decreto 124/2007 pero que nas bases que propón para substituílo non só non se xustifica suficientemente a necesidade xurídica nin pedagóxica de tal derogación, senón que ademais os puntos fortes do proxecto do decreto parecen de legalidade dubidosa, é dicir, que xa poñemos en cuestión a legalidade destas bases.

Outros artigos introducirían nos centros malestar, sufrimento ou desorde e iso é o contrario do que debe perseguir calquera ordenamento xurídico. Outros son tan dificilmente aplicables que previsiblemente impedirían iniciar a implantación deste decreto en setembro de 2010. Por tanto o camiño debería ser outro, esa é a recomendación da Real Academia Galega.

A Academia aproba que se abra un diálogo franco con vontade de concordia definitiva porque a "...sociedade está cansa da duración das discordias lingüísticas e de que toda a melloría do enfermo pareza perigosa", referíndose á lingua galega

cando fala do enfermo e realmente que está cansa destas discordias a sociedade galega, discordias que foron creadas polo Partido Popular que está agora no Goberno durante o Goberno do bipartito na Xunta, lembremos isto.

Tal e como recoñece a Real Academia é cuestión de vontade política. Sobre que bases concordar? Loxicamente sobre o último momento no que todas as forzas políticas estivemos de acordo que foi a aprobación por unanimidade do Plan Xeral de Normalización Lingüística no Parlamento de Galicia.

Para este consenso Galicia ten unha base moi ampla no feito de que aquí ninguén está a pensar en prescindir do castelán, é o que di a Real Academia Galega e coido que iso é algo que queda claro sempre por parte de todos os colectivos, sexamos forzas políticas ou de calquera outro tipo que defendemos o galego.

Porque quen fala galego percibe o castelán coma un valor engadido e iso témolo dito moitas veces. Realmente as únicas persoas bilingües que hai no noso país somos as que falamos galego e tamén falamos castelán, mentres que hai unha parte da poboación que fala castelán pero non é quen de utilizar o galego con fluidez e corrección. Isto é algo que non causa ningún tipo de desacordo na rúa. Do que se trata é de impedir a suplantación definitiva, trátase de que a lingua galega experimente a recuperación que gañou no uso milenario, no labor cultural e nos parlamentos. Iso é o que di a Real Academia Galega, pide un consenso sincero e estable.

Ademais a Real Academia recoñece que un dos puntos fortes da lingua galega é que se percibe coma a lingua propia de Galicia, que é un elemento de identidade colectiva, que Galicia entende que é precisamente a lingua a que xustifica a autonomía do noso país.

Por todo iso é necesario recuperar o consenso e elaborar un decreto do ensino das linguas, no caso de que se considere preciso derrogar o decreto actual e que realmente volva o consenso que se perdeu logo da actividade do Partido Popular na oposición ó Goberno da Xunta de Galicia. Tamén é certo que o Goberno do Partido Popular está recuperando un certo consenso social e iso hai que recoñecelo. Presentou as bases para a elaboración do decreto do ensino das linguas e esas bases conseguiron un consenso porque todas as voces que se manifestaron sobre esa proposta de decreto foron unánimes: todas foron absolutamente en contra. Niso hai que recoñecer que consegue un consenso social.

O Goberno do PP está a manter conversas dende a semana pasada. Logo da

presentación das bases e da súa aprobación na Xunta decidiu convocar a distintos colectivos sociais para reunirse co concelleiro de Educación, don Jesús Vázquez, e co secretario xeral de Política Lingüística, don Anxo Lorenzo, para intercambiar opinións sobre estas bases propostas polo Goberno da Xunta. Curiosamente convocou a esa “minoría ruidosa”, á que se parece referir o conselleiro de Educación e o secretario xeral cando din que hai unha maioría silenciosa en Galicia que apoia estas bases pero logo é a esa minoría ruidosa é á que convocan para intercambiar opinións sobre o decreto.

É algo realmente curioso porque supostamente hai unha maioría silenciosa que non sabemos moi ben quen a compón e por tanto unha minoría ruidosa que ó final son os axentes sociais e os interlocutores sociais do Goberno para falar desta cuestión. Pero cando se expresa unha opinión contraria á proposta do Goberno a única resposta é etiquetalos de radicais.

Polo menos así era ó principio porque si é certo e hai que recoñecer que logo dunha semana de conversas o propio presidente da Xunta, Sr. Núñez Feijoo, recoñeceu, asumindo que impartir o 33% do ensino en inglés sería imposible, polo menos no vindeiro curso e dende logo a curto e medio prazo, que estaría disposto a chegar a un 50% do ensino en galego e o 50% do ensino en castelán logo de escoitar a eses sectores en principio “radicais” pero parece que hai que recoñecer que eses radicais son sectores que non se poden cualificar de tales só porque lle leven a contraria ó Goberno da Xunta de Galicia.

Fagámoslle saber tamén nesta rolda de conversas a opinión do Concello de Vigo. Coido que é importante que este Pleno se manifeste sobre estas bases e que fagamos chegar ó Goberno da Xunta a nosa opinión sobre a necesidade de volver ó consenso e por tanto retirar estas bases que non contentan absolutamente a ninguén.

Coido que cos antecedentes que hai neste Pleno esta moción vai ser aprobada por unanimidade. Maxino que os tres grupos políticos votaremos a favor desta moción como xa aconteceu no mes de xullo cunha moción presentada no mesmo sentido polo Grupo municipal do Partido Popular e que foi aprobada por unanimidade. Quero lembrar esa moción na que se instaba ó Goberno da Xunta de Galicia a garantir a igualdade de competencias nas dúas linguas oficiais do noso país e precisamente nos acordos o que se pedía era que se instaurase un modelo educativo que garantise a igual competencia porque esa é a base para a liberdade de elección de lingua.

Neste caso estamos a falar das dúas linguas oficiais do noso país e ningunha persoa pode decidir se fala en galego ou en castelán se non é competente nas dúas linguas, por iso e para garantir a liberdade das persoas é fundamental garantir a súa competencia nas dúas linguas oficiais.

Ademais queda demostrado pola práctica de todos estes anos no noso país e noutros países que un mínimo dun 50% da lingua minoritaria no noso país é a única maneira de garantir a igual competencia nas dúas linguas para os rapaces e rapazas do noso país. Queda claro que cun 33% de galego nada máis é imposible garantila.

Por tanto a consecuencia lóxica daquilo que aprobamos no mes de xullo é solicitar a retirada destas bases e por iso pido coherencia e consenso. Daquela felicitámonos todos neste Pleno por acadar o consenso, por estar os tres grupos políticos de acordo en que o que era prioritario era o consenso e garantir a igual competencia nas dúas linguas oficiais de todas as persoas ó remataren o ensino obrigatorio no noso país.

Por iso e como digo a consecuencia lóxica é solicitarlle á Xunta de Galicia que retire estas bases para a elaboración do decreto do ensino de linguas, chamado agora decreto do plurilingüismo no ensino non universitario, porque coido que en primeiro lugar cumpriría avaliar o decreto agora en vigor, aprobado hai dous anos e non hai ningún tipo de avaliación sobre a súa aplicación, e se fose preciso elaborar un novo decreto. Por suposto isto sempre se ten que facer sobre a base do consenso das forzas políticas e sobre todo da sociedade galega.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Cara a esta situación dun decreto que nos angustia, sobre todo ó profesorado porque vemos que é imposible levalo a efecto e parécenos absolutamente inxusto cara á lingua galega, quero manifestar que ademais dos milleiros de persoas que se manifestaron na rúa polo galego, como a Real Academia, as tres Universidades Galegas, setenta prestixiosos xuristas puxeron en cuestión semellante decreto, o Consello da Cultura, o Bureau Europeo, as ANPAS dos colexios públicos, os directores dos centros públicos, os sindicatos, o Foro de Cregos galegos co bispo Araúxo, persoas e entidades representativas de toda cor política e sobre todo a Xunta da Facultade de Ciencias da Educación a retirada das bases por considerar que era un documento inadecuado e contrario a criterios socio-lingüísticos e pedagóxicos, a Deputación de Lugo, o Concello de Pontevedra, os sindicatos de traballadores... Unha cantidade imposible referir.

Pero o máis salientable e eu quedei abraiada coas declaracións de don Anxo Lorenzo

defendendo o decreto publicamente en Cataluña dicindo que era o máis axeitado para levar adiante unha educación igualitaria en galego e castelán. Ós poucos meses de ser proposto para o seu cargo decide cambiar absolutamente de postura. É tan tremendo que non temos palabras para o explicar pero vou citar algunhas propostas que os asustados directores lle presentan.

Os directores de Vigo asumen completamente o que propón a Asociación de Directores dos Colexios Públicos de Santiago: “As bases no seu conxunto son un despropósito e unha desconsideración ó profesorado no seu conxunto. Non se conta coas direccións do centros como responsables dos mesmos a nivel organizativo e pedagóxico, sendo non obstante responsables de aplicar unha normativa para a que non foron consultados e cuxa explicación resulta inviable cos recursos humanos e materiais cos que se conta. O resultado obvio será un conflito que redunde nunha diminución da calidade do ensino público. Nestes momentos que se está reclamando a autoridade do profesorado na aula, está obviada totalmente que prime a opinión dos pais, fundamentada nunha opinión pedagóxica e profesional. Consideramos unha agresión manifesta a unha lingua minoritaria coma é o galego.”

Non é posible que un alumno fale nunha lingua, escriba noutra, lea na seguinte e conteste ó profesorado no que lle dea a gana. Isto é do máis absurdo e anti-pedagóxico que se pode dar. Por iso solicitamos e apoiamos que o decreto 124/2007 veña outra vez ser debatido se vostedes teñen dúbidas, pero en modo ningún se pode admitir o que propoñen porque pedagoxicamente é inviable, imposible e non veñan con contos a non ser que sexa para destruír o ensino público porque no ensino concertado poden contratar e despedir ó seu pracer pero no ensino público o profesorado está aí e non se pode reciclar en inglés a todo o profesorado cando é unha lingua que en nada se parece ás nosas que proceden dunha base lingüística totalmente distinta.

Reconduzan a cuestión e póñanse a traballar e a considerar o decreto que vostedes botaron abaixo.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Gracias, Presidente, para empezar coa moción do mes de xuño, si, a ver se están de acordo con isto: igual competencia nas dúas linguas oficiais, igual tempo de dedicación a cada unha das linguas nas asignaturas atendendo á liberdade lingüística. A moción di: “Atender ós sectores implicados incluíndo necesariamente ós pais e nais”. Niso non están de acordo que non queren

que se consulten. “Definición dun modelo lingüístico que garanta a conveniencia das dúas linguas e a liberdade lingüística”. Liberdade é poder elixir, para iso lles hai que preguntar ós pais e vostedes están en contra de que se lles pregunte da liberdade para elixir. Igual competencia: as mesmas horas. Iso é igualdade de trato nas materias do ensino na nosa Comunidade Autónoma.

O PP nesta moción vai intervir, non ten medo ó debate, mesmo lle gusta este debate porque non vai suceder como hai dous meses co PSOE e o Bloque cando se presentou unha moción na que se pedía que se incluía o castelán coma lingua oficial do Concello e non quixeron intervir e votaron prohibir o castelán como formalmente, non legalmente porque iso non o poden facer de acordo coa nosa Constitución e o noso Estatuto de Autonomía, pero si esa manifestación formal de que non fose lingua oficial do Concello de Vigo.

“Nun estado libre lingua e mente deben ser libres”, dicía Cayo Suetonio hai case dous mil anos. No Concello de Vigo parece que o Sr. Caballero non segue esa máxima e que a lingua é unicamente a lingua que el sinala prohibindo a outra lingua oficial, ou tentando prohibir porque, insisto, o marco legal non o permite pero iso non lle importa a este goberno municipal. O PP nin limita a liberdade, nin ten medo ó debate porque sabe do apoio co que conta.

Hai once meses, nas eleccións autonómicas de Galicia o Partido Popular obtivo case oitocentos mil votos e 38 deputados, 39 se contamos os que votan en urna e contando cos que votan en urna, que é a mínima garantía de seguridade nunhas eleccións democráticas, os votos do Partido Popular superaron a suma dos do PSOE e do Bloque. Algúns aquilo non o admitiron, non é que non admitisen que perdesen porque evidentemente non só perderon no 2009, 2005, 2001, 97, 93, 89..., sempre perdían, e é que eles perdían todas as eleccións, senón o que non admitían era perder o goberno que conseguiran a través de pactos.

O resultado desas eleccións, de acordo con esa interpretación que facía o bipartito da vontade dos cidadáns a mensaxe era que os galegos e galegas dixeron que non querían nin ó PSOE, nin ó Bloque; nin separados, nin xuntos, nin pactando ningún tipo de alianza. Non querían que gobernasen Galicia nin separados nin xuntos, de acordo con esa curiosa interpretación que fixera o goberno bipartito no ano 2005. A reacción do Bloque e do PSOE que perderon o goberno, non as eleccións que insisto que as perderon sempre, foi o boicot. “Nin cen días, nin cen minutos, nin cen horas”, dicía quen era daquela conselleiro aínda e hoxe secretario xeral dos socialistas

galegos. Así fixeron o que fixeron en funcións. Se dicían en funcións que non lle ían dar ó novo goberno, que aínda non entrara, nin cen días, nin cen horas, nin cen minutos; así pasou o que pasou no período no que estiveron en funcións.

O Partido Popular de Galicia ganara por maioría absoluta cun programa e cunha vontade que manifestara de derrogar o Decreto 124/2007 coa finalidade de poñer fin á política de inmersión e de imposición e de establecer un sistema de liberdade. Insisto en que nun estado libre lingua e mente deben ser libres. A iso comprometeuse o Partido Popular: lingua e mente libres e non cativos coma sucedía co goberno bipartito. En Galicia os galegos e galegas apoiaron maioritariamente ó Partido Popular por este e por outros temas.

Hai unha cousa que ten o PP e que vostedes non teñen, cada vez que alguén do Partido Popular vai a unha reunión, a unha cafetería, entra nunha fábrica e ve dúas persoas sabe que unha vota ó Partido Popular. Ese é o apoio que ten o Partido Popular. A xente maniféstase libremente cando vota nunha urna; aí manifesta o seu apoio ó Partido Popular pero iso a algúns non lles gusta, próelles e moléstalles porque somos libres ó votaren. Por iso é importante a liberdade para votar, elixir e decidir e por iso o goberno da Xunta, elixido democraticamente con esa maioría absoluta, presentou unhas bases para poñer fin ó decreto que derrogará ó decreto da imposición, ó decreto da inmersión e ó decreto do bipartito.

É certo que a liberdade de elección podería estenderse a máis materias, pero o certo é que as bases supoñen ou tratan de compatibilizar a liberdade de elixir a promoción do galego e a existencia de dúas linguas oficiais en Galicia. Xa sei que no Concello de Vigo non hai dúas linguas oficiais ou formalmente non aparecen. Esta Xunta elixida directamente pola maioría absoluta presentou o decreto a todos os axentes, non houbo *decretazo*. No 2007 non se negociou con ninguén, non se fixo nada, presentouse por *decretazo* no 2007; era un decreto de consenso que non se negociou con ninguén. Por certo, lean un ditame do Consello Consultivo sobre a legalidade dese decreto.

Sobre a Academia Galega está moi ben que a cite. Contestación dirixida a Ánxela Bugallo, conselleira de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia: “A denominación oficial do país, normativa xuridicamente lexítima, é Galicia”. Na emenda que presentan sete veces falan de *Galiza*. Como vou apoiar eu un consenso se non se poñen de acordo nin co nome. Como dicía a anterior secretaria xeral de Política Lingüística do PSOE no Parlamento de Galicia: “Un país non pode ter dous nomes” e vostedes non poden

forzar e obrigar a cambiar o nome dun país. Se o queren facer fagan iso polas vías legais pero a Real Academia Galega díxolles que a denominación oficial de Galicia, normativa xuridicamente lexítima é Galicia e aquí no Concello, en documentos oficiais falan de Xunta de *Galiza*. Son os primeiros que incumpren as resolucións e os acordos no que si que é competente realmente que é en materia de toponimia a Real Academia Galega. Vostedes falan da Real Academia, atendan ós seus ditados, atendan ó que di tamén a Real Academia en materia de toponimia e non queiran impoñer un nome, mesmo algunha vez a través de sistema de coacción coa Xunta de *Galiza*. A Xunta é Galicia, non é "*Galiza*", polo tanto non cambien o nome á nosa terra e atendan ó que di a Real Academia Galega e non a citen para outras cousas. Cumpran no que, de acordo co Estatuto e de acordo coa Lei de normalización é a función esencial da Real Academia á que se lle encomenda o tema da toponimia. Galicia é Galicia, non Galiza.

Dende logo que hai outras opinións pero como dicía Montesquieu "Hai diferenza entre tolerar e aprobar". O Partido Popular dende logo está de acordo coa admisión e tolera outras posturas aínda que non as aprobe, o que pasa é que o PSOE e o Bloque o que non aprobaban non o toleraban e a iso se lle chama intolerancia. As bases cambian no sentido da frecha da imposición do bigoberno bipartito e da imposición agora se sinala cara á liberdade. Iso o Bloque non o admite porque non está de acordo co seu plan político e ideolóxico, co seu obxectivo de independencia ou o seu eufemismo de autodeterminación.

Sabemos que o Bloque é a esencia de Galicia, só eles son galegos e galegas, son os únicos que aman a Galicia, son os que defenden a Galicia. Son os transmisores, os gardiáns do que é Galicia, teñen unha función mesiánica na política respecto de Galicia e só eles son Galicia. Son alfa e omega, o principio e o fin, nada existe fóra do Bloque ata crear unha cultura galega; expiden tarxetas e carnés de galeguidade. O que pasa é que o 86% dos galegos e galegas non está de acordo con vostedes e o que pasa nas eleccións é que perden e se volven presentar e volven perder e pensan: "Explicamos mal a nosa mensaxe". Outra volta a explican e seguen perdendo. Só gañaron unha vez ó Partido Socialista, cando D. Abel Caballero se presentaba de candidato.

Teño aquí un recorte que di: "Beiras achaca o retroceso do Bloque á colonización mental dos galegos". O problema somos os galegos e enriba cando gobernan fano cun partido que se chama Partido Socialista Obreiro Español e non gañan nin cando

governan desa maneira.

De aí o seu desprezo ós votantes galegos e galegas que maioritariamente votaron o proxecto do Partido Popular de D. Alberto Núñez Feijóo, é algo que lles ven de lonxe. Que pasou en relación coa actuación do Bloque en materia de lingua? Que fai un partido como o Socialista que afirma que defende a Constitución cos que a negan? Que fai o Partido Socialista que afirma que defende o Estatuto de Autonomía e o Sr. Caballero...

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Alcalde, unha cuestión de orde, por favor.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Estou intervindo...

A PRESIDENCIA: Non interrompa, Sr. Tenente de Alcalde, despois lle darei a palabra.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Que diga que non ten argumentacións sobre o tema da moción, pero que se cinga ó contido da moción.

A PRESIDENCIA: Sr. Tenente de Alcalde, logo lle darei a palabra por unha cuestión de orde. Continúe, Sr. López-Chaves.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Gracias, Presidente, pero a ver se o goberno municipal deixa intervir á oposición.

Que fai o PSOE na manifestación na que se queiman bandeiras de España? E di o secretario xeral que é unha mera anécdota. Eu coido que queimar non é mera anécdota, maxinemos que diríamos en Vigo se nalgunha cidade galega se queimase unha bandeira de Vigo, sería unha mera anécdota? Non.

Que fai o Partido Socialista cun partido que esconde a bandeira de España na toma de posesión de cargos da Xunta? Que fai con partidos gobernando con eles que din que é un partido comunista patriótico que asume a loita de liberación nacional na perspectiva de instalación dun estado galego democrático-popular para rematar coa colonización que padece o noso país e que enmarca a súa teoría e práctica nos principios ideolóxicos e políticos de Marx, Engels e Lenin.

Que fai o Partido Socialista gobernando cos que non condenan o holocausto? Comunicado da Embaixada Israelí condenando a actuación do Bloque no Parlamento

de Galicia que se negaba á aprobación institucional de condena ó holocausto.
Que fai o Partido Socialista...

A PRESIDENCIA: Sr. López-Chaves, á parte de que xa rematou o seu tempo con creces, tente centrarse no tema da moción.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: A miña pregunta é, que fai o Partido Socialista apoiando e seguindo cos ollos pechados ó Bloque en materia de política lingüística? Porque é curioso que aquí se manifestan contra un decreto e sen embargo, Sr. Caballero, lea o programa do Partido Socialista no País Vasco para as eleccións de 2009, o mesmo día que as eleccións en Galicia, e na páxina 168 di: “O Partido Socialista de Euskadi pulou e defende o bilingüismo integrador respectuoso coa elección das familias e que non acantoe a lingua materna (...) Por iso propoñemos un modelo trilingüe que teña coma núcleo as nosas dúas linguas oficiais, euskera e castelán, ademais do inglés coma lingua estranxeira (...) Para a valoración do proxecto lingüístico de cada centro se contará coa vontade das familias”. Isto é o que conteñen as bases do decreto. Aquí van á rúa manifestarse mesmo con queima de bandeiras e en troques no País Vasco seguen o sistema que conteñen as bases. Por que aquí din unha cousa e no País Vasco outra? Será por que dependen dos votos do Bloque para o cargo? Fausto vendeu a súa alma pola sabedoría, aquí vendémola polo cargo? No País Vasco defenden o modelo trilingüe, son as bases que contempla o Partido Popular. Por iso, Sr. Caballero, apártense de quen non defenden a Constitución, sigan o modelo do País Vasco, veñan ó consenso constitucional e defendan este sistema. Non se reúna, non se vincule, non siga cos ollos pechados ó que fai o Bloque sinxelamente porque senón non lle saen os orzamentos do Concello de Vigo. Mire o que están facendo vostedes no País Vasco, volva ó consenso constitucional.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Unha cuestión de orde. Non imos seguir permitindo que o Sr. López-Chaves no uso da palabra para defender ou criticar unha moción que é o lexítimo que se ten que facer neste Pleno, utilice ese debate para lanzar inxurias, calumnias e difamacións sobre a nosa formación política. Se algún problema ten contra o BNG o Sr. López-Chaves que presente neste Pleno unha moción para falar do Bloque Nacionalista Galego e nesa moción poderá dicir o que coide oportuno. Non hai militantes do BNG que queimaran bandeiras españolas, si hai do Partido

Popular que seguen aínda hoxe enarborando as da Falange.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Sr. Alcalde, só unha aclaración. Non dixen iso.

A PRESIDENCIA: Sr. López-Chaves, vostede terá a súa rolda de intervención, pero quero entrar no fondo da cuestión que presenta o Sr. Domínguez Olveira para lle dar a razón. Temos que centrámonos nos puntos da orde do día. Non se pode facer un debate de todo en cada punto que é a técnica que está seguindo o Grupo do Partido Popular neste Pleno.

Polo tanto xa lles adianto que a partir deste momento non vou tolerar dende a Presidencia que se desvíen dese xeito manifesto dos temas obxecto de debate.

Por certo, Sr. López-Chaves, logo informareino sobre o que di o ROF sobre as emendas “in voce”.

Continue, Sra. Veloso Ríos.

SRA. VELOSO RÍOS: A verdade é que houbo un momento no que eu me perdín, xa non sabía moi ben de que estabamos a falar neste debate, que moción presentara, non tiña eu xa moi claro do que estabamos a falar.

O que si teño claro é que presentando unha moción sobre as bases que propón o goberno da Xunta de Galicia sobre o Decreto de ensino de linguas no noso sistema educativo, vostedes falan dos resultados das eleccións co que coído que, a touro pasado, poderíamos confirmar o que nós dicíamos daquela: que estaban utilizando a cuestión lingüística coma arma electoral porque a súa conclusión sobre o ensino das linguas é quen gañou as eleccións o primeiro de marzo.

Así que vai ser certo que vostedes durante a campaña electoral e durante o goberno do bipartito na Xunta de Galicia o que fixeron foi utilizar a cuestión lingüística coma unha arma electoralista, ó mellor é por iso que a FAES decidiu financiar a presentación e o autobús de Galicia Bilingüe porque era unha cuestión puramente electoralista. Por iso toda conclusión que sacan vostedes do debate sobre a cuestión da lingua no noso país é o resultado do primeiro de marzo que segundo vostedes os lexítima para calquera cousa.

Eu coído que non sabe moito de estatística porque o 47% dos votos emitidos dende logo non é a metade da poboación galega, porque non vota o 100% da poboación galega. O 47% dos votos emitidos non é unha de cada dúas persoas nunha cafetería,

ademais de seren unha valoración curiosa da opinión da cidadanía galega. Non parece que contén vostedes cos que non van as cafeterías, por exemplo.

Sinceramente, o que queda moi claro é que para vostedes é unha cuestión puramente electoralista, que vostedes non queren o consenso, que non o quixeron nunca; o que quixeron foi crear a confrontación para parecer como xusto termo medio. Os do BNG son os nacionalistas radicais que van queimando nenos que falan castelán por aí, o PSOE está absolutamente refén e cativo do Bloque Nacionalista Galego; menos mal que veñen vostedes poñer orde e as cousas na súa xusta medida. Coido que non, que foi xustamente ó revés e demostrámolo na moción que se presentou aquí en xullo e o están a demostrar vostedes agora. Está moi claro.

Voulle contestar a algunha das cousas, ás moi poucas argumentacións que vostede utilizou sobre a cuestión das bases. Voulle contestar unha vez máis coa análise da Real Academia Galega.

Dicíalle vostede ó Partido Socialista que se aparte dos que non defenden a Constitución. Aínda que xa non están moi cerca, entón dos primeiros que se terán que apartar será do Partido Popular. Leo textualmente o que di o informe da Real Academia Galega: “As bases que se analizan poderían producir un retroceso no proceso de normalización da lingua galega que infrinxe a lexislación vixente e máis a xurisprudencia emitida polos altos tribunais e que tampouco se sustenta na mellor organización do proceso pedagóxico, senón unicamente en promesas electorais que son de dubidosa legalidade e que por esa razón non parecen que se poidan validar polas urnas. Porque hai dous conceptos na doutrina constitucional que cómpre lembrar”.

O primeiro concepto a que se refire á Real Academia é: “Coñecer unha lingua é condición previa para poder exercer o dereito constitucional de usala”. O segundo concepto, tamén solidamente asentado na lei e na xurisprudencia, é “A discriminación positiva para corrixir desigualdades históricas. Os poderes públicos están obrigados a removeren os obstáculos que impidan ou dificulten a plenitude dos individuos (art. 9.2 da Constitución) e cando as desigualdades teñen o peso do tempo a Administración debe facer unha discriminación positiva a prol do marxinado. En palabras sinxelas quere dicir tratar igual ó igual, pero desigual ó desigual por iso se impoñen medidas activas a prol da muller e contra a súa discriminación”. Isto dio a Constitución.

Quen se está afastando da Constitución é o Partido Popular, non é o Partido Socialista

nin o Bloque Nacionalista Galego, porque a igualdade que postulan as bases, esa igualdade que din vostedes de 33-33-33, é a igualdade dos desiguais, é o galego, o castelán e o inglés. Tratan igual dúas ou tres linguas que non están na mesma situación. Están tratando de maneira igual tres linguas que evidentemente son desiguais, é máis, están tratando igual que ao galego e ao castelán que son linguas oficiais, a unha lingua estranxeira; isto xa é o absoluto delirio.

Outra argumentación que utilizou foi o da consulta ós pais e ás nais. Fíxense se estamos de acordo con esta consulta que o Decreto que está agora en vigor recolle a consulta a pais e nais, por suposto, pero non deciden porque non é función deles decidir. Si que se recolle a consulta o que pasa é que o Decreto vixente manda analizar tamén o mapa socio-lingüístico, os datos estatísticos da contorna e a información dos pais e das nais. Pero nas bases que vostedes presentan o decisivo é a opinión dos pais. Entón nos temos que preguntar, a Constitución recoñece o dereito a que os pais e as nais elixan a lingua no ensino? Volvemos outra volta á Constitución e vemos que non recolle ese dereito, é máis, o Tribunal Constitucional nega inequivocamente que os pais teñan dereito a elixir a lingua no ensino; di que os pais e as nais só poden intervir na educación en asuntos relativos á relixión ou á moral pero en ningún caso poden decidir a lingua do ensino dos seus fillos e das súas fillas. Unha recente Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia denegoulle a un pai o dereito a que o seu fillo fose escolarizado en Galicia só en castelán. Estoulle falando do Tribunal Constitucional e do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Entón, por suposto que estamos de acordo con consultar ós pais e ás nais, pero quen ten que tomar a decisión e a Administración que é a que ten a competencia do ensino no noso país.

Ademais a súa argumentación para defender a consulta a pais e nais é a liberdade das persoas pero, onde queda a liberdade das persoas cando nos niveis superiores a opción lingüística ten vixencia durante catro anos? Hai pais que poden impedir a liberdade de elección dos pais e das nais dos tres cursos seguintes e que están decidindo a lingua do ensino de alumnos e alumnas cando os seus fillos están xa estudando na Universidade. Onde queda a liberdade dos alumnos e das alumnas que están estudando e que teñen que asumir a decisión tomada polos pais e as nais de alumnos que nin sequera están xa nese centro, onde queda a liberdade das persoas? Xa se vamos ós niveis dos máis cativos, en infantil mesmo se está falando dunha segregación "light", de que haxa aulas con nenos que falen galego e outras cos que

falen castelán. Isto vai na súa liña. Aquí dende as administracións temos que preguntar: ti de quen es? Ti de que falas? Para dar a documentación en castelán ou en galego, para meter ó neno nunha ou noutra aula, para lle falar nun ou noutro idioma. Eu fágolles unha proposta: sexamos máis sinxelos ca todo isto, simplifiquemos as cousas, por que non poñemos no DNI xa directamente en que lingua falamos? Así xa as administracións saberán a que se ate. Co DNI afórranse as consultas, riscar unha cuadrícula no sobre de matrícula, aforramos pedirlle ó Concello a documentación en galego ou en castelán. Cunha pequena nota no DNI de “e ti de quen es?” xa o temos todo solucionado. Ese é o seu consenso, iso realmente non é desprezar á xente, iso é seren respectuosos con todos os cidadáns e cidadás.

Nós témolo moi claro e polo menos sabemos a que nos ater, sabemos perfectamente que non somos os únicos que defendemos o galego e a Galicia. Por exemplo o PP en Ourense tamén o ten moi claro, hai unha boa parte do PP que tamén defende o galego. Iso nós sabémolo, vostedes non sei se o saben ou non pero o problema o teñen vostedes que non o temos nós.

A PRESIDENCIA: Imos suspender o Pleno durante cinco minutos a efectos de resolver un problema técnico de megafonía. Comezarase novamente coa intervención do Sr. López-Chaves durante cinco minutos.

Neste intre, sendo as once horas e vintecinco minutos suspéndese a sesión por problemas coa megafonía da sala dos Plenos. Continúase a sesión as once horas e trinta e oito minutos.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Hoxe estamos aquí asistindo a unha nova teoría política; as eleccións fanse, cada partido preséntase co seu programa electoral pero agora resulta segundo o BNG que o partido que gaña non ten que aplicar o seu programa electoral senón que ten que aplicar o programa do que perde as eleccións. O BNG está acostumado a gobernar sen gañar as eleccións e agora dende a oposición tamén queren gobernar. Para facelo hai que gañar, polo menos chegar a un pacto con outro partido como pasou na lexislatura pasada. O Partido Popular gañou e iso dálle lexitimidade democrática para elaborar os programas de goberno.

Nese programa electoral aparecía o compromiso que se recolle no Decreto. Só faltaría que agora a Sra. Veloso e o Bloque Nacionalista digan que o programa

electoral é para non o cumprir. Estase cumprindo o previsto no programa electoral e dende logo o Partido Popular gaña as eleccións con ese 47% dos votantes que efectivamente e coma di vostede non votan todos porque exercen o seu dereito a non votar, ou porque se absteñen, ou porque votan en branco pero, agora imos poñer en dúbida as eleccións? Sinxelamente contando os que votan o programa electoral, veríamos nalgúns estatutos ou referendos que dubidosa lexitimidade terían algunhas consultas, sobre todo as que se realizaron nos últimos meses ou anos en España.

O Partido Popular levaba no programa electoral este proxecto e estao a cumprir e ten o apoio dos electores. Que máis se lle pode pedir a un goberno democrático? Eleccións, programa electoral; gaña as eleccións e aplica o programa electoral. Iso é criticable? Parece que para algúns si é criticable que se siga o programa electoral.

Falou de igualdade e da Constitución, agora nos fala da Constitución e o Bloque abéirase na Constitución. Paréceme ben que o faga agora cando sabemos cal era antes a súa postura respecto dela. Pero cando fala da igualdade do artigo 17, ese artigo 17 di: “Toda persoa ten dereito á liberdade e á seguridade” e todos os temas de dereito e de igualdade que recolle a nosa Constitución van referidos ás persoas. É un dereito subxectivo, fai falla que o titular dese dereito sexa unha persoa, un ser humano dotado de intelixencia e vontade; eses son os titulares dos dereitos subxectivos e polo tanto non se pode estender a igualdade, dereito constitucional, dereito fundamental que mesmo a súa modificación e reforma esixe un quórum cualificado, a outros dereitos que non aparecen na Constitución.

Mesmo citou Sentenzas do Tribunal Constitucional que non din o que vostede está dicir. Parece que agora somos todos aquí: Savigny o Federico de Castro e que todos interpretamos as normas. O que dicía o Tribunal Constitucional é que ninguén se pode opoñer á normativa lingüística aprobada por un goberno autónomo,. A sentenza do pai que quería o ensino en castelán, o que di o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia é que non se pode opoñer o pai en liberdade de elección para non aplicar unha norma aprobada por un goberno; pero a norma aprobada por un goberno pode conceder ós pais a liberdade de elección. Son dúas cousas distintas, non pode un aplicar ou ir en contra dunha norma aprobada por un goberno autonómico en materia de normativa lingüística, pero se o goberno aproba esa norma si van poder os pais exercer esa liberdade.

Sobre o galego insisto novamente en que moitas veces se presentaron a eleccións

autonómicas, eleccións onde gaña o Partido Popular, no rural tamén. Hai máis votantes do Partido Popular na nosa provincia que falan galego que votantes do Bloque Nacionalista Galego. En canto ás outras posturas que vostede di que semella que exclúen a algúns e que utilizan a lingua sinxelamente coma arma política, non o deben facer, non deben utilizar o galego coma arma política.

Agora di que pasa na consulta respecto do decreto do galego que son catro anos. Igual que as eleccións, unha persoa con dezasete anos non vota, chega ata os vinte e un e, ese goberno para el non é válido porque non votou nesas eleccións? Evidentemente votan e pasa un prazo para decidir, como pasa en todos os sistemas democráticos. Poñemos en dúbida o sistema democrático? Vótase e son catro anos nas eleccións municipais, autonómicas e xerais e quen é menor e non vota logo está vinculado polas decisións dun goberno que el non elixiu.

O que dixo do DNI coido que é algo moi interesante, é unha achega á construción lingüística de Galicia que apareza o DNI. Respecto do que vostede di, insisto en que o PSOE segue sendo refén do Bloque Nacionalista Galego. Dicíao Méndez Romeu: “A actitude do Bloque foi un problema continuado logo das eleccións. Coido que se hai que desmarcar do Bloque cara ás municipais e non aparecer coma reféns”. O problema é que antes eran reféns polo goberno, agora o son tamén na oposición.

Por iso insisto, o programa electoral socialista do País Vasco recolle o mesmo modelo que vostedes están aquí manifestándose contra el. Non se pode dicir unha cousa nun sitio e outra noutro. Este sistema que establece o Partido Popular, que se poderá mellorar, que podería ser de máis liberdade na elección de materias é un sistema que defenden gobernos democráticos e o Partido Socialista nas eleccións autonómicas. Por que aquí tachan a este borrador de decreto coma unha barbaridade cando recolle os criterios que defende o Partido Socialista no País Vasco? Insisto en que veñan aquí novamente o consenso constitucional, non sexan reféns na oposición do Bloque Nacionalista Galego.

As cartas do Alcalde que aquí vota en contra de que os textos estean nas dúas linguas, el envíaas nas dúas linguas. Vota unha cousa e fai outra. Semella que ten un bilingüismo vergoñento, que non pode votar aquí no Pleno porque depende dos votos do Bloque que se mande a documentación nas dúas linguas e el faino.

Señores do PSOE; coido que é importante que vostedes recoñezan que o decreto é equivalente ó que defende o Partido Socialista noutras comunidades históricas de España, que ese decreto haio que negociar. Volvan ó consenso e non organicen nin

vaian a manifestacións, nin digan as animaladas que están a dicir contra as bases do decreto cando recolle criterios que vostedes defenden noutra comunidade histórica de España.

Insisto en que o Partido Popular votará en contra desta iniciativa. No programa electoral comprometéase co decreto e os programas electorais son para cumprir e o programa que se cumpre non é o do partido que perde as eleccións e está na oposición, é o do partido que está no goberno porque para iso está a lexitimidade democrática dos votos e o Partido Popular evidentemente demostro nestas eleccións que o apoiaron os galegos con esa maioría suficiente para mesmo ter unha maioría absoluta no Parlamento de Galicia.

Polo tanto se aplicou o programa do Partido Popular e, señores do Partido Socialista, tenten chegar a un acordo sobre este tema e non segan sendo reféns na oposición do Bloque Nacionalista Galego.

SRA. VELOSO RÍOS: Para rematar, en primeiro lugar lamentar que neste Pleno non volvamos demostrar o consenso en política lingüística e que despois que no mes de xullo todas as forzas políticas apoiásemos unha moción presentada polo Grupo do Partido Popular instando á Xunta de Galicia a garantir a igualdade de competencia en galego e en castelán a todos os nenos e nenas do noso país, hoxe non podemos facer o mesmo.

En segundo lugar insistir en que dende o Bloque Nacionalista Galego pensamos que as bases propostas polo goberno da Xunta de Galicia, goberno lexitimamente democrático por suposto, ninguén o pon en dúbida, presentan unha serie de problemas moi importantes, comezando pola súa dubidosa legalidade, pola súa dubidosa adaptación á Constitución Española, pola súa dubidosa garantía da liberdade lingüística dos individuos do noso país e dende logo pola súa dubidosa intención de promover o uso do galego no noso país.

Por iso insistimos en que é preciso retirar estas bases e consensuar, de seren necesario logo da correspondente avaliación, un novo decreto para substituír o actualmente en vigor que entendemos que en principio debería cando menos seren avaliado antes de seren substituído.

Pouco máis hai que dicir porque o debate unha vez máis tivo bastante pouco que ver co contido desta moción; unha vez máis atopámonos coa intención pola parte do Grupo municipal do Partido Popular de facer absolutamente non operativo o foro

democrático de representación da cidadanía na nosa cidade. Aquí é onde vimos debater cuestións políticas a partir de mocións presentadas polos grupos políticos e o que pretende a oposición non é construír nin debater, senón facer non operativa a cámara de representación da cidadanía viguesa. Lamentamos isto unha vez máis e propoñemos a votación desta moción que realmente está traendo ó Pleno do Concello de Vigo a posición maioritaria da sociedade galega porque neste caso o Partido Popular está só e nin sequera todo o Partido Popular, só parte del.

(Está ausente o Sr. González Sagarra do Grupo Popular)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Ríos contra o decreto do galego no ensino, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Antes de pasar ó punto oitavo e para os efectos do funcionamento do Pleno, quérolles ler o artigo 97.5 do ROF, Regulamento orgánico de funcionamento, que di: “Emenda é a proposta de modificación dun ditame ou proposición presentada por calquera membro mediante escrito presentado ó Presidente”. Só para que quede constancia.

En segundo lugar reiterar unha vez máis que en ningún parlamento democrático deste país deixa de presentarse unha moción por escrito con independencia de que a modalidade sexa “*in voce*” que non é máis que o facer durante o debate.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Sr. Alcalde, o 26 de xaneiro vostede non cumpriu iso

porque admitiu unha emenda “*in voce*” sen se presentar por escrito.

A PRESIDENCIA: E por iso lle acabo de admitirlle outra a vostede, para suplir a súa incapacidade de aterse ó regulamento,

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Prego que retire a palabra “incapacidade”.

A PRESIDENCIA: Incapacidade de aterse ó Regulamento deste Pleno. Non ten a palabra.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: A palabra téñoa, vostede quitouma. Artigo 23.c.

A PRESIDENCIA: Sr. López-Chaves, retírolle a palabra. Non ten a palabra, non lla vou dar. Por última vez, non o volverei apercibir, á seguinte rogareille que abandone o Pleno.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Só quero que lea o artigo 23.c, leáo.

A PRESIDENCIA: Non siga por aí, Sr. López-Chaves, non ten a palabra.

8.- (8).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO A CONTINUACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE REVISIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL. DOC. 90132942.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de setembro de 2009, número de entrada 90132942, o concelleiro do Grupo municipal do partido Popular, Sr. Martiño Gómez, formula a seguinte moción:

“Transcorrido un ano e medio dende que se iniciou o expediente para a contratación dos servizos de revisión do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo, atopámonos a día de hoxe con que aínda non existe unha empresa que estea realizando o inventario necesario para o coñecemento exhaustivo de todas as posesións do Concello.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación

do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Que se reinicie coa maior celeridade e rigorosidade posible, o expediente para a realización da contratación dos servizos de revisión do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo, para dar servizo ás necesidades dos cidadáns e dos distintos servizos que conforman este Concello.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. MARTIÑO GÓMEZ: O que pasa é que eu logo de ver todo o que se está montando aquí non sei se debater ou non esta moción, porque a falla de liberdade aquí é bastante ostensible.

A PRESIDENCIA: Sr. Martiño, agarde un momento.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Teño a palabra nestes momentos porque ma deu vostede.

A PRESIDENCIA: Non, nestes momentos non porque o Presidente deste Pleno estalle a dicir que pare a intervención. Dareille novamente a palabra con todo o tempo dende o principio.

Aquí estamos aplicando o Regulamento avalado pola Secretaria do Concello e polo tanto vostedes cínganse a el.

A partir de aí, Sr. Martiño, ten a palabra para a súa moción.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Para este mes estaba prevista a presentación do novo regulamento, pero no artigo 23 do existente dise algo que vostede non quere que lea pero a min si que me gustaría, di o seguinte: “Poderá solicitar o uso da palabra...” Só lle pido unha cuestión de orde para que poidamos seguir coas mocións coa maior liberdade posible. O Regulamento recolle determinados aspectos que a secretaria pode certificar.

A PRESIDENCIA: Límitese a expoñer a cuestión de orde.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: “Se un concelleiro estima que foi chamado á orde ou privado do uso da palabra inxustamente poderá pedir o amparo do Pleno expoñendo as súas

razóns nunha breve intervención”.

A PRESIDENCIA: Sr. Martiño, o Sr. Concelleiro fixo reiteradas intervencións de orde co único obxecto de parar este Pleno e este Presidente non lle vai tolerar ó Sr. López-Chaves nin a ningún outro concelleiro que obstaculicen o normal desenvolvemento. Advertín iso na anterior intervención a proposta do Sr. Domínguez Olveira. Céntrese na cuestión e continúe a súa intervención.

Por certo, acábolle de demostrar, como demostrei ata agora e seguirei demostrando que as emendas se teñen que presentar por escrito e ese era o obxecto da discusión. Di iso a Secretaria, o ROF e as normas. Polo tanto a partir de agora...

Está habendo unha obstaculización permanente deste Pleno pola parte do Sr. López-Chaves e non lla vou tolerar.

Continúe co punto oitavo.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Eu o único que agardo é que se siga con liberdade neste Pleno porque senón parecerá que os regulamentos non existen.

Esta é unha moción que xa se presentou hai un ano e solicitábase a aprobación dun novo inventario do Concello, pero como ó Sr. Alcalde non lle importaba nada ausentouse e ó final tivemos que...

A PRESIDENCIA: Sr. Martiño, non estou disposto a que isto continúe por aí. Está facendo vostede unha utilización dunha ausencia do alcalde, que non pode estar aquí sentado durante sete horas por razóns entendibles, coma se fose unha falla de interese e non llo tolero.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Sr. Presidente, o motivo polo que vostede se ausentou non é motivo polo que todos nos ausentamos, senón que foi unha rolda de prensa e non lle importou para nada esta moción. Esta moción é importante para todos os cidadáns desta cidade.

A PRESIDENCIA: Sr. Martiño, o presidente pódese levantar, súpleo o Sr. Tenente de Alcalde con todos os dereitos para facer cuestións que todo o mundo pode entender ou cubrir algunha actuación.

Continúe, Sr. Martiño, pero esa atribución de falla de interese é falsa.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Sr. Presidente, eu pídlle por favor que non me interrompa nas miñas valoracións políticas. Eu entendo que ó mellor a vostede moléstalle que as faga pero estamos nun estado de dereito e este permite esas valoracións.

Volvo dicir que cando se tratou esta moción vostede ausentouse pero non por unha cuestión de tipo puntual, senón para facer unhas declaracións que non sei se eran máis importantes ca moción. Está claro que vostede se ausentou e que esta moción a vostede non lle importaba. Volvo dicir que agardo que non faga o mesmo nesta ocasión.

No seu momento se presentara esta moción porque a oficina de Patrimonio do Concello recibe varias visitas e consultas telefónicas dos cidadáns desta cidade para pedir información sobre aproveitamento de espazos interiores e cesións de uso de superficie; tamén as asociacións queren coñecer os espazos que pertencen ou estanlles reservados, os presidentes de comunidades e en xeral os cidadáns solicitan coñecer cal é a titularidade do Concello e a de seu, así como os mantementos correspondentes.

Para coñecer dos mantementos das zonas verdes, de patios interiores, etc., é necesario ter un inventario e así as persoas non terán que reclamar tal e como vimos neste Pleno onde houbo concretamente tres reclamacións ó inventario. Nestes momentos hai dúas reclamacións desestimadas, coa outra xa veremos.

O inventario é necesario para un estrito control do mantemento, da limpeza e sobre todo para coñecemento da Concellería de Distritos, así como tamén é moi necesario para o coñecemento das cesións, para as titularidades das propiedades.

A información que se está a facilitar nestes momentos provén dunha empresa cuxos traballos quedaron paralizados pola súa incapacidade para cumprir os prazos e para que os datos non fosen erróneos porque algún deles si que o foron. Había un desaxuste evidente na información que se daba e, como non, unha mala execución na correspondencia dos epígrafes. A cidadanía ven aquí reclamando uns dereitos e para iso nós lle estamos a dar unha información que non é de todo veraz.

Que pasa con esas informacións que por mor delas unha persoa entende que está desestimada a súa reclamación, coma se ve no punto 3 da orde do día deste Pleno? Pasa o mesmo no punto 4, pero estas persoas non van parar aquí porque posiblemente a súa reclamación ó inventario deste camiño sexa para construír unha vivenda. Eu garántolle que estas persoas van ir os xulgados para reclamar e así o

podemos ver en moitos expedientes de reclamacións ó inventario sobre titularidades de camiños. Non se está aplicando o que contempla o Plan Xeral referente a camiños e hai un descontrol total por parte da Xerencia de urbanismo que ten que pedir información a Patrimonio porque hai cesións, APIs, cesións de uso de superficie ou zonas verdes, así como camiños que contempla o Plan Xeral que non figuran no inventario e moito menos a información que se lles da ás asociacións..

Pero vou ir máis alá, vou ir ó presuposto que din que vai saír en marzo. Se non temos un inventario correcto non sabemos de que bens é titular este Concello e por conseguinte non se poden facer as correspondentes amortizacións sendo polo tanto imposible que o orzamento sexa correcto xa que non temos a titularidade desa finca. Pero non só non se dan certas amortizacións no orzamento, senón que o Concello deixa de seren titular de fincas coa conseguinte perda de cartos que podería ocasionar porque, aínda que esta cidade está parada, de se chegaren facer un PERI e de ter o Concello a titularidade dalgunha finca incluída nel teríannos que pagar por ela, pero se o Concello non a ten perde esa opción. Isto pasou xa cando os particulares tiveron que ceder terreos por mor das obras da autoestrada, do cinto, que non figuran porque o inventario non está actualizado.

Agora gracias á Xunta do Partido Popular de Galicia está saíndo adiante unha obra importante que é o cuarto hospital e dáse o caso que hai terreos que non sabemos se son ou non propiedade do Concello de Vigo, hai terreos dos que se descoñece a súa titularidade e posiblemente sexan cesións que se tiveron que facer ó Concello pero que non están no inventario.

Con isto explícase a gran necesidade que ten este Concello de ter un inventario correcto e preciso, en primeiro lugar para lles dar información veraz e precisa a todos os cidadáns deste Concello; en segundo lugar para ter un bo control das propiedades municipais e en terceiro lugar para coñecer que lle pertence para poder vender, allear ou ceder.

Sabendo a necesidade imperiosa que ten o Concello para ter o inventario, o que está clara é a incongruencia total deste procedemento. O procedemento de contratación dos traballos do inventario comezouse dúas veces, ningunha destas dúas veces fíxose con carácter urxente. Ese é o interese que ten o Sr. Caballero no inventario do Concello de Vigo. Ningún dos dous expedientes que se comezaron foron urxentes cando este carácter ou mesmo o de emerxencia, como foi o caso dos socorristas, vostedes o utilizan cando non se pode realizar. Neste caso non utilizaron a urxencia

cando si era necesaria.

En febreiro do ano 2008 comezouse a tramitación deste expediente dos traballos do inventario quedando o concurso deserto. Dirán vostedes que foi porque as empresas non quixeron licitar e coma sempre lles botarán as culpas ós funcionarios porque para vostedes sempre é así. Pero non, quen xestiona é o político e é tamén quen ten que estar ó tanto de todo.

Comezouse o segundo expediente o 27 de marzo de 2009 quedando novamente deserto. Foron dúas veces, só falla que se produza unha terceira vez. Logo vou dicirlle a vostede como o ten que facer para que non volva incorrer nos mesmos feitos.

Remato pedindo que o máis axiña e coa maior rigorosidade posible se comece o expediente para a contratación do servizo de revisión do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo para lles dar servizo ós cidadáns.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Martiño, compróbase polo inicio da súa intervención que o que menos lle importa é o inventario deste Concello, todo o que alega é a falla de liberdade, pide e reivindica o estado de dereito pero o primeiro que se o ten que aplicar é vostede. Neste Concello a liberdade está completamente garantida e son vostedes, como grupo político, quen permanentemente, como así dicía o Sr. Alcalde, tentan desestabilizar este Pleno. Dixémolo xa nalgunha ocasión que só fai falla ver a actitude de todos vostedes para comprender que queren converter este Pleno nun circo, pero non o van conseguir. Neste Pleno respéctanse os dereitos que vostede ten. O Alcalde pódese ausentar cando o precise por un motivo persoal ou por razón do seu cargo, ten o mesmo dereito que vostede e o mesmo que ten o Sr. González Sagarra que non está hoxe no Pleno.

Este goberno ten moito interese no inventario, como lle vou demostrar, igual que o ten no resto dos temas e o que permanentemente se demostra é que son vostedes quen non teñen ningún interese no inventario nin nas cousas da cidade. Antes de lle relatar o que ocorreu con este concurso, toda esta alegación que ven de facer vostede, a quen lla fixo? A min, á Sra. Porro ou ó Sr. Guerra, concelleiro de Patrimonio no anterior goberno? Todo isto que dixo vostede de que se os cidadáns veñen reclamar e demais, a quen llo di? A Sra. Porro foi alcaldesa durante tres anos e medio, a diferenza do que fixen eu, quéreme dicir que fixo a Sra. Porro polo inventario? Que fixo por eses “pobres” cidadáns, por esas posesións e por esas

propiedades que o Concello vai perder? Absolutamente nada.

Nisto como en todo o demais nótase no Grupo Municipal Popular unha falla de coñecemento total. Para que vostede e máis os cidadáns o saiban voulle contar coma é a evolución do inventario deste Concello, porque fíxese que se aprobou no ano 1993 e ven vostede dicirme dezasete anos despois que isto habería que facelo con moita celeridade, que hai unha incapacidade tremenda e pretende darme leccións de como se debe facer. Fíxese que de ler ben os antecedentes non faría o ridículo político que está a facer neste Pleno coa presentación desta moción.

Dende o ano 93 o único que se fixo aquí foi contratar no ano 2002 unha asistencia técnica cando xa se demostraba que ese inventario estaba obsoleto e que precisaba de actualización. No ano 2005, Sr. Martiño, pregúntelle a membros do seu partido e á Sra. Porro, que coido que máis ben se dirixe a ela en troques de se dirixir a min, só con persoal propio municipal efectúanse traballos de revisión para unha mellora do inventario. En tres anos e medio a preocupación da Sra. Porro e do seu goberno foi encargar a funcionarios municipais que o fosen mellorando un pouco. Agora chega aquí querendo dar leccións sobre como se debe abordar este procedemento e sobre todo cuestionando o que se fixo.

Sr. Martiño, dá o mesmo que falemos do inventario, do hospital ou mesmo de talante político porque novamente demóstrase a diferenza entre vostedes e nós. Coma ben sabe accedemos ó goberno da cidade en xuño do ano 2007 e no ámbito de Patrimonio, que é o que máis coñezo, no do Persoal ou en calquera ámbito, alí onde se abre un caixón ou unha carpeta neste Concello vese que o goberno anterior o deixou todo absolutamente empantanado. Sr. Martiño fíxese se me importa como concelleiro-delegado do Alcalde e en consecuencia se lle importa ó Alcalde que en seis meses nós fixemos o primeiro concurso público ó que se puideron presentar todas as empresas porque coidabamos que o inventario necesitaba dunha actualización e dunha comprobación e efectivamente sacamos ese concurso público. O que pasa é que á hora de abordar un concurso público tamén hai diferencias entre vostedes e nós. Vostede di que se non é cousa dos funcionarios, de que se nós sempre nos metemos con eles e que quen xestiona é o político e efectivamente, o político deste goberno con responsabilidade neste tema son eu e en menos de seis meses decidín que se sacara un concurso público e os funcionarios fixeron a parte que lles correspondía. Dezasete anos despois, comigo como concelleiro e co Sr. Caballero coma alcalde, sacouse por primeira vez un concurso público para todas as

empresas que queiran optar para reformar o inventario. O que pasa, Sr. Martiño e parece mentira que o diga vostede, é que cando eu como político saco un concurso me despreocupo del e sinxelamente corresponde no ámbito de actuación administrativa o desenvolvemento deste concurso.

Pero vostedes teñan a forma de facer política de ventilador expansivo para todo que pouco menos que tamén somos responsables de que non se presentaran empresas ou que fosen poucas e tiveramos que deixar deserto o concurso sempre por temas legais. Ocorre que este goberno, como xa lle dixen en moitas ocasións, cumpre coa legalidade e, cando debe, declara deserto o concurso. Nós non manipulamos, nin incidimos en ningún concurso. Esa é a diferenza.

Fíxese se é rápido este goberno e se lle preocupa o inventario que a Xunta de Goberno Local o 7 de outubro de 2008 declarou deserto o concurso polas argumentacións legais que corresponden, pero son datas que a vostede non lle interesa dar. Oito días máis tarde, o 15 de outubro de 2008, novamente iniciiei un novo procedemento para a adxudicación da revisión do inventario. Novamente, Sr. Martiño e que o saiban os cidadáns, volvemos cumprir coa legalidade, pero tamén coa iniciativa política de preocupármonos por un problema polo que a Sra. Porro non se preocupou durante tres anos e medio porque nesas datas debía xa estar pensando noutras cousas.

Novamente convocouse o concurso, séguese o procedemento legal que sempre segue este Concello e o desenvolvemento do concurso ó que se poden presentar as empresas e prodúcese un recurso especial en materia de contratación que ten que resolver este Concello.

Todo isto demostra ás claras en primeiro lugar que en moi pouco tempo este goberno preocupouse polo inventario, que cumpriu escrupulosamente co desenvolvemento do concurso e que unha vez lamentablemente tivemos que o declarar deserto. O primeiro que lamenta este atraso son eu, o que pasa é que vostede no canto de lamentalo polo ben desta cidade máis ben se alegra de que, polo problema legal que sexa, un concurso se poida dilatar. A partir de aí seguimos escrupulosamente a normativa de contratación á que eu entendo que non estean vostedes acostumados por outras actuacións de gobernos anteriores e en moi pouco tempo, 8 días, convócase un novo concurso

Os funcionarios de Patrimonio seguiron traballando dun xeito moi eficaz cos medios que teñen para actualizar este inventario, para dar información ós cidadáns que o

solicitan, atender as súas reclamacións e resolver en Pleno as procedentes resolucións de estimación ou de desestimación como vostede ben indicaba.

Con isto o que lle ten que quedar claro, porque vostede tenta confundir á cidadanía, é que o servizo de Patrimonio estivo permanentemente traballando e non hai ningunha sentenza nin reclamación resolta en contra deste Concello.

Demóstrase claramente por todo o que vostede quixo agochar a este Pleno e ós cidadáns, e non se trata de poñerse medallas, que é unha evidencia que hai xestión eficaz neste goberno na súa globalidade, pero insisto en que resolver este problema concreto foi unha das miñas preocupacións como concelleiro-delegado polo Alcalde. Pregúntelle á Sra. Porro que fixo durante tres anos e medio. Pero mellor non lle pregunte porque xa lle digo eu que non fixo nada.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Antes de nada dicir que xa nos teñen vostedes acostumbrados a que se abran os sobres antes de que cheguen ás Mesas de Contratación e tamén a que a Policía Científica se presente neste Concello.

Teñen que deixar de facer tantos panfletos e dedicarse a gobernar. Se realmente tivera algún tipo de interese no inventario municipal en primeiro lugar tería declarado urxente o concurso.

A inoperancia deste goberno do Sr. Caballero é total e absoluta. Os cidadáns reclaman información para poder construír a súa propia vivenda ou para o arranxo dos viarios e para iso o camiño ten que ser público. Pero a realidade é que non se lle pode facilitar porque o inventario non é absolutamente veraz.

Ten vostede información dos antecedentes porque goberna, pero nós tamén a temos e aínda que non adoito falar das empresas, si lles vou falar de SOLOPLAN, S.L., adxudicataria do expediente aprobado en Xunta de Goberno en 2001 pero que polos motivos que xa indiquei anteriormente como o prazo, a veracidade, os epígrafes, que os subministros coinciden cos solicitantes, quitáronlle o contrato. Isto pasou cando o Partido Popular comezou a gobernar coa Sra. Porro. Sr. López Font, revise ben os datos, houbo unha adxudicación de 150.000 euros nunha Xunta de Goberno o 21-12-2001, pero ó final e polos motivos antes descritos á empresa se lle eximiu de realizar o inventario municipal. Todo isto coincidiu coa época na que comezou gobernar a Sra. Porro. Non é que se lles dese o traballo de realización do inventario ós funcionarios que, aínda que algúns do seu lado pensen que os funcionarios non están capacitados eu entendo que si o poderían facer, pero eles deben facilitarlles a información ós

cidadáns e non imos investir o seu tempo en facer un inventario. O concurso adxudicóuselle a unha empresa que realmente non rematou o contrato por falta de coherencia cos polos prazos, etc. Foi aí cando os funcionarios tiveron que facer os traballos.

Vostedes chegaron logo e tentaron facer algo rápido sen analizar polo miúdo o que hai que facer porque, Sr. López Font, os funcionarios encárganse dos trámites técnicos, pero os políticos se encargan das necesidades dos cidadáns e iso vostede sempre o está obviando. Non fixo no seu momento o estudo da situación do inventario e as posibilidades de mellora coma fixeron no Concello de Ourense onde o correspondente concelleiro viu as necesidades dos servizos e así nun ano tiveron un novo inventario. Vostedes téñenos acostumados a que os sobres das plicas se abran antes de chegar á mesa. Sr. López Font, iso pasou neste Concello onde tivo que vir a Policía Científica recoller pegadas. Cousa que aquí nunca acontecera.

Cando presentei esta moción por primeira vez, que o Alcalde estaba ausente, vostede xa daquela lles botaba a culpa do atraso ós funcionarios. Dicía que tiñan moito traballo polas humanizacións e que faltaba o informe da Asesoría Xurídica, isto esta recollido na acta ou é que, tamén os funcionarios desta casa recollen mal o que vostede di? Só faltaba, Sr. López Font, que todos foran malos, agás vostedes que son os bos.

O que nós si facemos, que non vostedes, é o seguimento dos expedientes. Os expedientes importantes como o do inventario, necesitan un absoluto e total seguimento e o que non se pode pretender é que se dean informes sobre o inventario de camiños tan só en base a unhas informacións que os propios técnicos din que non son fiables nin seguras. Por iso precísase unha remodelación do inventario, senón pregunten.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Martiño, tenme acostumado a unha dispersión absoluta na presentación das súas mocións, pero hoxe se está superando a si mesmo porque non entende ninguén o que vostede quere dicir. O que é increíble politicamente é que vostede teña a ousadía de vir este Pleno dicindo que este goberno non fixo nada cando ós cinco ou seis meses de estaren no goberno sacamos un concurso público cumprindo coa legalidade, volvemos sacar en oito días outro concurso público e vostede que fala de urxencia pertence ó partido político no que a Sra. Porro durante tres anos e medio non fixo nada polo inventario municipal. Como se atreve?

Como é posible aínda que vostedes no tempo no que estamos gobernando nos sorprendan cada vez máis? Que me di dun concelleiro ou do que fixeron no Concello de Ourense? Eu son responsable do que fago neste Concello e aí están os cidadáns para xulgar, pero o interese e a celeridade que non tivo ningún goberno dende o ano 93 porque coido que ata descoñece vostede a data de aprobación plenaria do inventario deste Concello.

Como é posible que me fale dun procedemento de urxencia? Este é un procedemento en principio normal que tería que saír antes de non existiren unha serie de atrancos legais en relación coas empresas. Urxente, Sr. Martiño, é como tiña a Sra. Porro ós cidadáns mollándose na lonxa cando viñan facer unhas xestións; iso si que era urxente e en tres anos e medio tampouco fixo absolutamente nada.

Sr. Martiño, para que o saiban os cidadáns, o inventario municipal actual aprobouse por Pleno, os funcionarios deste Concello traballaron correctamente na súa comprobación e actualización e é certo que este inventario necesita dun traballo moi importante de actualización e comprobación e ese traballo só o encargou este goberno.

Polo tanto non me acuse de lle botar a culpa ós funcionarios. Xamais fixen iso, os funcionarios saben perfectamente que co tipo de mocións que vostedes presentan son vostedes quen os están facendo culpables a eles; si que o saben. O que pasa é que é moi fácil facer o discurso demagóxico. Os funcionarios teñen uns dereitos e uns deberes que como concelleiro de Persoal fago cumprir, polo tanto se eu nun momento determinado dixen publicamente neste Pleno e está recollido na acta, que había unha serie de informes a realizar anteriormente, aí é onde lle doe a vostede. Dóelle que a Sra. Porro fixera dúas rúas e nós xa pasamos dun cento. O problema foi o cadro de persoal que vostedes deixaron, que deixou o Sr. Guerra, actual conselleiro da Xunta de Galicia, por un acordo asinado cos sindicatos do que aínda non me poden amosar ningún papel dese acordo. Ese era o xeito, a transparencia e demais de negociar do Sr. Guerra e por iso estamos nesta situación.

A Mesa de Contratación como todo este goberno cumpre coa legalidade. Pódese producir unha incidencia de que alguén nun acto de delincuencia, que xa o digo aquí, abra uns sobres, sexa ou non funcionario, pero iso non é imputable ó goberno. O que si é imputable a este goberno é a transparencia e a legalidade durante dous anos e medio coa cantidade de decenas de millóns que sometemos a concurso.

Menciona unha serie de cousas, que se perdemos propiedades e demais, pero a Sra.

Porro cando se falaba do hospital de Vigo dixo publicamente descoñecer que terreos da zona pertencían ó Concello. Ela fora alcaldesa de Vigo e parece mentira que non se preocupara polo inventario.

Agora eu pregúntolle, en todos os desenvolvementos urbanísticos que fixo o anterior concelleiro de Urbanismo hai posibilidade de que o Concello perdera algunha das súas propiedades? Porque escoitándoo a vostede falar sobre o risco deste Concello... Nós si sabemos o que fixemos pero ó mellor, con esta información moi nesgada e cunha utilización tan parcial coma a que fai vostede, nos desenvolvementos urbanísticos que fixo o anterior concelleiro de Urbanismo igual perdemos polo camiño.

A preocupación do actual goberno polo inventario é total, demóstrase con que fixemos o que non fixo ningún goberno anterior. Cumprimos rigorosamente a legalidade e os funcionarios desta casa e desta unidade en concreto están prestando un servizo inmejorable ós cidadáns co inventario que temos actualmente aprobado polo Pleno. Polo tanto non se preocupe que este Concello terá inventario, o que non tivo coa Sra. Porro.

Antes de presentar unha moción deste tipo convén que coñeza os antecedentes, convén que polo ben da cidade sexa honesto cos cidadáns, que lles diga a verdade e o que se está a traballar dende este goberno do que vostede se debería sentir orgulloso. Pero o Partido Popular non se sente orgulloso de nada do que pasa nesta cidade, agás que o fagan eles. Agora lles toca estar na oposición porque a lexitimidade democrática permite pactar goberno.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Vostede chama celeridade a dous anos que se tardou en realizar este expediente e aínda non se rematou, non sei se acabarán a lexislatura co expediente rematado posto que en dous anos nin sequera se comezou porque o anterior non serve para nada. A realidade é que non hai expediente para a remodelación do inventario municipal, non existe, está censurado debido a que non hai as canles previstas para realizalo, os concursos declaráronse desertos. Pero é que en ningún momento, en ningún dos dous procedementos declarou vostede a urxencia.

Esta moción preséntase para que vostede como concelleiro responsable teña a ben iniciar o expediente pola vía de urxencia. Isto non o entende vostede e iso que lle estou poñendo o exemplo doutro concelleiro que tramitou o expediente coa maior

rapidez para que o seu concello tivera o necesario inventario.

Sr. López Font, non me escoita cando lle falo, pero xa lle dixen que cando a Sra. Porro era alcaldesa deste Concello de Vigo resolveuse a concesión coa empresa porque non cumpría os prazos. Sr. López-Font, aínda que está a gobernar non se decata, non ten toda a información, sabe máis a oposición do que pasa nos seus departamentos que vostede mesmo. Lémbrolle a Xunta de Goberno de data 21 de decembro, a cantidade de 150.253,03 euros, é dicir, vinte e cinco millóns de pesetas coa empresa SOLOPLAN, S.L. Ó cumprirse mal os traballos do inventario o que fixo a Sra. Porro foi mellorar a situación.

Non se preocupe vostede pola xestión da Sra. Porro que foi espléndida. Os terreos que se venderon, os PERIs e demais estiveron sempre a bo recado e non como na actualidade, pero como vostedes non fan nada é normal que non haxa ningún PERI, nin ningún desenvolvemento.

Decátese máis do que está a pasar, Sr. López Font. Se é todo tan perfecto, porque semella que vostede todo o fai perfecto, lembre que o expediente se iniciou en febreiro de 2008 e que levamos dous anos para un expediente, se vostede coida que iso é celeridade e facer ben o seu traballo...

Nós somos trece, somos máis que vostedes, poderíamos gobernar e fariámolo mellor que vostedes porque non nos basearíamos no que se fixo e nos funcionarios, preocuparíame de saber por que quedou deserto o concurso. Os funcionarios bastante fan tendo en primeiro lugar que realizar o traballo que vostede non fai porque non se preocupa e logo facer o traballo propio.

Sr. López Font, atenda ás consecuencias que pode traer esta situación e mesmo para o departamento xurídico porque, aínda que vostede o nega porque non se decata do que pasa neste Concello, Asesoría Xurídica ten numerosos procedementos abertos por desestimacións de vías públicas. Decátese e logo fale, Sr. López Font, a información debe tela vostede, non eu. Preocúpese máis do inventario e de que nel figuren os terreos municipais.

(Está ausente o Sr. González Sagarra do Grupo Popular)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

S. Ordinaria 25.01.10

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Martiño Gómez, instando a continuación do expediente de contratación de servizos de revisión do inventario municipal, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Para seguir informando ó Pleno e antes do punto seguinte, voules ler o que di o Regulamento do Parlamento de Galicia en relación coa tramitación das emendas *"in voce"*.

O art. 116.3 di: "Durante a discusión dun artigo a Mesa poderá admitir a trámite novas emendas que se presenten nese momento por escrito por un membro da Comisión".

Ó mesmo tempo o Regulamento do Congreso dos Deputados, Lei orgánica, no seu artigo 114.3, di: "Durante a discusión dun artigo a Mesa poderá admitir a trámite novas emendas que se presenten nese momento por escrito..."

O Regulamento do Senado, Lei orgánica, no seu artigo 115 di: "Durante a discusión dun artigo o presidente poderá admitir a trámite emendas que se presenten nese momento por escrito..."

O ROF establece o mesmo criterio.

Sinxelamente era por dar unha aclaración sobre o motivo central da discusión deste Pleno.

SR. FIGUEROA VILA: Unha cuestión de orde que coido que é importante. Vostede está a falar dos regulamentos do Parlamento de Galicia, do de España..., pero o noso problema é que non temos o regulamento do Concello de Vigo e logo de comprometerse no mes de xuño con esta Corporación e con este Pleno a traer un regulamento, dixeron no último Pleno que neste mes teríamos a presentación do regulamento do Concello de Vigo. Estamos a realizar o Pleno deste mes e non temos ese regulamento. Ese é o problema e pódolle sacar a vostede seis exemplos dende que vostede é Presidente onde emendas feitas verbalmente nos plenos recolléronse e votáronse sen estar escritas. Teño aquí eses exemplos. Pódolles dicir ós cidadáns e a prensa que vostede actúa segundo lle convén e segundo o momento. Por que en Plenos anteriores vostede aceptou emendas verbais e agora non? Por que nos pon exemplos doutros parlamentos? O que ten que facer é traer o regulamento. Nós dixemos claramente que nos traia o regulamento e votarémolo a favor, en contra,

absterémonos, faremos as emendas correspondentes e rematará este problema.

Dixémoslle a vostede que non estabamos de acordo coas roldas de intervención nin cos tempos e seguimos sen estar de acordo. Por iso estamos tratando neste Pleno de xaneiro do ano 2010 mocións que se presentaron en xuño e agosto e por riba aínda nos quedan vinte e seis mocións presentadas por Rexistro sen tratar.

Nós o único que lle solicitamos, Sr. Alcalde, con bo grao e con boa actitude, que nos traia o regulamento, debatémolo e votámolo. Teñen vostedes maioría, teñen catorce concelleiros para o sacar e mesmo podémonos engadir a ese regulamento, pero polo menos coñeceremos todos cales son as regras do xogo e non teriamos este tipo de discusións que non teñen nin lóxica, nin sentido. Así rematarán os problemas dos tempos, das mocións, etc. Se estamos a favor, votaremos a favor e se non o estamos faremos as emendas correspondentes.

Vostedes teñen unha maioría de catorce, por que non traen o regulamento? Rematan os problemas e non discutiremos máis por estas cuestións.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, esta mañá asistimos a un debate dun membro do seu grupo con este presidente sobre a regulación básica das emendas e todo este Pleno e máis os asistentes escoitaron e queda gravada a pretensión do Grupo Popular de que non era obrigado que se podía proceder coas emendas orais, ante a sinxela petición desta Presidencia de que a deran por escrito para a poder ler. Fíxose alusión os regulamentos, ás leis e ás formas de funcionamento. Aí se puña en dúbida que o regulamento e a forma de funcionar establecida nos ámbitos democráticos foran estas.

O ROF é un regulamento básico que non pode ser transgredido e digamos o que digamos témonos que ater a el e di que as emendas se presenten por escrito.

En segundo lugar eu aludía coma elemento regulador ó Parlamento de Galicia, é a segunda vez que o fago, pero se nos dicía que no Parlamento de Galicia non imperaba esa norma. Non só impera, senón que está escrita. Como é natural ningunha emenda "*in voce*" se presenta no Parlamento de Galicia sen que se lle pase por escrito á Presidencia para os efectos da súa constancia. O mesmo acontece no Parlamento de España, Congreso dos Deputados e no Senado. Tanto na normativa que regula os Plenos das Corporacións locais, como a dos Parlamentos Autonómicos e a dos Parlamentos de España se esixe que as emendas presentadas durante o debate, coloquialmente coñecidas coma emendas "*in voce*", se poñan por escrito

para a súa constancia e para que os demais grupos saiban o que votan.

Esta é a orixe da discusión, queda clara cal é a normativa e polo tanto o procedemento. Esta mesma mañá acabo de aceptar unha emenda sen que estivese por escrito sinxelamente para axilizar o debate porque vostedes insistían en que tiña que ser dese xeito. Moitas outras veces preséntanse por escrito e así eu teño aquí algunhas do día de hoxe sen ir máis lonxe. Teño aquí emendas que se tramitan coa previsión de van ser presentadas, logo poden ou non ser presentadas.

Por outra banda asumimos o compromiso de presentar un regulamento antes do remate do mes de xaneiro e presentarémolo; antes de remataren este mes presentaremos un proxecto de regulamento. Pero esa é a carga da proba ó revés porque nese regulamento, exactamente igual que en ningún destes regulamentos, van figurar os tempos das mocións, non figuran en ningún regulamento de ningunha institución nin local, nin autonómica, nin estatal, é un procedemento que se regula a través da Xunta de Voceiros e a Mesa que é quen dirixe os debates; en ningún regulamento aparecen os tempos de intervención.

Seguramente que vostedes nos poderán ilustrar e se é así agradecerémollos. Se vostedes nos falan dun só regulamento onde aparezan os tempos e a forma de levar o debate agradecerémollos porque seguro que contribuiría moito pero xa lles adianto que non é o caso. Os tempos mesmo dependen da importancia que no Pleno se lle poida dar a cada un dos temas, de feito aquí nalgúns debates alteremos os tempos pola importancia do tema de que se trate. Só para deixar clara esa cuestión dicirilles que antes de que remate o mes de xaneiro estaremos con ese regulamento enriba da mesa. Pero ese regulamento tampouco vai deixar claro o número de mocións que se poden presentar porque se un grupo presenta un número ilimitado de mocións haberá que establecer prioridades exactamente igual que se fai nos Plenos de todos os concellos, no Parlamento de Galicia, no Congreso dos Deputados e no Senado. Hai unha orde que por certo adoita elixir o grupo propoñente, entre todas as mocións que presenta sinala ordes e prioridades e son esas as que se aplican.

Polo tanto deixamos esta cuestión de regulamento. Presentarémolo, debaterémolo pero se puido facer en etapas anteriores.

9.- (9).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO O RESTABLECEMENTO DA PRESENZA DA POLICÍA LOCAL NAS RÚAS. DOC.

90132944.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de setembro de 2009, número de entrada 90132944, o concelleiro do Grupo municipal do partido Popular, Sr. Coello Bufill, formula a seguinte moción:

“Nas últimas datas, e para nós as datas son moitos meses, estamos a notar e así tamén nos chega de veciños e usuarios do transporte en xeral, a falta de presenza da Policía Local na rúa.

As directrices políticas que hai tempo saíron do departamento de Mobilidade foron as de suprimir a policía de distrito, chamada tamén de barrio e que permanentemente tiñan presenza en rúas, barrios, parroquias, prazas e contornos.

A isto temos que engadir tamén a falta de policía local nas rúas de tránsito, sendo proba constatable disto as permanentes leas de tráfico que padecemos os vigueses e viguesas dende que comezaron as obras.

Cun cadro de persoal próximo aos catrocentos axentes de Policía Local, Vigo está a padecer a falta de xestión política dun departamento que o mellor que ten son os seus traballadores.

Tendo en conta que cando viaxamos a outras cidades sempre agradecemos a presenza policial xa que ofrece seguridade, organización e boa imaxe de cidade, preguntamos ao Concelleiro responsable da área onde ten metida á Policía Local.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo a seguinte proposta:

Restablecer a presenza da Policía Local nas rúas da cidade.”

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do día 21 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. COELLO BUFILL: Vigo non podía estar noutro lugar que na sociedade do benestar. Esta sociedade está asociada fundamentalmente con dous piares básicos que a sustentan: a calidade de vida e a seguridade. Dende ese punto de vista vou abordar esta moción guiándome por eses parámetros do benestar: a calidade de vida e a seguridade que nos dan a todos os que estamos aquí as nosas forzas e corpos de seguridade, neste caso a nosa Policía Local que fai o mellor ó servizo dos cidadáns. Quero explicar baixo ese prisma que nós desexamos que a Policía Local teña o mellor funcionamento para os nosos cidadáns. Pecho este preámbulo cunha frase de

Aristóteles quen dicía que a policía local que garante a orde e o bo funcionamento das cidades é o maior tesouro dos seus cidadáns.

Dende un tempo a esta parte vimos como desapareceu a Policía Local das parroquias, rúas e das contornas onde nos movemos. Hai unha falla de presenza non achacable evidentemente ós funcionarios que son poucos máis de 350 e que exercen dignamente a súa función. Desapareceron polas directrices políticas do departamento. Esa presenza tamén é escasa en determinados momentos puntuais e conflictivos nas nosas rúas como consecuencia da complexidade das obras de humanización que se están a realizar.

Cando nós acudimos coma forasteiros, transeúntes ou sinxelos paseantes a outras cidades gústanos que a primeira marca da cidade sexa ver ós funcionarios da Policía Local porque iso nos dá tranquilidade, porque como dixen ó principio da miña intervención iso é moi importante, é vital nunha sociedade do benestar. Sentímonos seguros porque se temos algún problema eses funcionarios vestidos de “*auctoritas*”, cumprindo lealmente o seu labor vannos axudar e socorrer.

Traemos esta reclamación que consiste en que a presenza da Policía Local sexa máis patente, que dalgún xeito a visualicemos máis nos nosos contornos nos que convivimos democraticamente.

Dende que o Sr. Presidente anuncia que se abran as portas, nesta sala hai tres policías uniformados. A nós danos tranquilidade que estean aquí porque garanten que aquí se exerce a liberdade, que por moita controversia que teñamos aquí coa palabra, porque esa é a democracia, chegaremos nalgúns momentos a encontros ou a desencontros noutras pero eles están aí exercendo unha función que a min me dá tranquilidade porque son cidadán desta cidade á que amo profundamente e quero o mellor. O servizo destes funcionarios a prol da orde e da seguridade é o maior tesouro que podemos ter todos no noso patrimonio.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Como non vou empezar case sempre as miñas intervencións sobre as súas moción dicindo que estou novamente absolutamente sorprendido? Todo o que vostede di e propón na moción, todo o parecido coa realidade é pura coincidencia, non hai nada máis afastado da realidade que o que vostede di nesta moción, que por suposto trata de achacalo ás directrices políticas. Faltaría máis. As directrices políticas son absolutamente claras porque se algo teño claro eu e máis o Alcalde é que non hai policía boa para o cidadán se este non a ve

próxima.

Semella que o seu partido non se decatou porque senón non lle deixarían presentar esta moción xa que precisamente por iso se presentou a primeiros do ano pasado unha reestruturación de toda a Policía Local que o que pretende precisamente é mellorar a seguridade e aproximar os axentes á cidadanía. Este é o titular dos xornais. Posiblemente vostede non se decatou de que esa organización, ese novo organigrama da Policía Local por seccións onde pasou ter moita importancia a sección que eu chamo de proximidade, que non de barrio, cobre toda a cidade porque hoxe as necesidades de seguridade son en toda a cidade, en toda a súa extensión, non exclusivamente nos barrios. A potenciación desa sección foi o elemento fundamental desa reestruturación para o que previamente tentei que tivera os medios posibles para que fose o máis eficaz que é do que se trata.

Para iso acadamos algo absolutamente imprescindible en toda modernización da policía que se prece. Hoxe ter á policía exclusivamente a pé dando paseos non ten nada que ver cunha concepción da policía moderna, hoxe a policía ten que ter modo de desprazamento e precisamente dotamos a esa sección de proximidade do medio de comunicación que entendiamos podía achegala máis ós cidadáns cos *scooters* cos que os policías se poden desprazar ás súas correspondentes zonas, estar parada a moto facendo o que necesiten facer a pé, desprazándose cando é necesario porque os requirimentos son enormes e por exemplo hoxe, respecto á seguridade en xeral, cando os que tratan de romper esa seguridade normalmente van motorizados ou con vehículos, dende logo a pé non se cumpre moita función.

Fixemos o esforzo de que absolutamente todos os policías que estiveran cubrindo o servizo de proximidade tiveran o seu *scooter* e non só iso, senón que o que era a sección de motoristas estivera totalmente coordinada con esta policía de proximidade para poder asegurar algo absolutamente vital tamén nesta reestruturación: distribuímos non só por sección ós axentes, senón tamén por territorios, dividimos a cidade en tres sectores, dous no casco Urbano e un no rural.

No caso do rural dedicamos un esforzo moi importante a potenciar a policía medioambiental que está a facer enormes traballos neste eido, pero está tamén facendo todos os demais traballos que lle corresponden a esta policía que está especializada, pero ó mesmo tempo é polivalente no que chamamos as parroquias do rural. Potenciamos tamén esa policía medio ambiental próxima a todos os barrios e parroquias da cidade. Fixemos así esta distribución: os dous sectores que quedaban

do centro dividímolos en cinco seccións ou mesmo se quere lles pode chamar distritos, para que estiveran sempre atendidos por policía de proximidade, por motoristas, esas dúas seccións e por suposto reforzados polas patrullas de seguridade que son as que teñen os vehículos para calquera necesidade.

O tema é absolutamente contrario ó que vostede di. Non sei se cando fai referencia á falla de policía local nas rúas de tránsito, ó mellor é que quere volver ós policía que tiñan o casco branco que estaban parados na Praza de América ou na Praza de España. Pódolle asegurar, vostede sábeo ben, que non é necesario porque felizmente están perfectamente regulados e funcionan marabillosamente. Ó mellor quere que fagan o que os das obras teñen que facer, que estean alí dicindo ó *chimpín* cando ten que pasar. Paréceme que iso é unha concepción absolutamente absurda e vella do que é a Policía Local.

Falou de ir outras cidade. A verdade é que eu tamén vou outras cidades, quizais porque eu paseo máis por Vigo e vexo máis Policía Local, pero me lembro e así o tratei aquí nalgunha ocasión, que cando se falou aquí da calidade do tráfico nas cidades galegas e facíase referencia pola parte dun xornal con sede central na Coruña pero que ten unha importante presenza na cidade, de como está o tráfico e a presenza policial en todas as cidades galegas, Vigo quedaba moi ben en tráfico e moito mellor no tema da presenza policial. Traereille esa información porque os xornalistas que fixeron ese traballo viron Policía Local nas rúas da cidade de Vigo e non nas cidades de Santiago ou A Coruña, por exemplo. Isto está por escrito.

Sorpréndeme cando o que se está a facer con directrices políticas sexa xusto o contrario do que vostede di. Logo se quere lle digo todas as realizacións e servizos prestados pola Policía, pódolle sacar a súa Memoria por veren coma a súa actividade é próxima ó cidadán, pero como non me quero liar como adoito nas miñas intervencións, só vou rematar esta miña primeira intervención cunha cousa que é a absoluta honra que teño de poder dirixir esta Policía Local, por delegación por suposto do Alcalde que comparte todas as directrices políticas que vaian nesa dirección, porque é a mellor de Galicia, a máis próxima ós veciños, a que realiza e cobre máis responsabilidades e competencias de toda Galicia, porque é a máis recoñecida e mesmo por esa Xunta que agora preside o Partido Popular. Non en van as dúas primeiras distincións consecuencia da Lei de coordinación de policía locais, recibíronas dous policía locais de Vigo por facer moito máis do que lles correspondía, mesmo poñendo en perigo a súa propia vida, por facer algo que dende logo tira por

terra todo o que vostede di, por estar próxima ós cidadáns que máis o necesitan que esa é a función que pretende cubrir a Policía Local.

SR. COELLO BUFILL: Coido que lle pode o sangue, a paixón. Voulle ler, Sr. Calviño, o que tiña previsto pero é que ademais aquí non se menciona en ningún momento, fíxoo vostede, á policía a pé; eu non a mencionei, non está por escrito, nin das miñas verbas anteriores saíu ningunha alusión a ese tema. Entenda ben que me vai atopar sempre se non vai de fronte e coido que non o vai.

Léolle: “A policía de barrio a pé cubriu unha etapa moi importante nestes tres últimos anos dende a súa creación. Sen embargo o crecemento e cambios experimentados pola cidade, debido fundamentalmente ó nacemento de novos barrios e á creación de zonas peonís, demandan un novo sistema de organización do servizo que o faga máis operativo que o actual, permitindo maior rapidez nos desprazamentos e frecuencias máis breves entre os seus percorridos polos distritos, ademais de ofrecer unha resposta moito máis rápida cando a súa presenza sexa demandada polos cidadáns para atender os seus problemas. Todo iso sen perder a súa esencia, como é a relación cos cidadáns na súa demarcación”. Partindo destes principios eu propoño que a esa policía de proximidade se a dote de máis *scooters*, de plataformas deslizantes, é dicir, que se modernice.

Isto estaba escrito para a miña segunda intervención. Non mencionei para nada as patrullas a pé, non saíu nada diso da miña boca e senón pódese pedir a transcripción á secretaria. Saberá vostede en conciencia por que dixo iso.

A policía de proximidade nos tempos actuais significa que ten que ter controis de calidade para ela mesma, eficacia na chamada, na resposta e na chegada. En segundo lugar tería que ter unha páxina web. Por que non a achegamos así ós cidadáns? Esa é a policía de proximidade, ou cre vostede que eu estou nas antípodas ou que non traballo? Non señor, está vostede moi equivocado. A policía podería ter unha páxina web para que non teñan que vir aquí os cidadáns a resolver os seus problemas, polos certificados de convivencia, de accidentes..., dótea dunha páxina web informática, de máis *scooters*, de plataformas deslizantes para que poidan actuar tamén nas zonas de humanizacións. Esa é unha fórmula moderna, xa sei o que di a Dirección Xeral de Tráfico, esa carta xa a recibín eu. Dote á Policía dun control de calidade que se sentirá arroupada polas súas directrices.

Que me di do incremento do seu cadro de persoal? Vostede abrasoume na miña

época de concelleiro por esta causa pero está a vivir vostede gracias ós vinte e seis policías que nós lle deixamos, que o Sr. Guerra, daquela concelleiro de Persoal, deixoulle. Cantas prazas vai convocar vostede de aquí ó remate de ano? Está queimando vostede o seu tempo. Reúnase cos policías que están aquí e dígalles a verdade. Outra medida sería a instalación de GPS en todos os vehículos e motos para que os policías se sintan seguros, para que a resposta sexa eficiente. Iso é o que quere a cidadanía.

Vostede tentou que o Sr. Coello entrara ó trapo, pero está vostede moi equivocado. Outra forma de aproximar a policía á cidadanía é que se eduque nos centros de educación especial porque eses nenos son os máis vulnerables. Faga unha campaña nese sentido, nós fixémosla pero eu non tiven a oportunidade de seguir dándolle esa educación a eses nenos que deben estar na mente de todos. Xa sei que van dar esas charlas para os maiores, benvidas sexan, cando é bo eu recoñezoo.

Non cuestiono en absoluto o labor da policía, cuestionei sinxelamente a súa xestión porque coma políticos podemos ou non errar, pero sempre que eu errei foi de boa fe. Non sei se vostede cando erra é de boa ou doutra fe.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Non é que vostede erre, Sr. Coello, vostede mente ou é que está absolutamente desinformado porque o que vostede di na moción é isto: “As directrices políticas que hai tempo saíron do departamento de Mobilidade foron as de suprimir a policía de distrito, tamén chamada de barrio, e que permanentemente tiñan...” Pero de onde saca vostede semellante cousa? As directrices políticas son absoluta e radicalmente contrarias ó que vostede está a dicir. Cando eu falo de policías a pé ou con *scooter*, dígoo porque esa reestruturación que implicou moitas cousas que semella que vostede non coñece e que sería moi importante salientar, como que por exemplo todas esas seccións, a de proximidade, a de motoristas, etc., teñen un cadro de oficiais e de inspectores como non tiveron nunca porque dende este lado de goberno queremoslle dar importancia a esa policía de proximidade e por iso por primeira vez a policía de proximidade ten catro inspectores, seis oficiais o seu mando permanentemente nesa sección o que fai entre outras cousas que os mandos e os axentes se coñezan perfectamente e traballen moito mellor. Pódolle asegurar que o salto de calidade no traballo foi enorme.

Se fago referencia ó tema de a pé é porque quixen en primeiro lugar obter *scooters* para todos para poñer en marcha a reestruturación. Sabe vostede que o primeiro o

Alcalde e eu o segundo imos seguir loitando por aumentar o cadro de persoal da Policía Local, evidentemente cando as condicións económicas nolo permitan, pero non se preocupe que será unha das nosas prioridades fundamentais.

Pero se fago referencia ó de a pé é porque a reestruturación non se puxo en marcha ata que tivemos esas condicións e mesmo con esa coordinación policial, proximidade e motoristas, que é absolutamente vital para asegurar que temos presenza en todas as zonas previstas. Non quero alongar a intervención dicindo en que zonas porque practicamente cobren toda a cidade porque hoxe todo o que non signifique iso non é serio en cuestión de seguridade.

Pero vostede segue a estar desinformado se o que pide é que teñamos máis *scooters* ou non sei que. Evidentemente, sometida ós procedementos administrativos, que por desgracia en moitas ocasións son moito máis lentos do que nos gustaría, pero á parte de que temos novas motos, moitas delas para patrullas medio ambientais e ademais coa colaboración do orzamento da Concellería de Medio Ambiente, da Sra. Lago, están esas motos para a policía medio ambiental, pero está pendente a renovación de toda a flota municipal, está nos orzamentos, exclusivamente pendente de ter a resolución administrativa, pero é unha renovación total da flota utilizando un método por certo moito máis axeitado do que tiñamos ata o momento que é o de *renting*.

Falou de modernizarse; ese é o obxectivo fundamental a maiores da proximidade porque evidentemente evitamos que unha persoa teña que vir facer un determinado documento ó Concello e tela agardando unha hora facendo cola. Nese sentido xa se deron instrucións para que con determinada documentación a Policía Local funcione cos correos electrónicos e cos faxes incrementando o que xa se estaba a facer nese sentido.

Logo xa dixo algo que me resulta absolutamente incomprendible e que indica que vostede segue sen se decatarse de nada. Díxome que me reunira cos policías. Pero se ó final eu que son fillo do corpo da Garda Civil case vou ser da familia, reúnome con eles permanentemente, todo o que faga falla e ademais para chegar a acordos, non hai nin un só desacordo nos últimos tempos como vostede poderá saber e certificar porque ademais eles mesmos traballaron e estiveron totalmente de acordo con esta reestruturación e con todas as medidas que estamos levando a cabo e non é estraño que estean aquí representantes de todos os sindicatos e comités. Agradézolles ademais a colaboración para esa maior presenza nas rúas, para ese traballo que

están facendo tamén coas xornadas de dispoñibilidade que supoñen unha presenza moi importante e non lles quero aburrir pero teño aquí notas de milleiros de actos nos que a policía amosa que está permanentemente próxima ós cidadáns, podería darlle moitas referencias.

Se o que vostede pretendía era pegarlle unha patada ó responsable político da Policía Local, está claro que vostede equivocou rotundamente a dirección e o sentido da patada, porque realmente o que está a facer é meterse cos axentes e con todo o corpo da Policía Local. Equivocouse totalmente. Espero que lle sirva para aprender e para que a próxima vez poida estar de acordo con vostede, que xa teño ganas.

SR. COELLO BUFILL: Sr. Calviño, non é así tal e como o presenta. Cando eu tiven a honra de estar ó mando da Concellería presentouse ese proxecto de reestruturación ó remate do mandato polo actual xefe da Policía Local de Vigo e eu coñecía perfectamente.

Fixo deducións falsas e vostede saberá por que. Eu non mentín no meu escrito porque non falaba para nada do que vostede quere dicir.

Pregúntolle, a policía das praias, non é unha policía de proximidade? Non se adaptou ó medio? Policía que vostede loxicamente utilizou por que daba bo resultado. Foi un momento que vimos a oportunidade política e sobre todo de servizo ó ben público de cambiar as formas de patrullar naquela zona, porque aí non se pode patrullar con moto nin con coches; a policía adaptouse ó medio.

Non abonda, Sr. Calviño, co que lin literalmente na miña segunda intervención onde se transcribe a miña postura? O que me parece de moi baixo nivel é que vostede insinúe que eu tiven algo que ver en malos entendidos cos policías. Está totalmente equivocado. Volvo dicir que as súas palabras deixan coma sempre a maledicencia, a sombra, a dúbida e a mala fe. Voulle repetir novamente que Aristóteles dicía que a policía, que garante a orde e o bo servizo da cidade, é o maior tesouro dos cidadáns. Ofrézolle estas palabras ós policías que están sentados aí.

(Está ausente o concelleiro Sr. González Sagarra e a Sra. Larriba Leira do Grupo Popular e a Sra. Méndez Piñeiro do Grupo do BNG).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez,

Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Veloso Ríos, e once votos favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Coello Bufill, instando o restablecemento da presenza da Policía Local nas rúas da cidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

10.- (10).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO O ESTABLECEMENTO PROGRESIVO DE POLÍTICAS DE EQUIPARACIÓN E IGUALDADE ENTRE ESTUDANTES DOS CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS. DOC. 90132945.

A PRESIDENCIA: Pasaremos á moción undécima en troques da décima porque a concelleira que ía defender a moción núm. 10 ten unha lixeira indisposición. A moción queda para o próximo Pleno fóra da cota.

SR. FIGUEROA VILA: Agradecerlle este xesto, Sr. Alcalde, e tamén dicirlle que D^a María Méndez a está acompañando. É un problema menor, xa foron ó médico.

A moción queda pendente.

11.- (11).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PROPOÑENDO SE INSTE Ó GOBERNO DO ESTADO A RETIRADA INMEDIATA DA SUBA DE IMPOSTOS NOS ORZAMENTOS. DOC. 90146381.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de outubro de 2009, número de entrada 90146381, o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

“O Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2010 aprobado polo Consello de Ministros o 26 de setembro, contén unha serie de medidas que, de non se modificar, aumentarán a crise á que levou á Economía española o Presidente do Goberno, José Luís Rodríguez Zapatero, e suporán o recoñecemento do fracaso das políticas socialistas á hora de poñer solucións a unha crise cuxas consecuencias todo o mundo vaticina que van ser peores en España que no resto dos países do noso entorno.

Ao Goberno Socialista a única solución que se lle ocorre para paliar a grave situación actual é a de subir os impostos ás clases medias e aos traballadores.

A subida de impostos castiga o aforro e o consumo.

As medidas propostas consisten basicamente en suprimir a dedución de 400 € no IRPF (promesa estrela coa que Zapatero concorreu ás pasadas Eleccións Xerais), incrementar o IVE de tipo reducido do 7% ao 8% e dous puntos do 16% ao 18%, e acompañalo de recortes no investimento produtivo (baixan os Ministerios de Fomento e Medio Ambiente) e nas políticas de comercio, turismo e PEMES, así como en I+D+i. Igualmente aumentará o tipo impositivo proveniente dos intereses do capital.

O consumo e o aforro son dúas fontes básicas de progreso e estabilidade que ningún goberno que queira inspirar confianza e seguridade na sociedade, pode castigar desta maneira.

A subida de impostos recaerá nas clases medias e traballadoras

Os produtos que verán incrementado o seu prezo a modo de exemplo son: roupa, calzado, electrodomésticos, recibo da luz, factura do teléfono, coches, vivenda, alimentación, hostalaría, restaurantes, transporte terrestre... O que pon de manifesto que serán as clases medias e traballadoras as que van soportar as consecuencias desta decisión.

A subida de impostos é inxusta, antisocial e provoca máis paro

A subida de impostos que pretende este Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado é ademais especialmente inxusta porque prexudicará a todos o españois pero especialmente aos que menos teñen.

Así mesmo é antisocial porque vai en contra dos máis desfavorecidos, xa que nin sequera aumenta o gasto social, que ve reducido ao 1,2% da súa participación nos PXE, pasando do 52,8% ao 51,6%. E porque vai producir un aumento do paro e do número de desempregados recoñecido nos propios Orzamentos (a OCDE calcula ao redor de 700.000 parados máis).

Hai subida de impostos pero ausencia de austeridade

O Executivo pretende gastar máis diñeiro e obtelo de todos os españois a través do aumento impositivo. No proxecto dos PXE para 2010 non hai nada de austeridade: o

gasto do Estado sobe en case 3.000 millóns máis que o teito de gasto aprobado o pasado mes de xuño e temos o Goberno con máis altos cargos da historia da democracia.

En 2009 os orzamentos eran de déficit e paro, os de 2010 serán de mais déficit, máis paro e máis impostos. Cando o que fai falta é un esforzo de austeridade, o Goberno pretende volver mentir aos españois coa idea de que o gasto social finánciase aumentando os impostos. Con esta forma de entender a solidariedade para os demais, o Executivo vai perder unha grande oportunidade de facer uns orzamentos para afrontar a crise, crear emprego e xerar confianza.

Máis impostos tradúcese en menos diñeiro para os Concellos

Sendo os Concellos o goberno máis próximo aos cidadáns, van ter que facer fronte a unhas circunstancias sociais difíciles (son os primeiros en recibir o descontento social) e ademais van ter que estreitar aínda máis as súas propias previsións, ante a drástica redución da súa recadación motivada tanto pola crise económica, como polo escaso apoio que van recibir do Goberno ante a inminente diminución das transferencias do Estado. Se se manteñen as previsións orzamentarias do Goberno, o financiamento local incondicionado caerá en 2010 un 17,8% o que supón unha perda de 3.081 millóns de € respecto de 2009. Ata tal punto a situación está a ser preocupante, que a propia FEMP acaba de aprobar unha moción dirixida ao Goberno en demanda dunha negociación de medidas puntuais para ser incluídas nos PXE de 2010.

Por todo iso, o Grupo Municipal Popular propón ao Pleno do Concello, a aprobación dos seguintes acordos:

Primeiro.- Instar ao Goberno á retirada inmediata da proxectada subida de impostos nos Orzamentos Xerais do Estado para 2010 por inxusta e antisocial, xa que recaerá sobre todo nas clases medias e nos traballadores.

Segundo.- Reclamar ao Goberno que atenda as peticións da FEMP e acepte as modificacións propostas nos PXE de 2010, entre as que destaca a de manter todas as partidas e conceptos orzamentarios que sempre se destinaron ás Entidades Locais, sen recortes nin supresión ningunha.

Terceiro.- Dar traslado destes acordos ao Presidente do Goberno, aos Vicepresidentes do Goberno e aos Voceiros dos Grupos Parlamentarios nas Cortes.

A comisión informativa de Xestión Municipal na súa sesión do 21 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Mágoa que teñamos que tratar este tema cando xa se aprobou a Lei de orzamentos xerais do Estado, pero os caprichos do destino son así e non por iso imos deixar de tratar o tema.

Como xa tivemos ocasión de dicir neste Pleno, a suba de impostos castiga o aforro e o consumo. As medidas propostas consisten basicamente en suprimir o que era unha

promesa electoral estrela coa que concorreu ás pasadas eleccións xerais o Sr. Rodríguez Zapatero (lembren a famosa dedución dos 400 euros no Imposto da Renda das Persoas Físicas) e incrementar o IVE do tipo reducido do 7 ó 8% e dous puntos do 16 ó 18%, acompañado todo isto de recortes no investimento produtivo. Xa vimos como baixan os investimentos en determinados ministerios, nas políticas de comercio, turismo, pequenas e medianas empresas así como nun tema importante cal é o I+D+I; tamén se incrementa o tipo impositivo proveniente dos intereses do capital.

A subida de impostos ó final, como xa debatemos nalgunha ocasión neste Pleno, vai recaer nas clases medias e traballadoras. O prezo dos produtos verase incrementado e poñemos por exemplo o calzado, a roupa, os electrodomésticos, o recibo da luz que, á parte da suba correspondente do IVE, xa o sufrimos antes de agora; a factura do teléfono, os coches, a vivenda, a alimentación, a hostalaría, os restaurantes, o transporte terrestre. Todo isto pon de manifesto o que dicía ó primeiro: que serán as clases medias e traballadoras as que van soportar as consecuencias desta irresponsable decisión do presidente do Goberno. A subida de impostos ademais é antisocial e provoca máis paro e a verdade é que España non está para que aumente o paro.

Pero o que é peor, hai que saber ó que nos vai levar esta subida de impostos. Non vai levar a unha política de austeridade, hai subida de impostos pero hai ausencia de austeridade, cousa moi preocupante e ademais isto vai supoñer que imos ter menos ingresos nos concellos, cousa que tamén nos ten que preocupar.

Na nosa moción instamos en primeiro lugar a que se retire de maneira inmediata esta subida de impostos dos orzamentos xerais do Estado para 2010 porque entendemos que é inxusta, antisocial e porque vai recaer nas clases medias e nos traballadores. Reclamar tamén do goberno que atenda as peticións da propia Federación Española de Municipios e Provincias e acepte as modificacións propostas nestes orzamentos xerais do Estado entre as que destaca a de manter todas as partidas e conceptos orzamentarios que sempre se destinaron ás entidades locais, sen recortes nin supresións. En terceiro lugar que deste acordo se lle dea traslado tanto ó presidente do Goberno, como ós vicepresidentes e ós voceiros dos grupos parlamentarios.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Unha vez máis a moción que presenta o Sr. Conde volve

ratificar que este goberno está facendo ben as cousas nesta cidade e por iso o Partido Popular non pode presentar mocións novas, con iniciativas para mellorar a cidade porque esta é a segunda moción sobre o mesmo tema que se presenta nestes dous meses.

En decembro o Sr. Conde presentaba unha moción que dicía exactamente o mesmo, que o Estado español non puxera en práctica esa política impositiva nos seus orzamentos. Non sei se foi que non lle gustou o debate, se o Sr. Conde non lembra o que fixo hai un mes ou se é que hai unha división interna do partido porque é certo que aquela moción a presentara o Sr. Conde e esta preséntaa o Sr. Figueroa aínda que a defende o Sr. Conde. Por iso que non sei se hai un desaxuste no Partido Popular, se non se poñen de acordo ou que, pero é certo que hai un mes o Sr. Conde presentou unha moción exactamente sobre o mesmo tema, sobre a política impositiva do goberno.

Eu repítolle o mesmo: non manipule os datos que aparecen nos orzamentos do Estado nos que se fala de baixadas impositivas moi importantes para aqueles sectores que xeren emprego. Hai unha baixada de cinco puntos no imposto de sociedades para aquelas empresas que manteñan ou xeren emprego. Polo tanto esta non é unha política para xerar máis desemprego, precisamente é para todo o contrario.

Con respecto á suba do IVE aclarar que non vai afectar ó IVE super reducido, polo tanto non vai afectar ás clases máis baixas porque non afecta a alimentos coma o pan, fariña, o leite, os ovos, as froitas, verduras, hortalizas, legumes, tubérculos, medicamentos, libros... Aquí si que teño que dicir que o Estado non sobe o IVE sobre os libros pero a Xunta eliminou a gratuidade dos libros de texto. Eu pódolle dicir aquí a calquera pai ou nai que vai ter que pagar máis agora polos libros de texto que o efecto que terá esta suba no IVE reducido e no xeral. Non afectará a vehículos para persoas con mobilidade reducida, a próteses, implantes ou vivendas de protección oficial.

Polo tanto non é certo que quen vai pagar van ser as clases medias e traballadoras: quen van pagar máis serán os que máis ganan, os que teñen máis capacidade de consumo e sobre todo os que teñen maior renda porque si hai unha suba de impostos pero para rendas de capital, para aqueles que reciban beneficios en rendementos de capital de máis de 6.000 euros ó ano; para eles si vai haber unha suba de impostos. Pero dígolle máis, aínda contemplando estas subas para rendas máis altas,

contemplando todas estas actuacións, a presión fiscal que vai existir o ano que ven vai ser inferior á que deixou o goberno do Sr. Aznar no seu último ano de goberno.

Polo tanto, Sr. Conde, lembre o debate do mes pasado porque aí xa se lle explicaron todas as causas desta subida de impostos.

Amplía a moción con dúas cousas máis. Di que o Estado tamén atenda ós requirimentos da Federación de Municipios e Provincias. Agora lembra que existe esta Federación? Porque lle lembro que hai un ano os representantes do Partido Popular non acudían ós Consellos da Federación de Municipios e Provincias, quen estaba acudindo precisamente eran os alcaldes socialistas que propoñían medidas para mellorar todo o referente ás cidades e gracias a estas presións e a estas actuacións da FEMP tivemos un Fondo Local de Emprego que vostedes cuestionan en Vigo, pero sen embargo non hai ningunha cidade española das gobernadas polo Partido Popular que rexeitase ese Plan Estatal de Emprego, ese Plan Zapatero.

Si que o Estado atende ás consideracións da FEMP e se vostede coñece esa moción saberá perfectamente que o Estado atendeu a todas as súas consideracións e levou ó límite o endebedamento tal e como propoñía a FEMP, flexibilizou a Lei de estabilidade orzamentaria, fixo un réxime especial de aprazamento e fraccionamento da débeda para esas entregas a conta, todo tal e como propoñía a FEMP. Polo tanto si que o Estado atendeu as demandas da FEMP. No segundo Plan estatal, no Fondo de Inversión Local incorporou o 20% para gastos correntes tal e como dicía a FEMP.

Si que temos que apoiar á FEMP tal e como vostede di, pero é que a FEMP fai moitos requirimentos, o que está pedindo é máis axuda para os concellos a todas as institucións que teñen que ver con eles: ó Estado que lle deu ese Fondo local, pediulle gastos correntes e así lle deu. Pero a FEMP pide máis, poden comprobar nas revistas do mes de novembro e decembro que tamén pide axudas ás comunidades autónomas, pídelles que sexan corresponsables no financiamento dos concellos, que ó igual que o Estado crea un Fondo local que as comunidades autónomas tamén o cren para atender ós requirimentos, as necesidades que temos os concellos que son competencia das autonomías e por iso está reclamando uns fondos.

Este reclamo dos fondos aprobouse por unanimidade por todos os membros do Consello. Sen embargo eu non vexo que a Xunta de Galicia atenda ás reclamacións da FEMP, que cre un Fondo local de emprego para mellorar as situacións dos concellos, que poña un fondo para que os concellos poidamos asumir dignamente competencias que son da Xunta de Galicia pero que estamos atendendo nós.

Falábamos antes dos investimentos en educación e esa competencia é da Xunta de Galicia, pero cando ven aquí un colexio e nos di que non ten calefacción, nós temos que sacar os cartos do orzamento e deixar de facer outras cousas porque o prioritario é que os rapaces dos nosos colexios non pasen frío. Iso si, a Sra. Porro puxo cobre radiadores novos no despacho do Areal pero as calefaccións dos colexios estaban sen arranxar sendo unha competencia da Xunta de Galicia.

Por iso, Sr. Conde, propono unha emenda á súa moción: “Reclamar á Xunta de Galicia que atenda ás peticións da FEMP para que as comunidades autónomas poñan en marcha fondos sen condicionar a favor dos gobernos locais co obxecto de que os concellos financien os gastos que asumen pola prestación de servizos que son de competencia autonómica.

SR. CONDE GIL: Efectivamente volvemos tratar o mesmo tema pero non crea, Sra. Díaz, que é pola nosa responsabilidade. Nós presentamos esta moción no mes de outubro, a anterior no mes de setembro e agora estamos en xaneiro, se non se tratan as mocións en tempo e forma coma se facía anteriormente alguén ten esa responsabilidade e non creo que sexamos nós.

Por outra banda tampouco coido que pase nada por volveren falar dun tema que nos afecta a todos. Vostede ven aquí dicir o mesmo, repítese coma o allo. Di que non se sobe o IVE super reducido, o do pan, das froitas, medicamentos..., todo o que engloba o IVE super reducido porque precisamente as clases baixas, como as chamou vostede que eu diría clases medias e traballadoras, as que consumen pan, froitas ou libros. As persoas con máis recursos non toman pan, nin froitas, nin medicamentos, tampouco teñen próteses, nin implantes... Vostedes xa fixeron os deberes respectando este IVE super reducido. Pois que deberes fixeron.

O que pasa é que hai que se remontar un pouco. Cando estabamos no ano 2008, en campaña electoral para as xerais dicían os xornais: “Zapatero confirma que a rebaixa de 400 euros ten vocación de permanencia”. Xa se ve esa vocación de permanencia que teñen as propostas do Sr. Rodríguez Zapatero. Iso pasa cando se fan as cousas improvisando, pensando no rédito electoral e non se fan con responsabilidade pensando no que é mellor para o país. “O Partido Popular afirmou que cada galego perderá 530 euros pola subida de impostos”. Sinalamos que Zapatero se equivoca e volve ser moi inxusto coa nosa Comunidade Autónoma. E agora ven vostede reclamar que sexa a propia comunidade autónoma, como adoita facer sempre na súa

demagogia habitual, quen faga o esforzo.

Poderían dicir que o dato dos 530 euros é un dato partidista que se saca o Partido Popular da chistera, pero non é así. Os técnicos do Ministerio de Facenda que coido que terán algunha garantía para vostede, calculan que cada galego pagará 487 euros máis en impostos. Maxino que para vostede ese será un dato obxectivo. Pero insisto en que non se está fomentando o debido. Mentres Francia, Greza e Alemaña por exemplo, reduciron o IVE para o turismo o goberno de Zapatero sóbeo ó 8 e ó 18 e unhas das principais fontes de riqueza deste país que é o turismo vaise ver afectada. Claro que nós facemos propostas en positivo, facémolas onde as hai que facer que é no Parlamento; tamén as facemos aquí porque coidamos que como pequeno parlamento, como diría o Sr. Alcalde, tamén temos que facer este tipo de propostas máxime cando esta subida de impostos é inxusta, anti social e vai provocar máis paro e o paro en España é unha preocupación que deberíamos ter todos.

En decembro do ano 2008 había 3.408.000 parados segundo Eurostat. Ese mesmo dato en decembro de 2009, con datos de outubro, era de 4.458.000 parados, é dicir, 1.000.000 de parados máis en menos dun ano. Iso si que nos tería que preocupar. Por sectores exactamente igual porque de afiliados á Seguridade Social destruíronse case 700.000 postos de traballo, segundo a EPA case 1.000.000. Déronse de baixa 139.288 autónomos. Estes son datos que lles deberían preocupar. “Bruxelas confirma que España non sairá da recesión ata o ano 2011”. E con isto ven vostede aquí reclamar un segundo Plan F, como lle poderíamos chamar neste caso? Non se burle de nós pero o que é peor, non se burlen da cidadanía. Como pedimos na moción reclamen ó Presidente do Goberno que aínda estamos a tempo porque o IVE non se vai subir ata o mes de xullo. Que non se suba ese imposto porque van acabar coa economía deste país, van acabar con este país. Claro que logo agardarán que veñamos outros ó salvar. Pero iso si, como lle dicía no anterior debate, as Sicap non as modifican, as clases máis favorecidas o van seguir sendo e se quere lle volto ler a cantidade de organizacións que falan en contra desta subida de impostos.

A PRESIDENCIA: Vaia rematando.

SR. CONDE GIL: Agora remato, Sr. Alcalde, non se poña nervioso.

A PRESIDENCIA: Sr. Conde, vostede tiña un tempo de intervención de cinco minutos e

vai polo minuto sétimo, polo tanto non cualifique de forma impertinente e continúe a súa intervención.

SR. CONDE GIL: Non me parece impertinente o que dixen, pero se a impertinencia é falar, xa calo.

Convergencia e Unió di: "A subida é completamente incompatible coa creación de emprego". UGT: "Os que menos teñen serán os que máis van pagar". Xa que este é o seu brazo sindical fáganlle caso.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Unha vez máis asómbrame o Sr. Conde. Di que a culpa de que esteamos debatendo isto por segunda vez é nosa. Non, se estamos debatendo sobre o mesmo tema que máis dá que o debate sexa en setembro, outubro, decembro ou xaneiro. Estamos debatendo dúas veces sobre o mesmo tema e por iso eu pregunto, non hai cousas máis interesantes de que falar que de algo que xa falamos? Non teñen vostedes máis iniciativa para presentar algo diferente? Eu o que lles estou dicindo é que traballen máis coma oposición e que non traian aquí o discurso do mes pasado porque coincide tanto co do mes pasado que nin sequera falou do que pide a FEMP, díxoo unicamente ó relataren a moción. A moción consta dun primeiro, dun segundo e dun terceiro punto e no segundo é cando se fala da FEMP. Dixo algo no seu discurso de se está ou non de acordo? Nada, o discurso foi exclusivamente sobre o tema impositivo.

Dixo que Zapatero non está a facer o mellor por este país e eu preguntome que é o mellor para este país, defender o despedimento libre? Se cadra iso si. Diminuír o gasto social? Se cadra é iso. Diminuír prestacións sociais? Se cadra é iso. Se para vostedes o mellor para este país é diminuír as prestacións, o gasto social e defender o despedimento libre eu alégrome do que está facendo Zapatero e de que non estea a facer o mellor por este país.

Tamén dixo que os cidadáns pagarán máis de 400 euros; eu dígolle como nai que pago máis de 500 euros por cada fillo en libros de texto, por esa eliminación da gratuidade dos libros de texto cun sistema que favorecía a todos.

Falaba dunha serie de países que diminuíron o IVE, pero diga en canto está ese IVE con respecto ó IVE en España, a canto o baixaron? Están por riba. Calquera país da Unión Europea que vostede nomee ten un IVE moi superior ó de España porque precisamente España tivo unha contención do IVE mentres os outros países o subían,

polo tanto España tiña marxe e era onde podía actuar. Diga onde está o IVE en Alemaña e diga tamén por que non poñemos en España o IVE de Alemaña. Diga o número e dirá entón que en España teríamos que subir moito máis. Diga iso tamén. De novo vólvese culpar ó Sr. Rodríguez Zapatero do paro en España. A culpa da crise económica e do desemprego en España a ten o Sr. Rodríguez Zapatero. Esta vez non nomearon ó Alcalde para dicir que a culpa do desemprego de Vigo a ten o Alcalde. Pero vou utilizar o mesmo argumento. Canto leva o Sr. Núñez Feijóo na Xunta de Galicia? Cantos parados hai máis en Galicia? A responsabilidade do aumento do paro en Galicia é do Sr. Núñez Feijóo? Pregunto isto porque se a de España é do Sr. Rodríguez Zapatero, a de Vigo é do Sr. Caballero, a da Xunta será do Sr. Núñez Feijóo. Polo tanto explíquen que está a facer o Sr. Núñez Feijóo por diminuír o desemprego porque tampouco di vostede que este ano as comunidades autónomas teñen máis cartos vía orzamento para xerar plans de emprego. O Estado deulle ás comunidades autónomas un 3% máis para que poidan xerar plans de emprego. Onde están eses plans de emprego para diminuír o nivel de desemprego en Galicia? Eu non os vexo. Onde están eses cartos? Eu alégrome de teren un 3% para fomentar e crear emprego pero, onde están eses cartos que o Estado lle deu á Xunta de Galicia para xerar emprego? O certo é que o Sr. Núñez Feijóo dixo que en cen días ía sacar Galicia da crise. Eu non vexo que a sacara, que esteamos moito mellor que hai cen días. Que é o que está facendo o Sr. Núñez Feijóo na Xunta de Galicia?

Logo tamén dicía que se Bruxelas dicía que non imos saír da crise coido que dixo ata o ano 2011. Tamén iso é culpa do Sr. Rodríguez Zapatero? Se cadra tamén porque parece que estamos aquí xerando todo.

O que realmente teñen que facer é traballar por esta cidade, presentar mocións cara esta cidade e non se repetir unha vez máis, non vir aquí exactamente co mesmo porque poderíamos estar debatendo por outras cousas, Sr. Conde. Por iso insisto na presentación da miña emenda que substitúe ós puntos primeiro e segundo e manteño o terceiro.

SR. CONDE GIL: O titular era: "Bruxelas confirma que España non sairá da recesión ata o 2011. Almunia advirte de que o paro chegará ó 20% no 2010". Coido que o Sr. Almunia foi candidato de seu á Presidencia do Goberno. Lémbrolles tamén que D. Felipe González, que agora se dedica a asesorar ó Sr. Rodríguez Zapatero, así nos vai, subiu o IVE DO 12 ó 16%, que o actual secretario de Estado de Economía descarta de

momento que se suban os impostos pero deixa aberta esa porta; subirán o tabaco, a gasolina, eses impostos que tanto lles gustan a vostedes que lles axudan a recadar. Se alguén prometeu neste país, nesta cidade o pleno emprego foron vostedes e os datos están aí. Neste país hai máis de catro millóns de parados e na cidade tamén. Que agora lle veñan botar a culpa á Xunta de Galicia da situación que se veu desenvolvendo cando non leva nin un ano no goberno, atreveríame dicir que é un pouco de cara dura política.

Que nos veña vostede acusar a nós de non traballar é unha cousa moi democrática; querer orientarnos na presentación das nosas mocións e os temas dos que tratan. Se quere falar de traballar presente vostede os orzamentos deste Concello e falaremos de traballar porque tiñan que estar no mes de outubro e aprobados antes do remate do ano e estamos cos orzamentos prorrogados. Vostede di que falla pouco para que se aproben, pero é que igual que o regulamento do Pleno ían presentalos antes do remate do mes e ó mes quédanlle cinco días, está a rematar.

Insisto no que dixen: a subida de impostos é inxusta, antisocial e provoca máis paro, Sra. Díaz, máis desemprego. Ese é un tema que nos ten que preocupar moito a todos os cidadáns. A OCDE calcula que no ano 2010 imos ter 700.000 parados máis e a vostedes non lles preocupa iso. Vostede sempre se despacha facendo alusións ó despedimento e a non sei que cando non falamos diso. Antes o Alcalde dicía que non nos dispersásemos e ó final quen non nos podemos dispersar somos o Sr. López-Chaves, o Sr. Martiño e máis eu, vostedes pódense dispersar o que lles pete. Iso é democracia, si señor.

Para que se destinan estes impostos? Non é para a austeridade porque hai un 8% máis de asesores do Sr. Rodríguez Zapatero, 647 asesores, 254 en Moncloa. Para que valen? Para subir os impostos? Para que suba o recibo da luz, a factura do teléfono, a compra dun coche, a vivenda, a alimentación, a hostalaría, os restaurantes, o transporte terrestre? Para non favorecer unha das principais industrias deste país que é o turismo? Para iso valen eses asesores? Primeiro botan a un ministro e logo o nomean asesor. Isto xa é rizar o rizo porque primeiro o botan e logo o contratan; isto nin nunha empresa familiar.

Non admitimos nada de emendas.

A PRESIDENCIA: Procedemos a votar a emenda de substitución ós puntos primeiro e segundo para logo votar o conxunto do texto.

Emenda de substitución ós puntos 1 e 2 da moción, presentada por escrito de data 25.01.10 pola concelleira delegada de Economía e Facenda, Sra. Díaz Vázquez, durante o curso do debate:

Reclamar á Xunta de Galicia que atenda as petición da FEMP para que as Comunidades Autónomas poñan en marcha fondos incondicionais a favor dos Gobernos Locais, co obxecto de que os Concellos financien os gastos que asuman pola prestación de servizos que son de competencia autonómica.

(Está ausente o concelleiro Sr. González Sagarra e a Sra. Larriba Leira do Grupo Popular)

A Presidencia somete a votación a emenda de substitución formulada pola concelleira Sra. Díaz Vázquez.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e once votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Aprobar a emenda de substitución transcrita anteriormente formulada pola concelleira delegada de Economía e Facenda, Sra. Díaz Vázquez e, xa que logo, adóptase o seguinte acordo:

Primeiro.- Reclamar á Xunta de Galicia que atenda as petición da FEMP para que as Comunidades Autónomas poñan en marcha fondos incondicionais a favor dos Gobernos Locais, co obxecto de que os Concellos financien os gastos que asuman pola prestación de servizos que son de competencia autonómica.

Segundo.- Dar traslado destes acordos ao Presidente do Goberno, aos Vicepresidentes do Goberno e aos Voceiros dos Grupos Parlamentarios nas Cortes.

12.- (12).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO REVOGAR O ACORDO DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN CIDADÁ DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO CONSELLO SOCIAL DA LINGUA. DOC. 90146383.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de outubro de 2009, número de entrada 90146383, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, formula a seguinte moción:

“A creación do *Consello Social da Lingua Galega* débese a unha iniciativa do Partido Galeguista que o Pleno da Corporación aprobou por unanimidade o 27 de decembro de 2004.

Foi o 13 de maio de 2005, sendo alcaldesa de dona Corina Porro, cando finalmente se constitúe este Consello coma un órgano consultivo, composto por institucións, colectivos e empresas, co fin de contribuír á normalización do galego na cidade.

Para acadar este obxectivo asináronselle funcións de avaliación e ditame da política e planificación lingüística feita dende o Concello, estudo e análise de cuestións relacionadas con medidas axeitadas para normalizar a lingua, e fomento e promoción do galego na sociedade.

Na súa composición contouse con persoas de recoñecida competencia no campo da normalización lingüística, grupos políticos con representación no Concello e vocais de diversas entidades sociais, culturais, empresariais, políticas, relixiosas e deportivas.

Para o grupo municipal do Partido Popular a constitución da *Comisión Cidadá de Normalización Lingüística* duplica funcións que ten xa encomendadas o *Consello Social da Lingua* e que dan cumprida resposta aos fins que se perseguían no ano 1999 coa creación da Comisión; tanto no referido aos seus obxectivos, a súa composición, menor que a que prevé o CSL, como aos canles de participación que establece, xa que ademais do Pleno, a Comisión Permanente e os Relatorios Sectoriais e Especiais, poderán participar persoas cuxa opinión sexa requirida por algún dos seus membros.

A prol de que se respecten os principios de eficacia no cumprimento dos obxectivos sinalados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos que se empreguen neles, o grupo municipal do Partido Popular quere deixar constancia do seu desacordo coa constitución da *Comisión Cidadá de Normalización Lingüística*.

Xa que logo, propoñemos para a súa aprobación no Pleno da Corporación:

1.- Que se revoque o acordo polo que se constitúe a *Comisión Cidadá de*

Normalización Lingüística ao considerar que supón unha redundancia na articulación das políticas lingüísticas do Concello.

2.- Que se modifiquen os estatutos co Consello Social da Lingua para incorporar aqueles colectivos cidadáns que non estean suficientemente representados.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do 21 de setembro de 2010, ditaminou favorablemente a anterior moción.

O concelleiro do Grupo Popular, Sr. López-Chaves Castro, procede a ler a moción en substitución da relatora, Sra. Larriba Leira, ausente por indisposición.

DEBATE.- SRA. VELOSO RÍOS: Como ben se explica na propia moción, a Comisión Cidadá de Normalización Lingüística constituíuse e aprobouse no Pleno do Concello de Vigo en 1999, antes da constitución e aprobación do Consello Social da Lingua que se aprobou no Pleno de decembro de 2004.

A Comisión Cidadá de Normalización Lingüística que se creou en 1999 neste Pleno acolle a entidades e asociacións que teñen entre os seus obxectivos a normalización da lingua galega e constitúese coma un foro de debate, ditames e consulta para a Concellería de Normalización Lingüística do Concello de Vigo, mentres que o Consello Social da Lingua está composto por distintos interlocutores sociais que non teñen por que estar especificamente relacionados co traballo de normalización lingüística pero que poden facer achegas interesantes coma interlocutores sociais de peso na nosa cidade. Polo tanto os compoñentes dun e doutro organismo teñen intereses, funcións e perspectivas sobre a normalización lingüística diferentes.

Non entendemos moi ben por que se solicita que se elimine a Comisión Cidadá de Normalización Lingüística que se constitúe cos novos membros nun novo mandato, ó igual que o Consello Social da Lingua e que as comisións que se van constituíndo en cada mandato, pero que está creada dende 1999, non é unha creación do actual mandato. Non entendemos moi ben porque se quere privar ás entidades que traballan pola normalización lingüística na nosa cidade dun foro coma este. Precisamente o Partido Popular, que quere que os pais e as nais poidan dicir en que lingua queren que estuden os seus fillos e fillas, resulta que non lles quere permitir que poidan participar a través da Asociación de Nais e Pais polo Ensino en Galego, que forma parte da Comisión Cidadá de Normalización Lingüística, na política lingüística deste Concello.

Non hai problemas de colisión entre un e outro organismo. A Concellería ten entre as súas funcións coordinar os dous organismos e ata agora non houbo ningún problema para trasladar propostas dun ó outro organismo, non hai tampouco ningún problema cos recursos; non hai recursos específicos dedicados a un ou outro organismo. Non entendemos que haxa tampouco ningún outro problema de eficiencia, dende logo nesta moción tampouco se concreta, como non se concretou na presentación oral no Pleno.

Nós entendemos que calquera dos dous organismos é útil e que ademais no Consello Social da Lingua recollemos interlocutores sociais que traballan en distintos eidos sociais. Vostedes mesmos na Xunta de Galicia defenden que a educación non é único eido de normalización lingüística, esa é unha das argumentacións de defensa das bases do decreto do ensino plurilingüe que acaban de presentar, malia que a Secretaría Xeral de Política Lingüística pasou de depender de Presidencia a depender da Consellería de Educación.

O Consello Social da Lingua estende a distintos eidos o traballo normalizador para acadar o consenso do que tanto falamos. De feito así se recolle na acta do Pleno do ano 2003 no que o Concelleiro, D. Manoel Soto, a través dunha moción propuxo a creación deste Consello Social da Lingua. De feito daquela un xurista, profesor de Dereito da Universidade de Vigo, solicitara un informe xurídico do regulamento do Consello para se asegurar de que non tiña ningún problema xurídico que supoño sería positivo porque logo este insigne xurista votou a favor da súa aprobación definitiva; era o propio Concelleiro D. Ignacio López-Chaves.

Entendeuse a Comisión Cidadá de Normalización Lingüística coma un comité de experto e o novo órgano incorporaría persoas e entidades con representación social que vaian facendo esforzos cara á incorporación do galego na súa actividade. Isto figura literalmente así na acta da reunión da Comisión Cidadá de Normalización Lingüística de 29 de decembro de 2004 en palabras de D. Manoel Soto quen explicaba así ós membros da Comisión Cidadá de Normalización Lingüística cal era o obxectivo do Consello Social da Lingua. Ó mellor o Sr. López-Chaves que daquela era Concelleiro de Normalización Lingüística non se lembra porque neses momentos estaba ausente da reunión tal e como tamén consta na acta. Para información do Sr. Alcalde, o Sr. López-Chaves cando era concelleiro tamén se ausentaba de reunións que el mesmo presidía. Neses momentos e durante a súa ausencia o Sr. Soto explicou perfectamente cal era a función dun organismo e do outro e por que eran

perfectamente compatibles, mesmo se complementaban e eran precisos calquera dos dous.

De feito, insisto en que o Sr. López-Chaves foi Concelleiro de Normalización Lingüística deste Concello e mentres el foi concelleiro a Comisión Cidadá de Normalización Lingüística reuniuse catro veces e o Consello Social da Lingua tamén catro veces.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Unicamente pedimos nesta moción que se incorporen dous organismos. Mediante a modificación do Regulamento do Consello Social da Lingua, que se incorporen os compoñentes da Comisión Cidadá de Normalización Lingüística, é sinxelamente agrupar os dous organismos, é unha medida de eficiencia administrativa. Non coidamos que sexa ningún problema esa incorporación. Os organismos e as administracións van mudando e a incorporación doutro organismo único que agrupe ós demais non é dende logo desatinado. É unha boa medida dende o punto de vista da xestión administrativa.

É certo que o Concello de Vigo durante a Presidencia de D^a Corina Porro aprobou unha moción do Partido Galeguista e foi o Partido Popular quen puxo en marcha o Consello Social da Lingua. Ese traballo conxunto de todos os que se dedican a este tema é bo. Vostede di que sigan separados, non sei cal é problema de que se agrupen por por desas razóns de eficiencia e coordinación dentro das actuacións.

Por certo, na reunión na que vostede non estaba, ausenteime por razóns familiares particulares e ademais co coñecemento do propio Consello, con permiso e autorización. As veces non convén dicir esas cousas, se quere llo podo comentar pero dende logo con autorización e pedindo permiso á Comisión que dende logo concederon todos os seus membros.

Dicía D. Diego López de Haro: "Aquí xace sepultado quen á súa fe xamais faltou, quen máis quixo o matou". Dicían que non hai maior dispendio que o excesivo eloxio. O que vostede fai agora non me parece correcto dende un punto de vista intelectual pero o que pedimos nesta moción que era da Sra. Larriba, quen por problemas de saúde non pode estar agora aquí, é agrupar os dous organismos nun só. É unha medida de eficiencia e de coordinación da actuación das administracións que é unha mellora e aínda que di vostede que non se fixo antes, o que non se fixo nunca se pode facer e esa argumentación en materia de xestión política non me parece o máis correcto.

SRA. VELOSO RÍOS: Sinto non concordar con esa proposta de maior eficiencia. Seguro que xa sabe vostede mellor ca min que ás veces mesturar peras e mazás non dá bo resultado e neste caso seguramente sexa máis eficiente manter os dous organismos, cada un deles cos seus obxectivos, as súas funcións e compoñentes porque mesturar un Consello Social da Lingua con corenta entidades con distintos intereses, non é precisamente o máis eficiente. Seguro que de ser así se lle ocorrería a vostede cando foi Concelleiro de Normalización Lingüística.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Coido que si é bo mesturar, eu non sei porque hai agora esta manía de cada un polo seu lado, cada quen por separado. Coido que en materia de política lingüística mesturar é bo, que traballen todos conxuntamente no mesmo sentido é bo, non separalos cada un polo seu lado; coido que é bo que traballen conxuntamente.

Cando eu fun concelleiro o goberno da Sra. Porro puxo en marcha o Consello Social da Lingua e coidamos que unha mellora nese Consello sería que traballen conxuntamente. Mesturar é bo e que traballen conxuntamente tamén é bo, cremos que a situación que se poidan producir de existiren os dous organismos, dende logo a norma posterior é a do Consello Social da Lingua que se aprobou polo Pleno deste Concello, mesturalos agora, dar o paso cara adiante, temos dous, creamos un e agora son dos, que traballen e se conxunten creo que é unha actuación correcta e en materia de política lingüística é bo mesmo que sectores tan distintos como os que poidan estar no Consello da Lingua e os que estean na Comisión Cidadá estean xuntos nun mesmo organismo é bo. Insisto niso e por iso mantemos esta moción.

(Están ausentes os Sres. Conde Gil e González Sagarra e as Sras. Iglesias Bueno e Larriba Leira).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e nove votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill,

Comesaña Abalde, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, instando revogar o acordo de constitución da Comisión Cidadá de Normalización Lingüística e modificación dos estatutos do Consello Social da Lingua, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

13.- (13).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO SE TOMEN AS MEDIDAS OPORTUNAS PARA ERRADICAR A VENDA AMBULANTE E IRREGULAR NO CASCO VELLO. DOC. 90146385.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de outubro de 2009, número de entrada 90146385, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, formula a seguinte moción:

“Na rúa San Vicente do Casco Vello instálase o domingo pola mañá un mercado no que se poñen á venda roupas e aparellos. A causa das obras de urbanización na rúa San Vicente, algúns destes vendedores estanse trasladando agora á rúa Elduayen. Segundo informes da Policía Nacional trátase dun punto habitual de receptación.

O grupo municipal do Partido Popular quérese facer eco das numerosas e permanentes demandas dos veciños do contorno que consideran necesario erradicar esta venda eventual e irregular da zona, non só porque carece de autorización, senón porque é foco de inseguridade cidadá debido ás pelexas e enfrontamentos que nela se producen habitualmente a pesar da supervisión da Policía Local.

Como xa tivemos a oportunidade de debater anteriormente neste Pleno, hai unha rehabilitación pendente no Casco Vello que vai máis aló da puramente urbanística que é a social. Reclamamos do goberno local unha actuación decidida, para evitar que a existencia de lugares marxinais e conflictivos poña en perigo aos veciños.

Xa que logo, propoñemos para a súa aprobación non Pleno dá Corporación:

Que o goberno local tome as medidas oportunas para erradicar a venda ambulante irregular no Casco Vello”.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 21 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

O concelleiro do Grupo Popular, Sr. Martiño Gómez, procede a ler a moción en substitución da relatora, Sra. Larriba Leira, ausente por indisposición.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Lamento a ausencia da Sra. Larriba que, é unha presunción, pero ó mellor retiraba a moción porque seica falou co xefe da Policía quen lle informou tan claramente do tema que se decatara de que non ten moito sentido manter esta moción tal e como se presenta. Á marxe de que na exposición de motivos se fale sempre por parte do Partido Popular de cousas que teñen un nivel de esaxeración considerable, como o tema do “foco de inseguridade cidadá, pelexas, enfrontamentos...”, iso é vender unha imaxe negativa do Casco Vello que tampouco responde a unha realidade ou polo menos son incidentes illados.

En todo caso e á marxe diso, a Sra. Larriba tiña a información de que o goberno local está a actuar nese pequeno mercado permanentemente dende o 4 de xaneiro, pero é que ademais está dende maio de 2009 sempre nas ordes do día de todos os domingos para que a Policía atenda esta situación que obviamente é ilegal e hai que evitar, sobre todo se como aconteceu nalguna ocasión, cousa que está absolutamente rematada, se utiliza ese pequeno mercado para a venda de obxectos roubados.

Quérolles deixar absolutamente tranquilos no sentido de que está controlado, hai unha presenza e unha permanente actuación da Policía Local todos os domingos tamén polas miñas directrices coma responsable de que o tema da venda ambulante o hai que axustar á legalidade. Por iso manteremos a venda ambulante nos termos e nos lugares nos que está autorizada e nunca fóra deses sitios.

Por certo, dicir que cando esa venda ambulante se quixo instaurar na rúa das Ostras a actuación policial foi tan inmediata que ese problema rematou deseguido, con toda a celeridade e por petición expresa deste goberno local, neste caso coa colaboración da Autoridade Portuaria e da súa policía, erradicouse a venda ambulante diante do peirao de transatlánticos, etc., como vostedes ben saben. Saliento que foi por iniciativa deste goberno local que entendía que non podía estar tentando erradicar a venda ambulante dos outros sitios da cidade e onde era competencia da Autoridade Portuaria esa venda ambulante campara polos seus respectos.

Xa lles digo que estean absolutamente tranquilos porque se están tomando as medidas axeitadas e por iso xa presentei por escrito unha emenda ó texto da Sra. Larriba para que se diga: “siga tomando as medidas oportunas” en troques de “tome

as medidas oportunas". É dicir, quedaría: "Que o goberno local siga tomando as medidas oportunas para erradicar a venda ambulante irregular no Casco Vello".

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Estou completamente de acordo con esa emenda que presenta o meu compañeiro, Sr. Calviño.

Ás veces hai que ter un pouco de coidado coas cousas que se din, por exemplo nos antecedentes da moción. Sen querer polemizar, coido que non se debe alarmar nin dar unha imaxe de violencia ou inseguridade no Casco Vello porque nestes momentos non é así; tampouco se debe botar a culpa á venda ambulante precisamente deses focos de inseguridade, desas violencias e demais. Si é certo que nalgúns momentos pode haber discusións e demais, pero coido que non se deben facer manifestacións deste tipo porque na nosa cidade hai vendedores e vendedoras ambulantes legalmente establecidos e regularizados nos sitios nos que corresponde que non teñen mostrado ningún tipo de problema, de violencia, nin teñen configuradas ningún tipo de zonas marxinais ou conflictivas.

Sinxelamente facer esa apreciación porque efectivamente estamos coordinándonos acotío entre a responsabilidade de Patrimonio Histórico-Cascos Históricos coa Policía Local para que estas cousas non se dean. O Concelleiro de Seguridade poñía o exemplo de cando parte dos vendedores que teñen xa o seu sitio querían incidir máis na rúa das Ostras, tema que se eliminou inmediatamente e o asunto de Elduayen ó que vostedes fan referencia, nestes momentos está absolutamente eliminado.

Estou de acordo con vostedes en que a rehabilitación pendente no Casco Vello vai moito máis aló do puramente urbanístico aínda que tamén hai que seguir rehabilitando urbanisticamente e por iso se está traballando precisamente en toda a renovación do Casco Vello e na dinamización social e cultural desta zona tan emblemática para a cidade.

Hai unha excelente coordinación e unha mestura moi boa. Quérolle dicir ó Sr. López-Chaves sen que sirva de precedente que nesta ocasión estou completamente con el: as mesturas son boas. Polo tanto, Sr. López-Chaves, vostede queda desautorizado para volver criticar un goberno bipartito de coalición. Unha das probas de que as mesturas son boas é este propio goberno, a súa coordinación e polo tanto agardo que a partir de agora, Sr. López-Chaves, vaia facendo vostede eloxios deste goberno porque é unha mestura absoluta e totalmente efectiva e eficaz para esta cidade.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Ó mellor o meu compañeiro tamén podería dicir algo por alusións porque se estiveron referindo a el cando non tiña nada que ver. Como vostede sempre ben di, Sr. Presidente, hai que debater o tema das mocións e non tentar mesturar outras temas como sempre están a facer. Aquí as directrices teñen que ser para todos e non só para uns. Como dixen antes neste Pleno non hai liberdade.

Esta moción é da miña compañeira pero aquí se dixeron unhas cousas que se poden rebater cunha sinxela visión dos papeis.

O feito de altercados no Casco Vello dedúcese da existencia de denuncias por parte da Policía. Uns exemplos: 29 de xaneiro de 2009: “Notificación de venda ambulante”. 15 de marzo de 2009: “Incautación de venda ambulante”. 10 de maio de 2009: “Identificación de persoas sospeitosas”. 10 de maio de 2009: “Incautación de venda...”. 17 de xuño de 2009: “Comprobación do mercado...”. 3 de novembro de 2009: “Incautación de venda ambulante”. Así podería seguir e seguir. Negar estas situacións paréceme non querer ver a realidade. A inseguridade prodúcese e ademais se ve, aínda que o que non podemos dicir é que sexa constante porque si que a policía pasea. Insistimos novamente e salientamos que a policía está nas rúas, pero cando efectivamente non está nos contornos porque ten que cumprir con outras obrigas, si se producen altercados violentos por mor da ocupación do lugar. O posto de venda non é fixo, chega unha persoa e ocúpao pero ó chegaren quen o ocupou a anterior fin de semana prodúcese unha liorta.

Isto non o dicimos nós, dino os cidadáns. Vostedes obvian que os cidadáns están na rúa e son quen ven as cousas. Vostedes non lles queren facer caso, non os reciben, non están con eles e velaí o problema. Logo temos outro problema a maiores cal é a dignidade das persoas que venden nestes mercados. Son persoas que van aí vender mesmo as súas propias pertenzas.

Hai que ir regulando esta situación. Este mercado non está regulado e hai que facelo. Nun Pleno do ano 2005, durante a anterior lexislatura vostedes mesmos pedían e o Sr. Domínguez explicaba claramente esta situación. Nestes momentos estamos a dicir o mesmo que vostedes daquela por iso non se poden negar á nosa petición. Estamos solicitando unha regulación, unha orde onde hai unha desorde e vostedes miran novamente cara outro sitio.

Queremos que vostedes vexan a realidade, os cidadáns están pedindo que se eviten estas liortas no Casco Vello. Nós estamos reclamando non só unha humanización de

rúas no Casco Vello, senón unha humanización social para a zona e pedimos que se legalice esta situación irregular que se dá no Casco Vello, que se organice esta venda de cousas.

Sr. Calviño, non vou entrar se esta venda é regular ou irregular; non teño a proba fidedigna de que esa venda sexa legal pero o que si sei é que a persoa que vende non está legal, está cometendo unha irregularidade porque así se desprende da ordenanza reguladora da venda na vía pública e espazos abertos, publicada no Boletín Oficial da Provincia o 25 de decembro de 1995. Seguro que vostede sabe do que estamos a falar.

Pedimos unha regulación da zona, que o goberno tome as medidas oportunas para erradicar a venda ambulante ou irregular no Casco Vello regulando a ocupación pública, se hai que buscar un local que se faga. Pedimos que se regularice esta venda e sobre todo que non se produzan as liortas. En definitiva, tan só solicitamos que se regularice a situación na vía pública e que se erradique a venda ambulante no Casco Vello.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Só quero manifestar a miña estrañeza porque de súpeto unha erradicación moi clara na proposta de emenda, como corresponde a algo que é ilegal, converteuse en regularización da situación da venda ambulante. Están propoñéndonos vostedes unha regularización por todo o Casco Vello ou por toda a cidade da venda ambulante? É algo absolutamente sorprendente. A emenda é clara, falaba dunha zona, de erradicar a venda ambulante irregular no Casco Vello e vostedes de súpeto converten iso en algo absolutamente distinto e por suposto pódolles asegurar que irregular.

Que faga referencia a unha serie de partes é a mellor constancia de que en efecto está a Policía. A maioría dos partes din que non hai nada, que o pouco que había marchou cando foi a Policía, etc. En efecto hai en dúas ou tres ocasións algún tipo de incidente, cousa que é bastante normal cando se dá unha situación deste tipo. Estes partes indican que en efecto estamos preocupados por este tema e que se trata de que a situación non vaia cara adiante porque como todos sabemos nesa zona non está aprobada a venda ambulante.

Sigo mantendo a emenda porque coido que recolle claramente o espírito claro da proposición. O único que engadimos é o de “seguir tomando as medidas oportunas” e non dicir que “se empecen a tomar” porque obviamente non é a situación.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Non existe xestión pola parte do goberno do Sr. Caballero. Estoulles a falar de partes de outubro e novembro, mesmo de hai uns días.

Sr. Calviño, non queren escoitar, este problema existe, esta situación non se pode permitir. Vostedes teñen que xestionar os temas da cidadanía. Os cidadáns están en contra de que se produza esta situación no Casco Vello e vostedes que son os que gobernan nestes momentos están obrigados a xestionar, realizar os cambios e erradicar do Casco Vello esta situación, do xeito que vostedes queiran pero xa porque o problema segue existindo.

Emenda de substitución presentada por escrito de data 25.01.10 polo concelleiro delegado de Mobilidade, Sr. Calviño Rodríguez:

Que o Goberno Local siga tomando as medidas oportunas para erradicar a venda ambulante irregular no Casco Vello.

A Presidencia somete a votación a emenda formulada polo Sr. Calviño Rodríguez transcrita anteriormente.

(Están ausentes o Sr. González Sagarra e a Sra. Larriba Leira do Grupo Popular)

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e once votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Aprobar a emenda de substitución presentada polo concelleiro Sr. Calviño Rodríguez e, xa que logo, apróbese que o Goberno Local siga tomando as medidas oportunas para erradicar a venda ambulante irregular no Casco Vello.

S. Ordinaria 25.01.10

14.- (14).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO ALCANZAR UN PACTO POLA MOBILIDADE E ELABORACIÓN DUN PLAN DE TRÁFICO CONSENSUADO NOS CONTORNOS HUMANIZADOS. DOC. 90146392.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de outubro de 2009, número de entrada 90146392, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Coello Bufill, formula a seguinte moción:

“A precipitación que manifesta o goberno acometendo a muda de lousas nas rúas da cidade suprimindo carrís, direccións e aparcadoiros para os veciños suporá, en canto sexan operativas e se non se planifica con antelación, un permanente caos circulatorio.

Acostumados a ver traballar ao goberno a impulsos e carecendo de iniciativa, planificación e previsión demostrada xa no inicio de todos os traballos, tememos que ao remate dos mesmos nos atopemos con situacións de denuncia que debe arranxar o goberno antes da súa posta en servizo.

O núcleo viario central e neurálxico de tránsito de vehículos que vai dende o cruzamento de Colón ao Paseo de Alfonso pasando pola Porta do Sol e Elduayen, que verá reducida a súa capacidade de tránsito, suporá unha muda de hábitos en función dos tráfico que se autoricen, algo que descoñecemos pero que será motivo de discusión entre as dúas parte do Goberno.

Esta mesma situación, onde se comprime o tráfico coa única posibilidade de direccións únicas como é no contorno de Povisa, terá consecuencias no tráfico de Gran Vía, xa que a demanda por acceder ao citado espazo provocará retencións.

A todo o tema de direccións temos que engadir a carencia de estacionamentos e alternativas, que si as tiñan cando gobernaba o PP coa adxudicación da construción de seis novos aparcadoiros na cidade que estes días pon en funcionamento o goberno. Un goberno do PSOE que precisamente no seu día votou en contra da súa construción.

Por todo isto o Grupo Municipal do Partido Popular, propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

“Instar ao Goberno Municipal a acadar un pacto pola mobilidade con todos os sectores involucrados que teña como finalidade un plan de tráfico consensuado para todos os contornos humanizados.”

A comisión informativa de Mobilidade, na súa sesión do día 18 de outubro de 2009, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. COELLO BUFILL: Como consecuencia dos plans de humanizacións,

cambio de asfaltado, beirarrúas, etc., producíronse fundamentalmente nos contornos do centro da cidade e do hospital de Povisa determinados problemas sobre todo de mobilidade ó longo de todo o ano 2009. Nos comezos deste ano se seguen producindo determinados atrancos e problemas que fan que a vertebración do territorio municipal estea sufrindo considerables consecuencias non só para os peóns, senón tamén para as persoas que circulan por non poderen aparcar xa nesas zonas ou ter que abandonar determinados espazos.

Isto se pode mitigar coa mesma previsión que se fixo na nosa época de deixar seis aparcadoiros xa licitados, algún deles está xa funcionando no contorno de Povisa e soluciona en parte, que non en todo, os problemas que se producen.

Esta é unha moción cun carácter positivo porque o que si nos gustaría é que se inste a todas as partes interesadas no que é a mobilidade, están as institucións, está Universidade, nós coma grupo da oposición, a Federación de Veciños, comerciantes..., todas as institucións coas que se poida acadar un pacto neste tema que é de vital importancia como pode ser o emprego, a vivenda, a vertebración da mobilidade no transporte. Coido que é moi positivo e nese sentido vai esta moción, pasa que chega con certo atraso pero “nunca é tarde se a dicha é boa”.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Eu normalmente tomo coma base de partida para as miñas intervencións o que se pon na exposición de motivos porque coido que é o que tenta xustificar o acordo. Como coido que o goberno municipal vai estar a prol desta proposta quero facer unha referencia a todo o que se di na exposición de motivos.

Comezo por dicir algo que supoño que nos pasará a todos os que estamos no goberno e é que estamos ata “as narices” de que vostedes convertan o cambio máis espectacular da historia da cidade en só dous anos nunha sinxela muda de lousas. Iso é algo tan ridículo que os desprestixia a vostedes mesmo cando o cambio máis espectacular que se realizou en moi pouco tempo o convertan vostedes en muda de lousas que suprime carrís, direccións, aparcadoiros e mete a cidade nun permanente caos circulatorio. Diso tamén falaremos e mostraremos como vostedes suprimían carrís, aparcadoiros e demais.

A partir de aí fan unha referencia a un tema realmente espiñento que fixo que tiveramos durante as obras de Elduayen, Porta do Sol, Policarpo Sanz e García Barbón o maior carril bus que tivo esta cidade durante moito tempo porque como consecuencia das obras en efecto tivemos carril bus dende Praza de América ata

García Barbón con República Arxentina, porque o único que podía pasar por Elduayen e Porta do Sol, agás as atencións ós aparcadoiros, era obviamente o transporte público coma era claramente o noso deber.

Digo isto porque vostede fala en moitas ocasións de diminución de carril bus e tamén fai aquí unha referencia ó tema de Povisa e da Gran Vía. Vouno tranquilizar nese sentido porque somos ferventes partidarios dos carril bus, o da Gran Vía volverá ser carril bus e terá os seus acompañantes no seu momento porque os queremos facer dun xeito sensato cando resolvamos máis obras que vai haber no contorno de Povisa, vanse comezar cedo as das rúas Regueiro e Tarragona. Obviamente van ser dúas rúas menos conflitivas que o que supuxo cortar practicamente moitas das rúas desa zona de Povisa cando fixemos a grande humanización que xa está rematada. Non imos ter tantos problemas de tráfico pero o sentido común aconsella que se tomen medidas de restituír o carril bus despois de que vexamos como se dá esa nova situación de obras en dúas das rúas dese contorno de Povisa que van quedar de quitarse o chapeu como xa se ven os froitos porque lle aseguro que o que recibimos son felicitacións e non protestas.

Logo nun parágrafo seguinte vostede fala de carencias de aparcadoiros e de alternativas que vostedes si deron cando adxudicaron seis novos aparcadoiros. Á marxe de que nós tamén estamos en vías de poñer en marcha novos aparcadoiros, con sentido común e resolvendo todas as zonas da cidade e non só un número limitado, que vostedes falen de carencias de estacionamentos e de non dar alternativas é realmente impresionante e téño que dicir dunha vez porque o escoitei moitas veces, estamos fartos de escoitar iso. Voulle explicar que no goberno anterior a Sra. Porro fixo unhas poucas humanizacións aínda que algunha, por certo, da Deputación quen dende aquela desapareceu, non asume nin as súas responsabilidades e non me cansarei de lembrarlles que a Estrada Provincial está feita unha auténtica vergoña e é competencia da Deputación, outras cos cartos da Zona Franca que estamos a pagar agora os gobernos posteriores porque foron cartos adiantados e, sabe vostede como se solucionaba o tema do estacionamento nesas poucas humanizacións? Suprimíndoo radicalmente ou algo peor que iso porque na rúa Marqués de Valladares e en todo o seu contorno, Alfonso XII, rúa González Sierra nas Travesas, na rúa Tui única humanización que fixeron vostedes en Coia da que falaram vostedes moito, o que fixeron vostedes foi poñer dársenas para estacionar.

Pero todas esas dársenas teñen o sinal de prohibido, non xa estacionar, senón

prohibido mesmo parar, agás carga e descarga de 8 a 11 da mañá e así obviamente todos os vehículos que aparcan nesas dársenas con ese sinal están incumprindo claramente o sinal. É dicir, as dársenas puxéronas de adorno para que sexan utilizadas para carga e descarga de 8 a 11 e o resto do tempo nin sequera deixan parar. Iso na rúa Tui, González Sierra ou en todo o contorno de Marqués de Valladares; semella que a súa humanización consiste en poñer as rúas bonitas con dársenas absurdas porque por aí non pasan os peóns e sen embargo prohiben parar. Esa era a política de aparcadoiros do goberno anterior e agora están a dicir estas parvadas sobre os estacionamentos e de se poñemos dificultades. Isto é hipocrisía total e absoluta. Por suposto que imos modificar isto e imos contar en determinadas zonas do centro para que ese espacio público estea correctamente utilizado coa maior renovación posible de vehículos porque convén que haxa rotación, ímolo facer no seu momento pero o poño coma exemplo para que vostedes teñan claro que en ocasións é mellor calar e non dicir cousas que se poden volver na súa contra. Entendo que o pacto pola mobilidade que defenden vostedes en todos os sectores involucrados para todos os contornos humanizados refírese a situacións concretas de cada sitio, porque facer un pacto de mobilidade antes de que avancemos no tema profundo de renovación do transporte público no que estamos é case comezar polo tellado. Este pacto do que vostede fala neste caso concreto estámolo a facer todos os días, estamos dialogando, consensuando, conversando permanentemente con todos os veciños desas zonas, tomando decisións logo porque esa é a nosa obriga, a nosa obriga é xestionar e gobernar e creo que o estamos facendo á perfecta satisfacción da gran maioría dos veciños desas zonas coma os feitos estano a amosar.

SR. COELLO BUFILL: Sr. Calviño, chega tarde porque se os sinais estaban mal e vostede coida que as tería que cambiar no seu momento, xa que leva tres anos de concelleiro, por que non as cambiou? Sempre chega tarde. Se tanto dano facían eses sinais que vostede os viu unha e outra vez, por que non deu a orde de cambialas? Déala. Ó mellor pasa que non ten subcontrata nestes momentos porque coma está no limbo, só funciona a golpe de teléfono... Os sinais horizontais e verticais non se renovaron e levamos máis de dous anos e medio así nunha cidade de trescentos mil habitantes que eu me cansei do advertir e dicir que saquen a concurso ese servizo. Non sei por que non o fan porque ademais a subcontrata o está a pasar mal. Se

vostede manda ó día seguinte eses sinais están fóra, cámbieos.

Daquela nós demos unha alternativa e puxemos en Colón aquelas prazas que sacamos e non custou nada, foi unha alternativa que se deu de cincuenta rúas que se humanizaron sen presuposto cando vostedes son millonarios. Só tiñamos un só orzamento e traballamos evidentemente con axudas coma as que acaba de dicir do tema de Zona Franca. Démoslle a volta ó calcetín, hai que ter imaxinación, Sra. Abelairas, fixemos os aparcadoiros e coa XER o mesmo que por certo, ten vostede esa Sentenza? Dalgunha maneira se fixeron as cousas cun só orzamento e nove concelleiros. Entendo que iso é un pouco para nota, pero é complicado.

Chega tarde de novo, sempre chega tarde. O tema da mobilidade local sácao o Sr. Espada que non é sospeitoso. Na páxina 11 do seu libro hai un informe da Unión Europea que fala de “mobilidade sostible” e na páxina 12 di: “...alentando a participación pública ó longo de todo o proceso, involucrar ós cidadáns na toma de decisións aínda dende as etapas máis iniciais...” Di “iniciais”, Sr. Calviño. Fíxese onde van as humanizacións que xa están inauguradas e o carril bus da Gran Vía dixo que o ía poñer e aínda non o fixo, remataron as obras e agora está agardando polo segundo Plan E. “..Esixe en primeiro lugar a existencia dunha sociedade civil estruturada”. Evidentemente estamos estruturados porque aquí hai agresión da palabra e non nos poñemos as luvas de boxeo, pero “garante un algo grao de identificación coa opción final”. Canto fixo vostede disto? Non fixo absolutamente nada, Sr. Calviño, chegou tarde.

Estoulle ofrecendo a miña colaboración coma oposición, algo teremos que dicir porque representamos a máis de 60.000 votantes na cidade, algo teremos que dicir. Se nos queren ignorar é problema de seu, pero nós algo teremos que dicir, algo terá que dicir a Universidade, os gremios de comerciantes, os taxistas, VITRASA que perdeu máis de 600.000 usuarios. Por que non os reuniu se ten vostede unha Comisión do Transporte xa constituída? Porque se ían producir danos colaterais que xa se produciron. No contorno de Povisa pecharon máis de trescentos comercios. Ó mellor as cousas se farían doutra maneira, ou é que vostede ten o don da infalibilidade? Sra. Abelairas, igual foron trescentos comercios os que se pecharon en toda a cidade, alí foron cento e pico, pecháronse moitos comercios. Podo cometer un erro pero o retiro de inmediato, pero vaian vostedes por esa zona e vexan que hai moitos comercios que se pecharon. Iso é verdade.

Sr. Calviño, é curioso que están todos os cruzamentos das rúas coas flores, pero xa

faltan moitas, se o quere ver vaia vostede a pé. No único tramo no que se manteñen é onde está o cuartel da Garda Civil. Por algo será. Nós se colliamos a algún cidadán quitando unha planta ía a un xuízo rápido. Vostede fixo algo diso? Coide as flores porque nos custan diñeiro. Parece que antes eran moi críticos con ese tema pero afortunadamente coido que estaba ben.

Sr. Calviño eu sigo notando en vostede un pouco de soberbia e esta é mala compañeira de viaxe. Advírtolle novamente de que ó mellor o seu tempo está periclitado. Debería facer un exame de conciencia. Agora non ten aplausos na sala, están os silencios e iso é moi significativo. Dígolle iso sen acritude, coa mellor intención.

Chegou tarde ó pacto de mobilidade. Tanto que admira vostede a cidade de Barcelona pois alí o fixeron, tamén en Burgos, pero nos inicios. Isto non o digo eu. Pon iso tamén en dúbida? Eu lin moi ben este informe que é moi negativo en moitas cousas.

É vostede tamén o principal responsable dos datos reais do transporte. A diminución de usuarios é tremenda para unha cidade que hai que vertebrar, á que lle hai que dar alternativas na mobilidade. Que o transporte público baixara en preto de 600.00 os usuarios e que vostede non faga unha reflexión seria, que non a fixo, é significativo.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: En primeiro lugar, Sr. Coello, asómbreme o seu descoñecemento da administración municipal logo de catro anos máis dous e medio coma concelleiro. Escoitei repetidamente xa que o tema da sinalización o temos que encargar por teléfono e de súpeto dunha semana para outra.

É certo que o contrato está rematado, están os pregos de condicións, está a piques de facerse a licitación, pero é que o servizo segue funcionando exactamente igual porque hai unha prórroga. Outra cousa é que aceleremos esa adxudicación que, como ben saben os concelleiros compañeiros da Xunta de Goberno, é algo no que insistín en máis dunha ocasión pero funcionamos exactamente igual. Outra cousa é que o haxa que xustificar posteriormente dende o punto de vista económico dun xeito diferente, pero ese servizo non sofre ningunha mingua.

Quen queira pode facer demagogia facilmente e coa baixa de viaxeiros do transporte público vostede sabe que esa diminución é absolutamente xeneralizada en todo o transporte público urbano de toda España. Eu puxen exemplos moi claros de cidades moi próximas a nós, se aquí diminuímos un 2,89%, se incluimos os transbordos que

sería o número que eu podería utilizar de xeito fácil, un 2,6%, o que non sei se o fan as outras cidades, pero A Coruña diminúe un 3,09%, Oviedo e Gijón un 4,5%, etc., poderíalle dar datos de calquera cidade. Vostede non conta que o ano anterior subiu sensiblemente o transporte público e xa o xestionabamos nós. Quero dicir que considerar que unha baixada un ano concreto, nunha situación de crise económica indica algo de cal é o futuro é absolutamente ridículo cando precisamente estamos embarcados na maior transformación e mellora do transporte público que vai vivir esta cidade en moitos anos.

Falou de facer os pactos dende o inicio. Para regular o tráfico nos contornos humanizados que é dos que fala vostede, ós que se refire vostede porque se quere eu lle falo do pacto de mobilidade que saíu nalgún medio de comunicación sen que este goberno tivera que ver con esa saída porque é un traballo máis que temos en moita consideración e logo farei algunha referencia a el, pero lle podo dicir que nos contornos humanizados eu fago ese pacto dende o principio. Falei coas asociacións veciñais, coas de comerciantes, con moreas de interesados de zonas coma O Calvario, o contorno de Florida-Fragoso que por certo, aínda non está posto en marcha aínda que sae algunha información equivocada nos xornais respecto a como vai quedar regularizado o tráfico nesa zona, pero o falei con eses representantes das asociacións dende hai moito tempo, dende o principio. Está absolutamente consensuado pero o que non podo consensuar, e aí están as realidades, aí está que o transporte público tivera un tremendo problema nas rúas Marín e Estrada e agora non ten ningún, e xa verán os propios veciños como precisamente lle comentei un día nun Pleno, como a situación vai ser moito mellor que a que tiñan anteriormente e ademais parece que imos por aí.

Vostede fala de que pecharon comercios e demais. Por certo, precisamente hoxe pola tarde haberá unha cousa moi importante que hai que salientar, é que por primeira vez se ten en conta a todos os comerciantes que sufriron as obras dun xeito moi significativo cun apoio que os vai axudar coas dificultades económicas. Pódolle dicir que nós tamén vimos coma moreas de comercios desas zonas humanizadas facían a súa publicidade, sinto non a ter aquí agora, precisamente dicindo “zona humanizada”. A publicidade do comercio dicía que estaba en zona humanizada, cun amplo aparcadoiro e amplas beirarrúas. Iso é o que tentamos conseguir, tamén un mellor futuro para ese comercio.

Cando se me acusa de soberbio, eu coido que fago o meu traballo, gústame, tócame

relativamente sufrilo e vostede sábeo porque o sufriu, pero os concelleiros de Tráfico adoitamos ser monecos do pim-pam-pum, moi facilmente atacables.

Quería facer unha referencia ó pacto de mobilidade e non a fago porque lle vou dar a razón nalgunha cousa que di un articulista que normalmente se mete moito comigo, co concelleiro de Tráfico e comigo. Lea “La Voz de Galicia” e vexa como empeza a haber moita xente que non só di de palabra que o tráfico non está tan mal, senón que tamén o pon por escrito e di que está moito mellor que noutras cidades.

SR. COELLO BUFILL: Xa que o departamento de Tráfico é o peor valorado en todas as enquisas o Sr. Alcalde debería procurar un cambio importante coma nos partidos de fútbol. Vostede sempre chega tarde, ó pacto de Mobilidade chega tarde, dígollo por terceira vez.

Teño aquí unha fotografía dunha glorieta que melloraría un cruzamento moi perigoso que hai tempo que se aprobou e non escoito nada sobre que se vaia facer algo. Agora co Plan E aí a ten.

Ogallá D. José Blanco traia o AVE no seu tempo e hora. Eu creo no Sr. Blanco porque ten un acordo co Presidente da Xunta.

Sr. Calviño, hai que se poñer as pilas nese departamento. Agora coma xa ten exclusiva esperemos que faga o recambio todos os días e se poña a traballar en condicións.

Indícolle novamente que coido que ese pacto sería moi bo e mesmo o di o Sr. Espada quen non é sospeitoso e fala dende os inicios. Iso é así porque se vai creando unha conciencia social e vostede o tivo a tiro, puido reunírmonos a todas as partes interesadas da cidade: institucións, Xunta, Universidade, taxistas, transporte público, todos os veciños, comerciantes, Federación..., tería unha fotografía increíble e dígolle isto con certa nostalxia porque de estaren eu aí faríao.

(Están ausentes o Sr. González Sagarra e a Sra. Larriba Leira do Grupo Popular e a Sra. Abelairas Rodríguez do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Coello Bufill,

S. Ordinaria 25.01.10

instando a elaboración dun pacto pola mobilidade e a elaboración dun plan de tráfico consensuado nos contornos humanizados da cidade co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

URXENTE:

A.- (16).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á CONSTRUCIÓN DO NOVO HOSPITAL DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 25 de xaneiro de 2009, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“A Consellería de Sanidade presentou no Consello da Xunta do día 21 un informe sobre o estudo de viabilidade económico financeiro do novo hospital de Vigo. Por este estudo confirmase o que xa estaba anunciado:

Que a construción do novo hospital vai ser a través dunha UTE que adianta o investimento e constrúe a infraestrutura a cambio dun canon anual e a xestión de servizos non sanitarios como limpeza, central telefónica, lavandería, mantemento, transporte interno e externo. O custo desta infraestrutura vaise pagar ó longo de vinte anos.

Pero o Sr. Feijoo non di que este financiamento privado implica pasar o custo de construción de investimento a gasto corrente, que haberá que detraer ano a ano doutras partidas e tamén supón a xestión privatizada dos servizos que, non sendo sanitarios, se prestan á cidadanía.

Por todo isto instamos ó Pleno da Corporación a:

- Reclamar da Xunta de Galicia que retome o proxecto de construción dun hospital público para Vigo nos termos que aparecen no plan de infraestruturas 2008/2013 garantindo que o investimento se fará con fondos públicos utilizando os mecanismos que a lei de réxime financeiro orzamentario de Galicia pon a disposición da administración, incorporando o investimento preciso nas anualidades restantes de 2013 para manter o prazo de posta en marcha en 2013.
- Instar á Xunta de Galicia a garantir o mantemento do emprego público para o persoal do Sergas que presta o seu traballo nos centros hospitalarios públicos de Vigo en servizos que teñen previstos privatizar no novo hospital”

DEBATE.- A PRESIDENCIA: A efectos de economía de procedemento podemos facer un debate conxunto da urxencia e contido formal e proceder logo á votación tanto da

urxencia coma do contido. Se lles parece ben ós grupos.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Sinto que a estas horas teñamos que debater unha moción de urxencia pero coidamos que o tema o require.

Como todas e todos sabemos por medio dunha información que apareceu nos medios o 22 de xaneiro decatábamos que o Consello da Xunta do 21 de xaneiro de 2010 debatera as condicións do Plan de viabilidade económica e financeira do novo hospital de Vigo. Como consta nos medios de comunicación, dalgún xeito confirmámonos o que xa estaba anunciado, que a construción do novo hospital vai ser a través dunha UTE que dalgún xeito vai adiantar o financiamento da infraestrutura a cambio dun canon anual e da xestión dos servizos non sanitarios.

Diante deste tema consideramos que, posto que a partir de agora hai un mes durante o que se vai presentar á opinión pública e logo se abrirá un prazo para que as empresas presenten as súas ofertas para iniciar a obra, coidamos necesario traer isto con carácter urxente para que o Concello de Vigo, coma fixo noutras ocasións, manifeste a súa opinión ó respecto. Este é o motivo de traer o tema a Pleno por urxencia.

O Sr. Feijóo dicía que a proposta que se presentaba era posible porque aceleraba os prazos e tamén dicía que era unha proposta viable porque se axustaba o pagamento por dispoñibilidade. Por outra banda tamén dicía que a Administración sanitaria galega imitaba neste caso a outros países coma Suecia, Alemaña, Irlanda ou a outras comunidades coma Madrid ou Castilla-La Mancha.

O que non contaba o Sr. Feijóo era a serie de situacións que se van dar de chegaren aprobar que unha infraestrutura coma é a do novo hospital de Vigo se faga a través dunha UTE de empresas privadas.

O que non nos di o Sr. Feijóo é o que significa iso. Di que é máis rápido, máis viable, pero non o que supón pasar o custo que antes ía adxudicado á construción a gasto corrente coa consecuente diminución do gasto corrente noutras partidas. Tampouco nos conta que supón a privatización da xestión de servizos, que aínda que non son servizos sanitarios e eles din que están previamente externalizados, nós sabemos que non é certo e que afectan directamente estes servizos á prestación da calidade dos servizos que si son sanitarios. Non nos di o Sr. Feijóo que ó custo do servizo haberá que sumar os beneficios das empresas privadas porque evidentemente estas non traballan de xeito altruísta.

O que tampouco nos conta o Sr. Feijóo é que darlle esta infraestrutura a unha UTE significa negociar con ela calquera cambio ou modificación que se queira facer ó longo de vinte ou trinta anos. Como tampouco nos conta que supón que non se pode facer o rescate cando un queira ou no prazo previsto co que isto pode significar e todos sabemos o que aconteceu nas estradas galegas que non se rescataron, prolongáronse e aínda os galegos e galegas estamos pagando o seu custo.

Tampouco conta que supón un custo engadido que se pode calcular nun 600% máis sobre o custo real das construcións. Tampouco que é un modelo de financiamento fracasado en países coma Inglaterra porque este é o modelo de financiamento da Sra. Thatcher e o que significa para a atención sanitaria son custos non asumibles para o noso país e que o van endebedar durante vinte ou trinta anos.

Por outra banda facer depender a viabilidade da infraestrutura da fórmula de financiamento é para nós unha falsidade que demostra unha vez máis que o acceso a unha atención hospitalaria en igualdade de condicións co resto do país da poboación da área metropolitana desta cidade non é prioritaria. Todos van ter hospitais públicos e nós imos ter un hospital nestas condicións.

O proxecto xa contou co rexeitamento da cidadanía viguesa que se manifestou o 29 de outubro cando milleiros de vigueses e viguesas defendemos un proxecto de hospital público tal e como ven defendendo o BNG no Parlamento de Galicia e neste Concello, tamén como se defendeu polo goberno bipartito daquela na Xunta de Galicia.

Por todo o antedito instamos ó Pleno da Corporación a reclamar da Xunta de Galicia que retome o proxecto de construción dun hospital público para Vigo nos termos que aparecen no Plan de Infraestruturas Sanitarias 2008-2013, garantindo que o investimento se fará con fondos públicos utilizando os mecanismos que a Lei de réxime financeiro-orzamentario de Galicia pon ó dispor da administración e incorporando o investimento preciso nas anualidades restantes para manter o prazo de posta en marcha de 2013.

Instar así mesmo á Xunta de Galicia a garantir o mantemento do emprego público para o persoal do SERGAS que presta o seu traballo nos centros hospitalarios públicos de Vigo en servizos que teñen previsto privatizar no novo hospital.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: O Grupo Socialista apoia a urxencia e todos os motivos que aconsellan presentar hoxe esta moción pola vía de urxencia. Compartimos tamén o

que se propón nos acordos a tomar por esta Corporación.

Lamentablemente aquí temos o exemplo máis claro de como a actual administración da Xunta de Galicia non cumpre os seus compromisos con esta cidade, non cumpre tampouco o pacto tomado no seu momento polo Presidente Feijóo co Alcalde desta cidade de transmitir toda a información referente ó futuro gran hospital da Área metropolitana de Vigo a este Concello coa maior urxencia.

Non nos gusta en absoluto o secretismo, que non manden a información que é absolutamente imprescindible para que este Concello estea informado e por iso engadimos ó presentado pola compañeira, Sra. Méndez, que expresamos enormes dúbidas respecto do alcance que supón eses servizos non sanitarios a privatizar e mentres non teñamos toda a información dubidamos moito de que iso non inflúa na calidade da sanidade que se vai prestar nese gran hospital e na calidade do que se chama estritamente servizos sanitarios.

Esperamos que a Xunta de Galicia modifique as súas posicións tanto no fondo do asunto como en transmitir información a este Concello porque se supón que é o que cabe agardar dun presidente da Xunta que ten uns compromisos con esta cidade e co seu Alcalde.

Agardaremos a ver toda esa información para fixar os puntos neste tema que non nos está empezando a gustar absolutamente nada.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, a efectos de ordenar o debate imos facer unha intervención única. Ten vostede dez minutos e rematará a propoñente con tres minutos.

SR. FIGUEROA VILA: Coido que nun tema desta importancia unha intervención única amosa que a vostedes non lles preocupa moito.

A PRESIDENCIA: Concédolle dúas intervencións. Era pola hora.

SR. FIGUEROA VILA: Esta moción amosa claramente a situación do goberno da cidade de Vigo na súa estratexia. A súa estratexia é a confrontación coa Xunta de Galicia, co Presidente Feijóo sobre todo nun tema de vital importancia para esta cidade.

O que a vostedes lles preocupa é ver no DOCE a licitación do hospital e ver publicado no DOG o plan de viabilidade. Eses son fundamentalmente os dous elementos que a

vostedes lles preocupan.

Preocúpalles que a Xunta de Galicia co Presidente Feijóo fose quen de estar licitando o hospital da cidade de Vigo en menos de oito meses de goberno, unha das obras máis demandadas por todos os veciños e veciñas desta cidade e da súa área metropolitana. Con vostedes durante catro anos só tivemos anuncios, ata seis presentacións, maquetas, propaganda nos medios de comunicación, desviación de fondos para gastos correntes, para o hospital de Lugo..., non foron quen nin de tramitar as consignacións orzamentarias que tiñan nos orzamentos da Xunta de Galicia.

Esa é a realidade e non outra. A realidade é que hai un Presidente da Xunta de Galicia que ten un compromiso firme coa cidade de Vigo e que a obra máis importante para esta cidade nos próximos anos a está a licitar. O problema que teñen vostedes é que o goberno do BNG e do PSOE na Xunta de Galicia foron dunha ineficacia manifesta, en catro anos non foron quen de licitar o hospital de Vigo. Iso é o que a vostedes os ten preocupados.

Sra. Méndez, que falen vostedes de privatización... Pódolles ler as privatizacións que en catro anos levaron a cabo vostedes na Xunta de Galicia. Sabe vostede o que é o Consorcio? Sogaerso? Seaga? O que son no Concello de Vigo empresas privadas para facer xestión en servizos sociais? Crece, Cidaia, Grupo Cinco, Emaus... Pero non só isto, teño a relación de todas as asistencias técnicas e privatizacións que fixeron vostedes na época do Sr. Pérez Castrillo, foron 54. Pódolle facilitar a quen queira a lista. Na época na que vostedes gobernaron na cidade de Vigo houbo 54 asistencias técnicas e privatizacións.

Non se pode estar calumniando, difamando e non dicindo a verdade permanentemente. Voulle ler o obxecto da licitación deste hospital para que a cidadanía se decate. O obxecto é: "Denominación do contrato establecido polo poder adjudicador. Contrato de concesión de duración de trinta anos cuxo obxecto inclúe a redacción do proxecto de execución de obra, execución e dirección de obra, dotación de equipamentos básicos, dotación de mobiliario xeral, explotación e mantemento da obra, xestión de servizos non sanitarios como limpeza, mantemento xeral, equipamento, desinfección, desratización, seguridade, vixilancia, subministración e xestión enerxética, central de abastecemento, tratamento de auga, reprografía e imprenta, conservación de vías, xardíns e outros". É dicir, a xestión sanitaria será integramente pública.

Que están facendo vostedes neste Concello? Quen fai a limpeza neste Concello? Quen fai o mantemento? Quen xestiona a auga, a limpeza e todos os contratos deste Concello que vostedes están a gobernar? Son empresas públicas? Non, o único que se está dicindo é que se fai a xestión con financiamento público-privado e logo a xestión sanitaria será integramente pública.

Ese discurso estano facendo vostedes decote pero me sorprende moito máis o Partido Socialista cando en Baleares anuncia a licitación para construción, conservación e explotación dun novo complexo asistencial en Ibiza e dos centros de saúde vinculados. Isto foi en agosto deste ano polo Partido Socialista co apoio dos nacionalistas en Baleares. Pero podemos ir Cataluña, a Baix Llobregat en Barcelona: “O novo hospital comarcal de Baix Llobregat se está a construír en réxime de construción e explotación dende o 29 de xullo de 2005. Está previsto o seu remate para o verán de 2009”.

Pero se imos moito máis aló, saben os documentos que vostedes, o goberno PSOE-BNG deixou na Xunta de Galicia? “Acordo básico pola saúde na área sanitaria de Vigo. D^a M^a Xosé Rubio, D. Xoán María Castro, secretario xeral do sindicato nacional de CC OO, D. Antolín Alcántara Álvarez, secretario xeral da Confederación Intersindical Galega, D. Antonio Fontenla Ramil, D. José Cidrás, vicerrector da Universidade e D. José Bernardo Silveira, conselleiro-delegado de Povisa”. Saben o que asinaron? Se non o teñen llo facilito pero foi: “O compromiso polo mantemento do emprego no sector sanitario da comarca de Vigo, tanto no ámbito público como no privado que presta asistencia concertada singularmente, do que poida resultar afectado polas modificacións operadas como consecuencia dun proceso de construción do novo hospital universitario de Vigo (como lle chamaban) reducindo os niveis de temporalidade...”

Se queren lles leo máis documentos: “Informe sobre a definición e viabilidade do modelo xurídico para o financiamento, construción e explotación dos centros hospitalarios por medio dunha sociedade mixta dende a perspectiva da desconsolidación orzamentaria”. Di que “as actividades relacionadas coa construción e explotación das novas infraestruturas sanitarias sexan asumidas por unha sociedade de economía mixta”. Pero hai máis: “No caso de que o ente sociedade pública se considere administración pública o endebedamento que a mesma asumise como consecuencia da operación proxectada tería incidencia sobre a necesidade de financiamento das administracións intervenientes. Nos devanditos supostos habería

que valorar á súa vez se os contratos que ditos entes realicen coas empresas do sector privado supoñen que deba ou non atribuírse a aqueles o risco da propiedade". Estes son documentos públicos que estaban nun caixón da Xunta de Galicia que a vostedes non lles deron pero que nós si temos. Esta é a situación que vostedes están a defender.

Vostedes utilizaron moitos medios de comunicación, moita infografía, mesmo di a prensa, que non nós, que o proxecto se ía iniciar no ano 2007. Estamos no ano 2010 e agora si que hai un presidente e un goberno da Xunta de Galicia que asume o compromiso coa cidade de Vigo. Iso é o que realmente a vostedes lles molesta, é o único problema, o único inconveniente que teñen vostedes.

Claro que a Xunta de Galicia adquiriu un compromiso co alcalde de Vigo: de licitar o hospital e está licitado, de a través dun plan sectorial asumir os alleamentos dos terreos e o custo dese alleamento. Está asumido. Agora o que se está a facer é construír un hospital e ademais cun proxecto funcional que era o que reclamaban os profesionais. Dicían vostedes que eran imposibles as 1.500 camas e por iso lles molesta que se vaian poñer en marcha 2.400 postos de traballos máis, que Vigo teña o hospital que necesita e que se demandou historicamente. Ese é o gran problema que vostedes teñen e que saben que ó longo deste ano van estar aí as máquinas traballando. Todo o demais está perfectamente cuberto, deseñado e programado para que esta cidade poida ter un hospital.

O verdadeiramente importante é que o hospital está licitado e que vostedes durante catro anos non foron quen de facer a xestión administrativa deste expediente.

Sra. Méndez, repítole que non me fale das privatizacións porque vostedes son líderes nelas. Cando vostedes non gobernan queren sector público, sempre o defenden. Pero cando gobernan non así e aí están os exemplos claros de todas as desfeitas e dos *chiringuitos* que montaron na Xunta de Galicia que coido que o sabe toda a cidadanía e non só os membros do Partido Popular, é vox populi, é comentario xeral. Canta xente colocaron en todos eses *chiringuitos* a dedo? Queren que lles dea nome de persoas vinculadas con vostedes? Non o vou facer.

O problema que teñen é que cando están na oposición din unha cousa e cando están no goberno fan todo o contrario e Con isto pasa exactamente igual.

Nós sentímonos moi satisfeitos de que a Xunta de Galicia sacara a licitación este hospital e de que se poida poñer en marcha o máis axiña porque é o que necesita esta cidade.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: O Sr. Figueroa púxomo en bandexa para lle poder desmontar todas as súas argumentacións, argumentacións que normalmente tentan que causen efecto na xente, argumentacións maioritariamente mentireiras que como xa lles resultaron efectivas unha vez, van seguir utilizándoas.

Preguntábame a que temos medo. Temos medo ó financiamento privado, ó prezo que vai pagar a cidadanía viguesa e a de toda a área metropolitana que van ver que durante trinta anos hai unha empresa que está a xestionar todos aqueles servizos que aínda que non son sanitarios repercuten directamente na calidade da sanidade. Iso é ó que lle temos medo porque será a cidadanía de Vigo, Sr. Figueroa, quen pagará unha xestión privada, imos pagar todos os vigueses e viguesas cos nosos impostos ó longo de vinte ou trinta anos e imos deixar endebedados sanitariamente ós nosos fillos e netos. Iso é o que nos preocupa.

Preocúpanos que vostedes van dar a construción do hospital a unha UTE de empresas a cambio dun canon anual que vai nas partidas de gasto corrente e se temos gasto corrente para pagar o novo hospital e para lles pagar ás empresas, de onde imos sacar o gasto corrente cando sexa necesario incrementalalo noutras partidas? Ou é que van seguir vostedes deixando sen fondos como están facendo á atención primaria? Porque iso é o que pretenden facer vostedes porque se aprobara un Plan de atención primaria que ía para a súa mellora e a primeira medida do goberno Feijóo en Sanidade foi tombar o Plan de mellora de atención primaria. Queren sacar recursos da atención primaria e doutra atención hospitalaria para pagar ás empresas privadas? Si, iso é o que pretenden vostedes.

Efectivamente, o Sr. Feijóo non licitou, o Sr. Figueroa está enganando nese aspecto. O hospital non está licitado, aínda está co Plan de Viabilidade que se vai poñer agora a exposición un mes, logo irán as empresas facer as súas ofertas, logo irá o expediente a Mesa de Contratación e cando suceda todo iso será a licitación, pero ó longo deste ano non imos ter licitado e non van estar iniciadas as obras en Beade e Valladares. Non minta porque a estas alturas está sen licitar e unha licitación de algo que vale 300 millóns de euros non se fai en tres días, o procedemento tense que publicar no Boletín da Comunidade Europea, teñen que participar empresas de todos os sitios e iso non o teremos ata o ano 2011.

O goberno bipartito si que tiña as cousas preparadas pero vostedes chegaron e botáronas abaixo porque nós cremos que a xestión ten que ser pública. Vostedes

atoparon todo feito: plan funcional, plan construtivo, proxecto, etc., e aproveitaron a oportunidade pero lle deron a volta; non co público senón privatizando. Pero non só atoparon iso feito, senón que gañaron as eleccións e atopáronse con todo practicamente feito; atopárono na Consellería de Educación, coma antes nos describía a Sra. López Atrio; logo atopárono feito en Benestar e, como ben me dicía a min o outro día a Sra. Xerente con quen tiveron unha entrevista, se lle ofertaron terreos para facer galescolas ou centros de día pero dixo que non os necesitaban, dixo literalmente: “Xa temos para toda a lexislatura”. Claro que xa os teñen, son os que deixou preparados o goberno bipartito, todo o que deixou feito a Xunta de Galicia. O centro de día da rúa O Grove leva un ano sen inaugurar, o de Valladares e a galescola remataranse ó longo de 2012 e parte de 2011; xa teñen a lexislatura cuberta. Quen fixo iso? Vostedes non. Atoparon todo feito en case todos os sitios e o que non lles interesaba devolvérono.

Sr. Figueroa, o BNG non privatiza, fai un consorcio con todos os concellos e ademais entraron todos os do Partido Popular porque lles resulta máis barato que as galescolas e os centros de día os constrúa a Xunta de Galicia; foron os primeiros en entrar. A primeira que entrou nese consorcio que tanto critican e di que era privatizado foi D^a Corina Porro de quen eu admito a súa intelixencia porque viu que era unha oportunidade e evidentemente aproveitouna como ten que facer calquera bo político. Iso é o consorcio e miren se lles foi ben que non o desmontaron, queren privatizar os servizos, non pagar a unha xente senón pagar ás súas empresas. Vostedes queren privatizar ese servizo e deterioralo.

O que vai pasar con Sogaserso é moi fácil. Desmontaron a sociedade montada pola Vicepresidencia e as dúas caixas de aforros e convértena en xestión pura e dura das caixas de aforros: Geriatros e Euxa. Quen dirixe Euxa? Un irmán do Sr. Feijóo. Iso é o que van facer vostedes coas residencias privadas. Nós temos aí unha parcela de 10.000 metros e aínda non foron vostedes quen de nos dicir de empezar a residencia. Non, vai ir as Salesas que é unha residencia dunha empresa que non ten nada que ver coa pública, que non deixa de ser dunha obra social pero é unha empresa coa que hai que concertar dende a Xunta. Antes non foi así, a realidade é que nós tiñamos Sogaserso.

Non nos fagan demagogia. Sabemos o que pasou noutros gobernos. Vostede falou de Baleares pero fíxese que Valencia, Sr. Figueroa, está na creba a nivel sanitario porque fixeron o mesmo modelo de financiamento que pretenden poñernos aquí, son os

últimos postos.

SR. FIGUEROA VILA: De verdade, Sra. Méndez, con todo o cariño que sabe que lle teño, respecto e boa relación, pero hai algunhas cuestións que hai que desmentir. O Sr. Feijóo ten unha soa irmá e polo tanto dicir que ten un irmán ó fronte de non sei que paréceme grave.

En segundo lugar, o tema das Salesas. Vostede foi quen votou o Plan Xeral, facilitou esa posibilidade a través dun documento que votou vostede e que nós non, así que asuman vostedes as responsabilidades e vexan se hai que facer ou non unha residencia. Vostedes asumiron esa cuestión.

Isto é algo máis importante. Vostede pensa que por seren público non o pagan os cidadáns. Entón eu non sei quen o paga, se o hospital é totalmente público pagarémolo todos a través dos nosos impostos. Segundo a súa teoría, se o fai a Xunta de Galicia co seu orzamento é gratis, se se saca a concurso e o fai unha empresa págano os cidadáns. Coido que ten aí un erro de concepto importante e fundamental porque ó final pagamos sempre os mesmos dun ou doutro xeito.

É certo que as administracións están pasando por dificultades e todas están acudindo a este sistema. Como vai construír o AVE o Sr. Blanco? Que lles está a dicir a todos os cidadáns? Como o vai facer? Que está facendo AENA que quere o mesmo? Que está facendo o Partido Socialista en Baleares? Que están facendo en Cataluña? Exactamente o mesmo. Estano facendo en todos os lados, non é un problema de cor política, é de xestión, de eficiencia e de tentar que os recursos públicos sexan dun ou doutro xeito mellor investidos en cada un dos proxectos.

Sra. Méndez, este sistema non o inventou a Xunta de Galicia, estase levando a cabo en todas as comunidades e por todas as administracións cando non hai cartos. Que fixemos nós en Vigo cando non tiñamos nin cartos nin orzamentos? Sacar seis aparcadoiros con custo cero para o erario público. Pero hai máis obras en marcha en Vigo co mesmo sistema, pasa o mesmo co pazo de congresos. Son continuos os exemplos pero vostedes están tentando entrar nun discurso errado, manipular e confundir á opinión pública porque lle están a dicir que non vai haber servizos, que o hospital vai ser privado.

O cidadán vai pagar exactamente igual o seu servizo sanitario e a xestión sanitaria vai ser integramente pública, o único é que o recinto, o complexo, a instalación farana unha empresa e en troques diso, evidentemente a administración terá que lle

pagar un canon pero será pola construción, non pola xestión do servizo sanitario, pola construción máis a explotación do que poden ser servizos como o de limpeza, calefacción, mantemento, etc. Iso xa se está facendo agora indirectamente porque na maioría dos novos hospitais os servizos están todos externalizados: os de limpeza, calefacción, mantemento. O único que estamos a dicir aquí é que a xestión sanitaria será integramente pública. Non hai máis cuestións.

O DOCE de data 26 de decembro de 2009 reflicte o inicio da tramitación da licitación do expediente. Por suposto que hai que licitar, facer o plan de viabilidade, un concurso público, que se teñen que presentar empresas, que logo haberá uns informes técnicos, que haberá que fallar esa proposta. Estoulle dicindo que antes de finalizar este ano haberá máquinas en Beade para o hospital.

Por suposto que hai un expediente administrativo aberto que non se fai todo da noite á mañá, non se adxudica a unha empresa por arte de maxia. Iso é evidente, pero de aí a que vostedes queiran confundir á opinión pública... Non vale facer ese discurso demagóxico porque ademais vostedes o tiñan contemplado, non é nada que esteamos a inventar porque se está a facer noutras administracións e noutras comunidades coa mesma ideoloxía que vostedes, que o Partido Socialista e ca o Partido Popular tamén.

O Sr. Blanco anunciou recentemente que como non tiña recursos económicos tamén ía acudir a este sistema para outras infraestruturas do AVE, aeroportos, etc. En Vigo xa se seguiu ese exemplo aínda que doutra maneira porque as piscinas da Florida e de Barreiro que van inaugurar vostedes, nós adxudicámolas con ese sistema de explotación de obra e concurso. Evidentemente que hai que pagar un canon pero é totalmente distinto do que din. Coido que está perfectamente claro e ademais a cidadanía veo ben porque senón teremos que acudir ó déficit e á débeda pública como lle está a pasar a este país porque nos estamos afogando.

Creo que deberíamos ter un discurso moito máis racional nun dos temas importantes para esta cidade e non tan demagóxico. No fondo vostedes saben que é certo o que estamos a dicir.

Repito novamente que a xestión sanitaria será integramente pública como ata agora. O único que se fai con financiamento público privado é a construción do edificio e lóxicamente cederase a explotación deses servizos que non son sanitarios e así o di perfectamente o apartado do “obxecto do contrato” publicado no DOCE.

Cada quen pode facer o discurso que queira pero non debemos enganar nun dos

temas máis importantes que ten esta cidade enriba da mesa. Como grupo político sentímonos moi orgullosos de que o Presidente Feijóo e o goberno da Xunta de Galicia dunha vez por todas cumpra coa súa palabra e coa palabra que lle deu ó alcalde de Vigo na xuntanza que tiveron de iniciar o expediente de licitación antes do remate do ano. Non coñezo as outras matizacións, se manda ou non documentación, esa é unha cuestión puramente administrativa entre técnicos, coido que nin o alcalde de Vigo nin o Presidente da Xunta de Galicia teñen que estar a iso. Supoño que eles terán que estar por riba desas cuestión e veren se os compromisos se cumpren. Non creo que ó Alcalde lle interese moito ver o expediente de formalización ou de pregos, supoño que non estará niso, supoño que terá os seus técnicos, os seus concelleiros e equipos e estou convencido de que se o alcalde chama á Xunta de Galicia ou a Xunta ve que o alcalde ten esa necesidade de información, ese é un problema única e exclusivamente de relacións institucionais e nada máis. É certo que algo pode quedar, que non se tramita ou que non se chama por teléfono pero me parece que mesturar isto cunha cuestión de debate de fondo é realmente grave. Coido que o alcalde de Vigo e o presidente da Xunta de Galicia deben de estar por riba desas miudezas, cuestións puntuais ou matizacións.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Non sei se lle chama miudeza o Sr. Figueroa a que haxa unha manifestación en Vigo de 10.000 persoas pedindo un hospital público; non sei se lle chama miudeza a que había moitos anos que non había unha manifestación en Vigo como a da Sanidade que levou 10.000 persoas. Sr. Figueroa, non é fácil enganar á cidadanía e nós nunca a pretendemos enganar.

Vostede mesmo se perdeu agora mesmo pola boca porque falou de explotación dos centros. A sanidade pública non explota, xestiona. Hai que falar de xestión e non de explotación. O que fai precisamente a empresa privada é sacar beneficios e explotar. Evidentemente eses beneficios de trinta anos, se nós queremos rescatar a concesión iso vai significar un 600% máis de custos e diso xa hai precedentes en Valencia.

Se de algo me prezo e de ter lido bastante sobre o PIB e sobre todos os documentos que hai a respecto da sanidade en Inglaterra ou en Madrid onde fixeron sete hospitais por este método. Ocupan o segundo lugar pola cola e ademais agora hai tal diferenza entre a xente que está atendida nos hospitais públicos e entre a que está atendida por hospitais xestionados por PIB, que está saíndo un día tras outro na prensa. Tamén ó principio non privatizaron a xestión sanitaria, só se privatizaron os

servizos pero despois se empezou a privatizar máis, en primeiro lugar o laboratorio, logo radioloxía porque a facía unha empresa que xa non estaba situada no centro, e así sucesivamente.

Di que se van gañar 2.400 postos de traballo. Non señor, o que esperamos é que nos imos trasladar as persoas que traballamos no ámbito sanitario ó novo hospital. Non se van gañar postos, en todo caso uns poucos máis porque os demais o que facemos é trasladarnos do Hospital Xeral, Nicolás Peña, etc., para os postos de traballo que se van xerar alí. Non se crean postos, pérdense, pérdese calidade de postos. Vostedes din que xa están externalizados pero non é o mesmo externalización que privatización, non confundamos porque coa privatización non hai maneira de esixir e coa externalización si que a tes.

Na central do Hospital Xeral de Vigo traballa xente do SERGAS de toda a vida, son as miñas compañeiras; os do mantemento son os de toda a vida do Hospital Xeral, persoal do SERGAS; os do transporte interno e externo, non ven por aí as furgonetas? Son persoal do SERGAS. Segue habendo reprografía e imprenta no Hospital Xeral. Que van facer con eses traballadores que son do SERGAS se isto pasa a xestión privada? Xubilánnos? Todo isto haillo que contar á xente e ós traballadores. Hai que dicir a verdade.

Non é certo todo o que están a dicir a respecto da comparación entre o AVE e a sanidade pública. O AVE non é a sanidade pública, no AVE non se trata coa vida das persoas, na sanidade pública si. A educación e a sanidade pública son servizos que deben ser públicos e non privados coma é a filosofía do Partido Popular.

Como sempre menten non quero entrar no tema das privatizacións que se fixeron neste Concello porque a xente, a cidadanía de Vigo saberá xulgar, saberá o que é certo e o que é mentira.

(Están ausentes o Sr. González Sagarra e a Sra. Larriba Leira do Grupo Popular).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por

real decreto 2568/86, do 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e once votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, relativa á construción do novo hospital de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

15.- (15).- ROGOS E PREGUNTAS.

* PREGUNTA DO SR. FIDALGO IGLESIAS EN RELACIÓN COA REALIZACIÓN DA XUNTANZA ACORDADA COS VECIÑOS DE TEIS AFECTADOS POLO AVE.

INTERVENCIÓN DO SR. FIDALGO IGLESIAS: No Pleno do mes de novembro falouse do problema grave que ten a Asociación de afectados polo AVE en Teis e acordouse por unanimidade organizar unha reunión entre as tres partes implicadas, Concello, Fomento e afectados, para resolver este problema. Informáronnos de que non se fixo esa reunión. Queremos saber por que e cando se vai producir.

A PRESIDENCIA: Seguimos tratando de conseguir esa reunión que polo de agora non tivo lugar. Estamos en contacto con Fomento, coa Subdirección Xeral responsable desa área, estamos en contacto cos afectados e estamos tratando que se realice esa reunión que, como vostede comprenderá, non é unha decisión exclusiva nosa, é de máis axentes. Estamos dedicados non só a conseguir a reunión, senón a resolver o problema de fondo.

* PREGUNTA DO VOCEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. FIGUEROA VILA, EN RELACIÓN CO CONVENIO ASINADO POLA ALCALDÍA RELATIVO A RUTAS AÉREAS.

SR. FIGUEROA VILA: Gustaríame saber o seu posicionamento sobre un tema importante, ben por escrito o como fose.

Quérolle agradecer ó Ministerio de Fomento que o sábado invitase á oposición de Vigo a unha sinatura dun convenio co Comité de Rutas Aéreas. Nós apoiamos esa proposta e o alcalde de Vigo asinou ese acordo pero o que nos sorprende é que hoxe nalgúns medios de comunicación aparece que o alcalde se desmarca dese acordo.

Queríamos saber se ese posicionamento é certo, se é un erro, se non se informou ben, se o alcalde está ou non de acordo co que firmou porque nos parece un tema importante.

Queremos saber o posicionamento do alcalde nun tema que nós apoiamos na liña do que asinou o sábado, pero se lemos outra cousa nos desconcerta un pouco. Só queremos saber iso.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, debe vostede preguntarlle ó xornal que escribe iso porque se vostede o le ben atoparase que non hai nada entre comiñas porque non houbo ningunha declaración a ningún xornal que non sexa como está constatado as que fixen oralmente a algunha emisora de radio apoiando, como non pode ser doutro xeito, o texto, o convenio, a firma e con entusiasmo os investimentos do Ministerio de Fomento neste Concello.

Non adoito manifestarme en función do que digan os xornais, pero si lle reitero o apoio total á sinatura que fixemos de forma colectiva porque coido que é unha gran decisión.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás quince horas e trinta e seis minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

S. Ordinaria 25.01.10

kv.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña.